

Anexo I

Entrevistas

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
ENTREVISTA A XISCO FEIJÓO. 19/02/2021 - (VIDEOCONFERENCIA – VIGO)	7
ENTREVISTA A FELISA SEGADE. 20/02/2021 - (VIDEOCONFERENCIA – SANTIAGO DE COMPOSTELA).....	35
ENTREVISTA A FRANSY GONZÁLEZ. 21/07/2021 - ARTEIXO	57
ENTREVISTA A MARÍA VIDAL. 27/7/2021 – PONTEVEDRA	73
ENTREVISTA A OLGA KIRK. 04/08/2021 – A CORUÑA	89
ENTREVISTA A SIRA PAZ GUERRA. 19/08/2021 - LIÑARES	101
ENTREVISTA XELA CONDE. 23/12/2021 – (VIDEOCONFERENCIA – VIGO).....	113
ENTREVISTA A OLGUITA VÁZQUEZ. 20/01/2022 - LIÑARES	119
ENTREVISTA A ORESTINA JUSTO. 20/01/2022 - LIÑARES	127
ENTREVISTA A SIRA PAZ GUERRA. 20/01/2022 - LIÑARES	131

INTRODUCCIÓN

A continuación damos conta das transcricións das entrevistas realizadas. Tal e como indicamos na metodoloxía, temos realizado dous tipos de entrevistas semiestruturadas: historia oral e entrevista en profundidade, dependendo da tipoloxía de informante á que foron dirixidas.

Deste xeito, tamén se pode apreciar que, mentres que nas entrevistas realizadas a profesionais do sector a entrevistadora foi a investigadora, no caso das informantes de Liñares aparecen, na meirande parte dos casos, como entrevistadores/as os diferentes integrantes do grupo de traballo (Ar: Artur P.; Al: Álvaro C.; e C: Carme L.).

Para a presentación das transcricións seguimos a orde cronolóxica segundo se foron desenvolvemento ao longo do tempo.

ENTREVISTA A XISCO FELJÓO. 19/02/2021 - (VIDEOCONFERENCIA – VIGO)

O primeiro que quería tratar é sobre as recollidas, xa que non hai referencias bibliográficas acerca do tema. Para comezar pódeme propoñer unha definición ou que é o que consideras ti que é unha recollida, ou que foi unha recollida. Máis despois que me fagas unha contextualización persoal: en que datas comezaches recoller, contexto xeográfico, etc.

Propóñoche dúas vertentes, primeiro a definición de recollida como traballo de campo non son eu quen a ten que definir porque está máis que definida nos tratados de etnografía, etnomusicoloxía, etc. e eres coñecedora deles: o que sería un bo traballo de campo coas súas fichas, cunha metodoloxía, etc.

Outra cousa é como eu a vivise e o que significou para min. O que significou para min, nun inicio, foi directamente unha paixón cando descubrín todo isto, porque eu participaba da música tradicional e incluso do baile tradicional, aínda que *todavía* non era bailador sendo adolescente; eu vía bailar porque era gaitero dunha agrupación pero interpretaba aquela situación toda como algo que eu situaría, polo meu descoñecemento, dende o Medioevo ata un pouquiño máis adiante, ata o renacementismo, non sei, era algo como quen está a falar dunha antigüidade, coma quen fala dos romanos.

Sen embargo, cando chegou a etapa dos 17 anos, máis ou menos, apareceron grupos que estaban de voga daquela como eran Leilía, ou a propia Mercedes Peón. Daquela saíran uns *cassettes* de cromo, que creo que eran da *Voz de Galicia*, nas cales saían certas cousas populares ás veces: os gaiteros de *cual*, e nunha saíu Mercedes Peón cantando cousas maravillosas, e noutra saíra Leilía con catro temas maravillosos, previo a que elas sacaran un disco.

Sendo *conocedores deso* e, máis ou menos investigando... eu tiña uns compañeiros, moi bos compañeiros do grupo no que militaba, que era Lembranzas Galegas de Vigo, que un deles é Luis Prego, *conocidísimo*, mestre de mestres. E así puxémonos a escudriñar, eu, activamente con el, pero case por mor del, porque era maior ca min e era, digamos, un pouco a luz e guía de todo *esto*, en cancioneros como o de Casto Sampedro, vendo o apartado de baile. Non entendiamos nada, pero eso levounos despois a ver outro cancionero como podería ser o de Dorothe Schubarth, que

entendiamos moito menos, pero a parte literaria, de cantigas e todo *esto, entendiamolo* e aqueles os enunciados e cabeceiras que puñan de “Marisela Souto. Labradora, 18 anos, A Casiña, Cuntis “ pois claro, nos botabamos contas e *deciamos*: esta muller gravounas en tal época, tiña 18 anos, agora a señora ten 65.

Isto foi unha paixón brutal, de repente descubrir que aquilo non era dunha época situada no “Nombre de la Rosa”. *Entonces* claro, agarrábase un coche, daquela era o coche do propio Luis Prego, recordo un Renault 5 branco, cos seus *defectillos*, xa moi gastado, tiña algún burato que entraba a chuvia polo chan, a chuvia reflectida dende o asfalto. E así acabábase en calquera aldea, a principios dos 90, con xente relativamente nova, visto dende o noso punto de vista, xente de 50 anos daquela, 45, 50 anos, aprendera a bailar, tocar a pandeireta, cantar, ser gaitero... da maneira máis antiga e máis real posible, máis que antiga, máis real, a da comunicación oral, de bisavós a avós, a pais e a fillos e non foron a unha escola nunca, porque non tiveron esa oportunidade, nos seus concellos iso non existía cando eran *críos*. E, imaxínate, se tiñan 45-50 anos, as súas nais e súas avoas, que estaban vivas, xente de 90...

Foi unha paixón pero si é certo que esta paixón derivouse perniciosamente, un pouco, porque enseguida empezamos a ter un colectivo nos que lle empezamos a chamar “O Fiadeiro”, xa daquela, que eramos seis *personas*, había que levar dous coches porque eramos seis. Así que imaxínate, queríamos poñer en práctica, o amago de facer un grupo novo de recuperación e, digamos, de representación o máis real posible do que atopabamos.

Entón aquilo derivou perniciosamente, aquela paixón foi un pouquiño invadida pola parte de *búsqueda* de repertorio novo, porque aquilo era todo inédito. Eu era gaitero e xa fora gaitero de grandes grupos, incluso militaba nalgún grupo que era de renome e xa tiña algunha discografía. E de repente atopabas unhas cousas, unhas melodías, que aquilo dicías tu: mamá! E uns xeitos de tocar... E logo, a partir de ahí bailar, que eu non sabía bailar pero, *bueno*, sabía poñerme nunha esquina. E aquilo era brutal: chegar a unha aldea como Imende, á unha e media da madrugada porque saíamos de Vigo ás 12, que un compañeiro daba clases de baile de salón, e chegar dúas horas máis tarde á Costa da Morte e que estiveran toda unha aldea máis a aldea do lado cenando no bar do *pueblo* e bailando ata as 7 da mañá. Un baile no que habían 50 parellas mínimo, e *cuarenta* parellas de pandereteiras diferentes, porque cantaban de

dúas en dúas, veciñas de aldea. Aquello, pensado hoxe en día, foi a sorte máis grande que puideron vivir, foi a universidade mellor que *puideron* levar, se *esto* se traducir en máster, non hai máster escrito para ver tantas horas de traballo.

Pero si é certo que cada vez que *salía* unha melodía bonita, o primeiro que pensabas era: ai, dios mío, *esto* vai quedar *guai* para o grupo. Non lle estou a quitar mérito, porque sei que nos, e podo poñer a man no lume, de min o podo poñer no lume, de Luis Prego é irrefutable, indescribible e innegable que a primeira paixón era o absoluto amor polo que estaba acontecendo e a recuperación. De feito había unha frase entre nos, que nos mirabamos, e emocionados, con bágoas nos ollos, *decíamos*: *Díos mío, esto* morre! Estamos vivindo os últimos estertores, porque vimos un sábado a noite a sabe dios *donde*, atopar algo así que *esto* onde vivimos nos non existe en ningunha esquina, pero cando digo en ningunha esquina é en ningunha esquina. Non o víamos nunca, nin aínda que foras ao San *Blas* máis profundo, e hoxe en día, hoxe en día está todo o mundo bailando polas esquinas.

Xa me contache un pouco sobre as motivacións das primeiras recollidas, quería que me falaras das recollidas dos anos 90 especialmente dos medios, é dicir, como as organizabades, que medios utilizabades, etc.

Pois é bastante fácil, os equipos de traballo levaban unha dirección clara, que naquel momento, ao principio de todo, no ano 91, 92, non me quero equivocar, igual era 92 e non 91 pero *bueno*, rondaba principios dos 90. Era unha dirección ben clara e moi ben dirixida por Luis Prego. Si é certo que enseguida nacían as personalidades diferentes, quero *decir*, dentro do equipo de traballo que era, que non lle chamabamos equipo de traballo, para nos era ocio, cando alguén ía facer sendeirismo e cando alguén outro decidía cos seus colegas quedar para facer un botellón, que xa os había daquela, non é cousa de hoxe en día. Aquí no Castro en Vigo inzábase de coches co maletreiro aberto... eu asistín a algún... pois para nos a nosa paixón era *eso*, porque tamén tiñamos unha parte de convivencia marabillosa. Estabamos cos vellos, traballamos e tal, pero logo tiñamos unha casa rural para pasar a fin de semana e, *bueno*, desfrutar, ir a praia, ir ás discotecas a Carballo ou en calquera outro sitio, non? Iso non faltaba pero sempre había a motivación de primeiro ir a buscar *esto*.

Quérome referir a que este grupo de traballo non tiña unhas obrigas, os que montabamos naquel coche, naqueles dous coches, *ibamos* como un grupo de colegas a

pasalo ben. Si é certo que a figura de Luis Prego tiñámola e quero *ensalzala* como un gran traballador, un gran apaixonado e un gran guía. Si é certo que eran outros tempos un pouco máis complexos nos cales tacitamente el era o *jefe* e non o era, *entonces* podía xurdir calquera motín se el se pasaba un pouco esixindo, non?

O máis bonito de todo e unha das anécdotas das primeiras recollidas que fixemos, Beatriz Magán, Bea Magán, unha grandísima bailadora de Lembranzas Galegas pero que logo foi das primeiras bailadoras e máis afamadas en Galicia, digo porque o seu nome *todavía resona*. Bea, Biti lle chamaban, que era a muller de Vicente, tiña un “súper oito”. Un “súper oito” de bobina, cun foco que se levaba ao lado que cegaba a, vamos, cegaba aos mouchos, aquilo metía medo. E con *eso* empezabamos a facer as primeiras recollidas, con un “súper oito” que aquilo tiña unha duración limitadísima, unhas cintas carísimas, e aínda encima non tiñan *sonido*. Nos *ibamos* co “súper oito” e unha gravadora ao lado, e sete gravadoras para poñer diante da boca da xente que cantaba. *Osea*, uns medios... e conseguíamos cousas, e conseguíamos facelo.

Eu síntome moi orgulloso porque nos nunca fomos de safari. Entendendo ir de safari, que lle chamo eu, á xente que vai desde fora a ver “*eses animalitos que pululan por allí que son de otra época, de otra era... da natureza*”. Nos *ibamos* con amigos, eu tiven verdadeiros amigos, xente que me ensinou a bailar, eu aprendín a bailar alí, por exemplo en Imende aprendín a bailar, Dorinda collíame para bailar e sempre me collía a min, eu non tiña nin *puñetera* idea, non lle pillaba un punto de maneo, e de punteada moito menos, *bueno* a punteada collina antes porque era máis muiñeira e tal. Pero un loucura, eh, e ela *decíame*, era unha muller así baixiña, un pouco *horonda* pero sen ser gorda, e tiña moito peito, e aquelas mulleres de antes que tiñan moito peito poñían aqueles *sujetadores* de tanque, sabes? Así moi tal. E claro o seu peito, e encima ao ser grande e estaba aquí de diante, e ela púñase a bailar comigo cos brazos moi estirados, estiraba moitísimo os brazos e tiña un xeitazo... *volaba* no chan, de verdade, que tiña un xeito que voaba no chan e *decíame*: tu mírame aquí, mírame aquí, no peito, non? E eu claro, ás veces, ao principio cortábame. Pois dito e feito, *enseñoume* a bailar, *enseñoume* a ler o corpo e a non esperar a que alguén faga un punto. Eu hoxe en día vou a unha foliada, alguén saca un punto e eu sácoo con el, eu vou bailando ao mesmo tempo que el, eu non espero a velo, e *esto enseñoume* Dorinda: Por que te paras? Que facedes os novos parados e non bailar? Pero mírame aquí, se con *esto* te falo todo... *Bueno*, unha mestra brutal.

Sei que salto, logo xa ordenarás tu...de mil cousas, pero tamén hai que intentar entender que daquel tempo nos estabamos *sobrepassados*. *Sobrepassados* no sentido que, realmente, cando a xente pensa que nos *fumos* e pasamos traxedias, á chuvia, e pasamos camiño con lama, e petamos en porta que nos deron nas narices... hai lendas urbanas que falan de: a min botáronme os cans, a min pedíronme cartos... a min nunca me pasou nada máis que unha porta aberta e pasade pa' dentro e *daquí*, de casa para dentro todo son camas e comedes aquí, cenades aquí e quedade ata o martes se podedes, e senón o *miércoles*. Esta é a miña experiencia.

Dentro deste equipo de traballo, que non era un equipo organizado, xa digo, sempre había a persoa que, sendo moi boa bailadora, estou pensando nunha en concreto pero non che vou dicir o nome, sendo moi boa bailadora si é certo que o carácter era como máis reservado e non era mobilizadora de masas, non sei si me entendes. *Entonces* ela bailaba e tal, mentres outra por exemplo agarraba e gravaba como podía, sen ser asistente de cámara, *sin* saber como facer aquilo, de feito hai moitas gravacións que apuntan só aos pes, outras que lle dan a gravar xusto cando vamos camiñando e cando había que gravar están en *pause*, non sei si me entendes. *Bueno*, porque non tiñan *puñetera* idea e encima os medios técnicos daquela non eran algo usual. Eu a tecnoloxía máis grande que tiña para poder transportar directamente lle chamaba eu o MP1... o MP1 era a gravadora de *casette* e así, fora diso non sei... a primeira cámara que nos chegou a nos como equipo de traballo, chegoume a min porque meu irmán, que é oficial da armada, foi a dar a volta o mundo no “Juan Sabastián el Cano” en un lugar atopou unha “sony” última *generación*, e trouxo... *bueno*, non vexas eu con 19 anos o que *flipei* cando me trouxo aquel bicho para poder ir eu de recollida, *bueno* foi o *boom* histórico. E así hai tamén as recollidas que hai no noso equipo desa calidade gracias a esa cámara, que meu irmán pensou en min, sendo oficial da armada.

Pero non eramos técnicos, *entonces* hai... non eramos fotógrafos nin tiñamos carreira de etnomusicoloxía nin nada, entón *dedicábamonos* ao que nos pedía o corazón: a gravar aquilo, a gravar... si é certo que nos nunca interrogamos, nunca *fumos* de safari, si unha *persona* nos falaba dunha prima que tiña en Vigo e xa a coñecíamos porque traballaba na Citroën, nos escoitábamos e incluso gravabamos. E se unha *persona* nos cantaba cousas de Estrellita Castro ou Carlos Gardel nos lle *decíamos*: que marabilla, e gravábamolo tamén. E as conversas... eu síntome moi orgulloso *deso*, tamén *eso* ten un resultado en que a xente nos respondese. Eu, particularmente, igual

que Luis Prego... eu con el, este foi un pouco o choque quizá, un pouco, por *decir* algo... e que eu era moi mobilizador de masas. Eu unha *persona* que non lle cantara a ninguén, nin a xente de Xacarandaina... a min cantábame, bailábame, tocábame... *sin* eu forzar nada... polo meu carácter, non sei... entón tiven moita *suerte* e fixemos un equipo de traballo *muy, muy* bonito, *muy* lindo.

Despois, con todo este material que conseguíades nas visitas, despois faciades algún tipo de análise de resultado, de compilación ou algo así?

Dentro do noso equipo de traballo existía xente que era máis dada a *eso*, por exemplo Luis Prego é un tipo que é moito máis constante ca min e *esto* non é... *esto* é unha obviedade. Cada un tamén ten o seu, eu serei outras cousas. Eu sempre fun de clasificado: eu gravei, eu estiven... eu enseguida deixei de gravar. Eu levaba a miña cámara, eu compraba as cintas do meu *bolsillo*, eu, sabes?, porque moitas veces era así. Nin sequera se facía un escote, facíase un escote pa' gasolina ou para ir de comida ou o que fora. Pero eu por exemplo daquela xa daba clases en catro ou cinco sitios, podíamos permitir e as cintas de "DVCam" comprábaas eu, non tiña ningún problema, e despois *facíamoslle* copias para os colegas ou...

Eu enseguida esquecía esa parte, sempre esquecía esa parte... o arquivo esta ahí, e o arquivo está para que eu o consultara, eu sabía no momento, eu ía ao minuto 50 e *decía*: mira si, aquí aparece Mercedes e acórdome daquel día que estaba na panadería e, tal, e nos toca cunha lata de sardiñas porque como estaba de loito non podía cunha *pandereta*. E acórdome de todo *esto entonces* vou e extraio o que quero extraer para as miñas clases, para os meus resultados, para a miña vida... pero eu si que nunca, nunca, nin quixen, nin me levou a idea poñerme a facer cortes, estudos, *análisis*, partituras e demais, que ti o sabes, creo que *eso* ten que facelo xente formada.

Luis, que é un rapaz moi formado, si fai cortes maravillosos que os vai colgando en *Facebook*, na páxina esta marabillosa de "música e baile da Galiza", e digamos que a el tamén lle *enrolla* máis, *eso*, pasarse catro horas diante dun ordenador e facer. A min non me *enrolla* nada, e como *esto* é unha cuestión de vontades, porque foi así e me encantaría que seguise sendo así o resto da miña vida. E que non sexa unha obriga coller de repente un arquivo, eu... me encantaría que alguén, e cho teño dito a ti, díxenllo a Julia Feixóo, facede todo o que poidades, tedes todo a disposición e facédeme as entrevistas que queirades, que é interesante porque eu vos vou a dar datos desa xente

que vos non *vivístedes*. Pero eu non o quero facer, nin teño a formación nin musical, nin musicolóxica para poder facelo, e creo que estamos no tempo de que toda esa cousa que vos non podeades vivir porque esa xente falta, esa xente morreu... pois que salga á luz, pero que salga á luz con estudos serios, moi serios. E que sexan serios en todo: serios na técnica, serios no teórico e serios na *vivenza*, e para *eso* eu ofrézome totalmente.

Desde que comezaches a facer recollidas a comezos dos 90.... anos despois viches algún tipo de evolución? xa me contabas un pouco que de esa paixón inicial pasou un pouco a busca de repertorio. E supoño que algún tipo de cambio coa melloran dos medios... en facilidades tanto en transporte como no método de gravación...

Si, si, por suposto porque normalmente coa tecnoloxía... nos evidentemente, te metes nun mundo, que aínda que eu insisto: non son *muy, muy, muy, pro* deso. Sempre tes xente ao lado que enseguida pois... aparéceche con: mira eu compreime... como Miguel Souto por exemplo: compreime esta cámara. Ou daquela Leni, Leni Pérez: compreime esta gravadora xa, que non é de cinta... e copráralle un micro marabilloso. Todo isto tecnoloxicamente foi absolutamente mellorando.

Eu teño que contar que nada do que utilizabamos daquela ten mellor micrófono de gravación ou de imaxe que un *iphone* de hoxe en día. Cun *iphone* de hoxe en día podes facer unhas cousas “que lo flipas”. De feito eu teño cousas de hai un ano, porque aínda que xa non teño tempo para ir a propósito como *iba* antes, si me acontecen cousas porque ando neses ambientes, e eu non me corto un duro e quedo a tarde seguinte coa señora e gravo unhas cousas marabillosas .

Daquela si que *existeu* una evolución porque aquilo de buscar repertorio tamén se converteu... non anulou ao anterior. O que se converteu en algo, de repente como unha loucura, como un *éxtasis*, como unha excitación brutal para ter un repertorio novo. Pero o que me parece máis marabilloso de todo *esto*, e que me dou de contra agora, é que a paixón por recuperar e polo amor ó noso non se perdera, simplemente aparecera outra paixón paralela que parecía que dominaba á primeira. E esa paixón foi a que nos levou a tantísimos anos de recollida, a recuperar, a preocuparnos de intentar facer gravacións moitísimo mellores, a repetir... a empezar a repetir os lugares... que o fixemos. Ese foi un aprendizaxe moi bo de Luis Prego: de non fai falta ir a 700 millóns de sitios en Galicia, é millor ir a 70 e ir varias veces, e coller confianza... porque unha

persona cando ten confianza en ti, se convirte na túa amiga e se sente relaxada, de *verdá* si dá o que de *verdá* que ten dentro. E creo que nós temos gravacións maravillosas en ese sentido, por exemplo en casa de Rosa e Aida Garrido Casqueiro de Moscoso... E que eu teño 12 anos de gravación, son doce anos da miña vida de ir á súa casa, de quedarme alí a durmir, de ir facelo pan de millo, de gravalas mentras cosían para algunha macro empresa puños de camisa, e mentras estaban cosendo, cantándome cousas... Non sei creo que son gravacións absolutamente especiais, porque eran momentos especiais con persoas especiais.

Para pechar xa o tema das recollidas, se queres facer algún tipo de conclusión persoal, aínda que xa me fuches contando... Valoración do fenómeno, de como foi evolucionando... Ou algo do que xa me contache un pouco, de como se usaron todos eses materiais que se conseguiron .

Si, mira, eu a valoración que fago sobre todo falo moito da... vou ser un pouquiño territorialista neste sentido, non nacionalista nin.... Pero si localista, porque, como ben sabes, eu traballo nunha escola de música tradicional etc. etc. E xa sabes como se chama etc. etc. [E-trad] Pero si é certo que vivimos nunha zona de Galicia en donde, de repente, en este tipo de movemento cultural, folk e tal, sempre foi algo apartada. Nos en Vigo sempre dicimos que vivimos demasiado o sur de Galicia e demasiado ao norte de España .

E, sen embargo, é unha zona que sempre foi, pero desde sempre, e *esto* está datado, non o digo eu... moi, moi produtiva en música tradicional. Os grandísimos grupos de gaitas, a evolución da percusión cos grupos de gaitas, que non hai cousa coma ela nas Rías Baixas, *eso* é algo obvio, *bueno* cuns arranxos percutivos... *Estos* últimos grupos derivados daqueles, “Noitarega”, por exemplo, ou un “Muxicas”, madia leva!

Todo *esto* para contarche que si é certo que en todo o que era o fenómeno das recollidas, nos daquela nos sentíamos moi abandonados, porque ninguén nas institucións lle daba valor a *eso*.

Hubo unha vez, miña nai díxome unha anécdota e nese momento entendino, entendín cousas. Eu estaba tolo polas antigüedades, estaba tolo por conseguir unha *sábana* de liño e por ver un mandil *antigüo* nun baúl, era así, e por ver unha señora cantando cunha pandeireta. Miña nai que era unha señora de cidade, que vivía nun

barrio de cidade, cun poder adquisitivo medio bastante aceptable, era unha señora moderna, de ir á *peluquería* tódalas semanas, por que era así, miña mamá, marabillosa. Pois contoume que cando era rapaciña ela vivía nunha casa d'aldea *donde a metade* das casas eran de tellado, de teito de colmo, de palla, nunha aldea ouresá, no concello de Boborás, O Penedo.

E ela *planchaba* sendo nena, con menos de oito anos *planchaba* as cousas da casa cunha prancha de ferro que utilizaba carbón. Aquelas *planchas* que logo utilizamos nos para as decoracións. E eu daquela *decía*: *planchas* de ferro! Entón eu interrogábaa moitísimo a miña mamá: *mama* na aldea non haberá *planchas*? *Mamá* na aldea non haberá mantas de tear? *Mamá*, na aldea os *bisabuelos* non terán roupa daquela, unha raxeta ou uns zocos? Consegúin moitas cousas *dalí*. Pero un día miña nai paroume e díxome: *Javieriño*, eu que vivín *eso*, o día que veu unha *plancha* eléctrica, foron as *planchas* de ferro para a horta e non as quixen ver mais.

Entón, cando tu tes todo tan... cando todo é tan diario, cando todo está tan aquí..non lle das importancia. Mesmo nos, que nos dedicamos á música tradicional fomos grandes recolledores do que se estaba a perder: muiñeiras vellas da Costa da Morte, cousas das polavilas da Fonsagrada... pero morren tódolos cantos de taberna, e non lle demos importancia porque os vivimos, para nos era normal ir a tomar un viño, aquí ao barrio de san Xoán de Monte, e ver aqueles vellos de 80 anos cantando a catro voces, mariñeiros, que *eso* non o volvemos a ver na vida, xa cho digo. E nunca me levou idea, e *eso* facíao meu pai, facíao eu con miña *abuela*, non sei si me entendes.

Entón dende as institucións, que non as estou desculpando, víanos como algo, pff... como que me estás contando? Sabes? Creo que estamos nun momento no que as institucións, creo que queren e van a empezar a intentar... vanse topar con arquivos *muy* caóticos, porque son arquivos de persoas, igual que nos. E que nos vivimos unha época, Carme, que nos *ibamos* de recollida e sen querelo nunha aldea en Piñeira do Caurel atopabámonos cun grupo de traballo de "Xacarandaina", daquela pois era o propio Xabier Díaz, por exemplo, e pasamos a fin de semana xuntos, nevounos, quedamos encerrados, bebendo un viños alí. Imaxinate os grupos de traballo que había de agrupacións: de "Cantigas", de "Xacarandaina", de "Iar" de... facendo traballos de investigación que nos topabamos nunha aldea sen saber que *ibamos*.

Eu con Mercedes Peón unha vez nunha labrada en Toutón, e para que me entendas, *entonces* digamos que *sin* ser algo exclusivo que fixera eu, si hai centos e centos de arquivos *aficionados*, que *sean* aproveitables na medida que *sean* aproveitables, pero moito máis que habelo perdido. E *esto* e algo que é fundamental, están ahí.

Si teño que *decir* que dentro do noso sector e no Sul, así como fomos grandes transgresores da evolución da musica tradicional... Vouche falar de grandes cuartetos de gaitas...tamén fomos os primeiros en ser abertos en todo isto, *muy, muy* abertos... ti o sabes, o meu arquivo persoal, o groso do meu arquivo que se dixitalizou no seu momento, que hai mais cousas porque era máis complexo para dixitalizar... pero aquel primeiro eu perdinlle a conta de nas casas nas que debe de estar, e da xente que hai vivindo del, da xente que hai vivindo, porque sempre foi aberto, primeiro foi centralizado no “Fiadeiro”, e cada monitor do “Fiadeiro”, só por ser monitor do “Fiadeiro” tiña acceso a el. E eu gravaba todo, e esa xente logo marchou do “Fiadeiro”, *generou* outra asociación e utilizou ese material, e eu feliz.

Vamos a pasar a falar de outro punto diferente, que sería para falar da situación actual da música tradicional, entón o primeiro apartado é como enfrontar a relevancia de estudos académicos e publicacións, ese apartado que eu xa teño traballado porque son as referencias bibliográficas ás que pode acceder... contra o traballo que se fai en aulas, nas escolas, que eu considera que é moi importante, é o piar da situación actual da música tradicional pero que obviamente non temos publicacións que nos falen sobre eso.

Vamos por partes, pero teño que facer unha reflexión inicial, para min hai un erro de concepto, para min, o mellor, espero que me corrixa que tu tes moita mais formación ca min. A min non me gusta nunca, empeza a non gustarme nada, quero *decir*, non é que non me guste, a ver, digo que non... vexo a típica preguntar que é tan desacertada a pregunta, que ten difícil resposta, como é a situación da musica tradicional hoxe en día? Vamos a establecernos ben primeiro, que e tradicional, que non é tradicional? eu falaríache da música popular, da nosa música popular... pero tradicional, *cuidao*, tradicional son certas cousas que, que, *eso* esta datado nos libros, *eso* esta datado nos libros, aquilo que ten ritual, estamos falando das danzas brancas,

estamos falando dunha muiñeira vella, e estamos falando dunhas filloas de sangue... non de *bistec* con patacas. É así..

Eu neso fixen unha proposta de terminoloxía, porque víame un pouco... que me faltaban apartados en donde sosterme por unha parte e a música de tradición oral e aquela que se vai transmisión oral mediante transmisión oral. Entón eu o que considero e que tradicional enraíza en principio con esa música, entón considero que esa música coa que nos cantamos, tocamos, damos aulas hoxe en día. Eu propúxenlle chamar música tradicional, porque? Porque proven da tradición oral pero hoxe en día non existe transmisión oral, non podemos falar dela.

Está ben, ese aspecto, eu teño outra consideración e cóntocho: Eu chámolle tradicional a todo aquilo que ten... tradicional é todo aquilo que pertence á tradición, ten que ter nacido nesa cultura tradicional, nesa cultura en cuestión... falamos da nosa, do que *sea*... pero ter que ten un sentido totalmente ritual, como antropológico, ritual antropológico como pobo. Por *eso* sempre poño o exemplo dunhas filloas de sangue, unhas filloas de sangue ou comer un *bistec* con patacas. Comer un *bistec* con patacas é popular. O propio cocido hoxe en día que se lle chama cocido, cocido...e vamos comer un cocido, *bueno*, pois eu o que me topei en tódalas aldeas, non sei, é que non se lle chama así. Era o caldo, en tódolos sitios dicían ir comer o caldo, e o caldo non era unhas cousa líquida, o caldo era todo *eso* ao que nos lle chamamos cocido. O outro era a sopa do caldo, non sei se me entendes? Collemos o *término* español de cocido, si, si é tal *cual*, quero dicir, hai cousas que teñen unha serie de ritual e outras que simplemente son populares, son utilizadas para divertimento, para o que *sea*...non por elo son menos importantes, a min me *fastidia* que a nomenclatura faga esas cousas menos importantes. No, no, no, algo popularizado, que é o posterior, que é algo que nin sequera naceu aquí... porque tanto tradicional como popular ten que estar nacido na nosa cultura, na cultura en cuestión... tradicional é a que ten ritual, tradicional é a que pertence ao *folclor*... e a outra é popular.

Logo está o popularizado, que é de fora, como as *jotas*, que son de fóra, así de claro. Ou unha mazurca ou o que queiras ver, ou comer un *wooper*. Entendes? que se pode *convertir* en popularizado, porque está aceptado pola sociedade.

En estes *términos* é onde digo, onde está a situación da nosa música? A nosa música está na situación do folk mais profundo, do folk máis auténtico... o folk

definido por don Rodrigo Romaní Blanco... o día que lle sentín esta definición que, realmente, sinceramente non sei si é del, pero podería ser del tranquilamente porque é Dios, directamente. O día que lle sentín esta definición vin a luz, calmáronse as miñas ansiedades en este respecto. Para el o folk é a música nacida do pobo, a popular-tradicional, tamén nacida do pobo, que, viaxada, sacada do seu contexto rural onde ten unha conexión directa co sistema de vida diario, co ciclos anual, me entendes? Sacada deste contexto e levada pola xente que o usaba a zonas onde non é o seu contexto, poderían ser zonas urbanas, coas emigracións ás urbes, etc. *mistúrase* con outras tendencias e outras, calques *sean*, non ten que ser nin unha guitarra eléctrica nin nada, ten que ser calquera. Pero a base ten que ser... o orixe, o cerne ten que ser esa música popular que veu viaxada *dalí*. *Osea* non é para min música folk porque toco unha gaita, non estou dacordo con *eso*, e, sen embargo, non utilizando ningún instrumento tradicional da nosa tradición, usando modos, sistema de canto *antiguo* con melodía *antigua*, con unha *orquesta* sinfónica, para min *eso* sería folk absoluto, desde este punto de vista.

Creo máis nos fondos que nas formas, estamos nun mundo tolo, afortunadamente tolo, onde non existe unha moda única, como eu vivín cando era neno, agora se levan pantalóns de *campana*, agora *pitillos*, *ahora* non sei que... *ahora* todo é aceptado, pois na música estanos pasando igual, incluso na música popular trasladada ao folk.

Eu creo que o que existe hoxe en día é folk, porque xa non existe ese sector primario, xa non existe o sector primario como o *conoceron* os nosos devanceiros, non existe, non existe un ciclo anual onde despois dunha esfollada veñan uns mozos a bailar coas mozas, non existe. Entón digamos que esa parte se cortou pero, sen embargo, temos a parte do folk que é interesantísima, que bebendo da nosa tradición, da nosa música popular se *mistura* con todo. E agora mesmo estamos nun momento de tolería, se *mistura* con todo, se *mistura* co que me de a gana, e se *mistura* como me de a gana pero esta pasando algo que non pasou nos 80 e 90, que si se respecta a raíz do popular noso e non na forma, senón no fondo. Cando nos 80 e 90 se respectou moito máis a forma. Quero ser folk? Utilizo unha gaita e unha zanfona, e logo toco cousas de ritmo búlgaro, non sei se me entendes. Que é totalmente loable, non é unha crítica. E sen embargo agora é totalmente diferente, ao *millor* non utiliza os instrumentos propios da tradición, pero o fondo é *mucho* máis, é un boom marabilloso, marabilloso. Eu creo que

estamos nun momento de creatividade suma, estaríamos na época absolutamente de luz e clara dun gran artista de todas as épocas que sofre.

Cóntame a importancia que cres que tiveron e teñen as aulas e as escolas de música, pois, popular-folk ou como lle queiramos chamar, pero iso, a relevancia das aulas, porque ao final eu creo que hoxe en día como non podemos partir da tradición oral, onde parte ese coñecemento e interese por esta música é precisamente en aulas e en escolas.

Eu teño unha resposta que espero que *sea* breve, que eu nunca son breve pero espero que *sea* breve. É absolutamente fundamental, unha sorte, unha sorte... sempre que existe escolarización, o que sería a regularización duns estudos que son necesarios. Pero e que vivimos nunha terra que é, mira o positivo que son, é afortunadísima, afortunadísima... porque ten unhas grandes escolas de sona, que eu traballo nunha grandísima escola diso... conseguimos, digo como ti e eu, todos, a sociedade, que existe unha titulación de instrumentos tradicionais nun Conservatorio e que é gaita, ti *eres* unha titulada niso, *noraboa* e todos orgullosos. Pero, pero... coa música viva no *pueblo*, non sei si vos dades conta da fortuna que temos culturalmente como país, a fortuna que temos e que estamos acadando. Fáltanos entrar nas universidades, cando digo na universidade por exemplo a danza tradicional que entre como un factor máis como está o flamenco ou a danza española, ou o flamenco en si. Que vai en camiño, eu confío en que vai chegar... Ou que o grao de instrumentos tradicionais abranga máis instrumentos que a propia gaita, *esto* sería marabilloso.

O camiño empezou ben e hai que seguilo para diante, pero non descoidemos que vivimos nunha sociedade na *cual esto ocorre* paralelamente, que na rúa existe e cada vez existe máis. *Esto* non se da en *calqueira* cultura, en *calqueira* lugar, en países medianamente civilizados ou chamados ricos, non se da, non se da... Afortunadamente porque non somos un país rico, só pertencemos a unha sociedade incluída politicamente en Europa, que son países ricos e nos non o somos, é moi posible. Somo deficitarios e iso nos permite, como en Nigeria, que nos *ocurran* este tipo de cousas, que existan uns estudos de Cora brutais, por exemplo, non sei si en Nigeria pero en *muchos* países do redor, en Guinea Bissau; pero a Cora fora dos estudos dunha escola úsase diariamente en un patio de familia, non sei si me *sigues*?

E nos, para min, a situación...como ves a situación das escolas? Marabilloso, ten que habelas, damos medios para que a xente se informa de cousas que non vai poder vivir. Eu dentro da miña escola podo dar certos medios que non puideron vivir: eu convivín con Ricardo Portela, e non unha vez, varias...toquei con el, e con “Moxenas”, e con algún dos “Campaneiros” vivos...e dos “Morenos de Lavadores”, por exemplo... dos “Airiños do Parque de Castrelos”... porque me tocou pola idade e estar metido neste rolo. Nos podemos comunicar certas cousas, pero a marabilla *desto*, aparte das escolas é que sigue na rúa. Ambas cousas nos fai especiais e nos fai afortunadísimos... que non se perda.

Pois o que me estabas contando era un pouco o seguinte punto, que é sobre este cambio de enfoque que especialmente houbo nestes últimos anos, houbo un boom que eu lle chamo, non sei se seguirei empregando este termo, revival social, porque a música popular volve a ter a mesma función e usos, algúns destes, que tiña antigamente, é dicir, o disfrute a socialización.

Tiña, quero dicir... a metodoloxía é diferente porque o ambiente é diferente, o medio é diferente... *donde* había carreiros con lama agora hai asfalto, punto e se acabou, pero o fondo é o mesmo. Se estamos falando que o fondo é o mesmo, é que conservamos a nosa esencia máis pura dentro de nos, e non solo a conservamos como desexo, conservámola como desexo e realizámola. *Eso* é unha felicidade, un orgullo que non ten parangón, non ten parangón....

Pásalle ao flamenco, o flamenco máis institucionalizado, moito máis institucionalizado... a anos luz de nos. Pero na rúa séguese vivindo. Temos a *suerte* de vivir o que, practicamente, viven culturas como o flamenco, *cuidao!* Nos, a cultura *xudea*, case en xeral... que en *eso* os galegos temos moito que falar, de xudaísmo, digo na esencia non na relixiosidade... Ou o que pasa por exemplo cos *indúes*.... O que pasa en moitos países do Oriente Medio, na cal a súa música pop mais actualizada está nos modo *antiguos* deles. Temos unha *suerte* de estar en Europa e estar vivindo esto que non o sabemos, porque pertencemos a Europa, non o *esquenzamos*, pertencemos a un sitio onde a castración foi constante e continua, e lle chamo así: castración, e con nos no *pudo*, nin co flamenco, obvio... Cos *gitanos* claro, *cuidao!*

Por agora imos falar doutra cousa, vámonos a meter un pouco no enfoque de xénero: sobre todo o papel feminino na música. Entón quería empezar polo roles no

pasado: ti, sobre todo cando ías recoller nesas primeiras recollidas, viches, viviches... que existiran uns roles feminino-masculino na tradición... que participaran tanto no baile como na música eses roles diferenciados entre homes e mulleres.

En principio non o teño moi, moi analizado...podo falar do que vin sen haber *profundizado neso*. Si é certo que se eu tivese que *decir*, pero xa directamente, da primeira que te ven a cabeza: quen te transmitiu a ti cando *fuche* de recollida por ahí, quen te transmitiu todo? *Cuidado!* non todo, non só a forma, non digo só a persoa que bailaba, a persoa que me abría a porta e me quería tocar unha pandeireta, non! falo de toda a orde social, de todo o sistema que eu vivín: desde abrirme a porta, ata ser esa *persona* a que organiza, a que chama, a que vamos a quedar en tal local, a quen ven o domingo que ven, a que organiza unha cena ao que vai ir toda a aldea de Imende...e eran mulleres, eran mulleres *sin* contar en ningún momento con ningún home, que despois os homes participaban de *soslayo*, eles calmadiños na barra do bar, daquel bar, tomaban un viño ata que *ocurrían* cousas porque as mulleres organizaban.

Era brutal, pero é que *eso* foi brutal en todo lugar, teño estado en casas onde, evidentemente, o sentimento machismo se cortaba cun fío. Onde había un home: no, no, no, porque non sei que... porque miña nai non sei que... miña muller é muller... claro, claro, claro... e o fillo: *bueno*, *eso* son cousas de vellos e tal. E a señora: si, tal... Ata que a muller poñía unha man na mesa, sen petar nin nada, e *decía*: pois eu quero tocar, *dame* unha *pandereta*. E non había *huevos* ni tu tía de que *el fulano dijese ni si ni no!* E levantábase despois de levar mal das pernas e o fillo *decirlle*: mamá, pero *usted*... - Está *calao!*

Acabouse! Acabouse! *Osea*, a perspectiva de *género* é *casi* como si nos *houbesedes* deixado, como se as mulleres nos *houbesedes* deixado berrar, como na *berrea* dos gamos aquí pasando os montes de León, en Zamora. - Que *berreen*, logo xa virán a pedir. Non sei, é unha cuestión absolutamente...teño vivido cousas como dicirlle ao home, dígoo en serio, *decirlle* ao home alí en Imende, ao Che: *Bueno* eu vou pa casa – pois vai indo! E elas as catro da mañá bailando no terreiro con nos, cuns rapaces que viñan de Vigo, señoras de 45-50 anos.

E mandaban aos maridos pa casa, e cando chegaban as 6 da mañá, cando aquilo mais ou menos ía acabando porque chegaba unha tormenta de chuvia de verán, que *esto* pasou unha vez, e Dorinda e eu seguíamos bailando á chuvia como animais. Aquelo

desfacíase nos *decíamos*: inda vamos a Carballo po Charadas. E querían montar un coche de tódalas mulleres para vir con nos á discoteca.

Cuidao! Que cando é rural e é *sencillo* e é humilde e é ..non ten nada que ver cos novos ricos. Os novos ricos son os que veñen co sentimento do rural a unha sociedade máis burguesa e fan un carto, e alí se deturpa todo... *eso* é o peor. Pero dentro do que eu vivín, do rural, do sector primario, de xente cunha cultura brutal, cunha educación brutal, xa volo digo eh, educación *casi* renacentista, unha educación brutal... ahí non se metía unha palla. Ahí había un respecto por todo o que acontecera, e se o rapaz é así, e así... de *verdá*, non sei... *esto* é o que vivín...unha liberdade absoluta.

E en tódolos lugares, salvo algún caso que vivín *trágico*, de algunha muller de: teño que ir pa casa sinon...non sei que... e saber que había violencia de *género* y de número. Pero en *general* tíñalle *mucho* máis medo a preguntarlle ás miñas tías, que foi así, si sabían tocar a pandeireta e a lata, e case me corren por un camiño adiante porque aquilo era de xente do rural. Eran señoras “*venidas a más*” que emigraran a Venezuela, e non me cantaron nunca... a eso me refería de “*venido a más*”, sabes?

Cres, segundo as vivencia que ti tiveches, durante as recollidas, cres que se deturpou dalgunha forma eses roles cando se subiron a escenarios?

Non, o que si existe é unha cuestión, tu que tes estudos a ver si me entendes, *esto* que eu non os teño pero intento explicalo, con ese medio, co pouco que sei. Houbo un momento en que con todo este movemento de tanta xente recollendo e comezaron a facerse festas de xuntanza, quero *decir*, o que lle chamaban aquí os seráns ou foliadas noutros lados. Entón, o *millor* nun sitio como Imende, por non poñer un sitio *daquí* que son moi evidentes, pois viñan as mulleres de Zas, as de Coristanco, as de Silván, como nos *conocían*...e elas contrataban un autobús, organizado polas mulleres, e ían a aquela cena, botaban ata as catro da mañá alí no patio do bar de Imende, en Carballo, bailando e unhas cantaban e tal. Evidentemente xordas e coxas non eran, estaban vivas, entón ves que hai outra xente que veu despois e a xente de Imende lle recolleu melodías que elas non cantaban orixinalmente, que llas sentiran naquelas noites que estabamos xuntos ás de Silván.

E logo houbo voces que *decían*: e que estamos contaminando. – Que contaminando, nin que contaminando? Pero que contaminando? Está *ocurrindo* o que

tiña que *ocurrir* socialmente normalmente, a tradición é o fondo non é a forma. E tu o sabes ben, claramente, tu colles 25... ou 250 aldeas de certa zona de Mondariz, de Pontevedra, e analizas os toques de *jota antigua* e *dices*: ai! Teño unha diferente, teño unha diferente! E dis: son todas a *misma*, todas *cumplen* o *mismo* esquema, cun *rebirete*, aquí baixa e unha nota... Pero todas suben hasta unha 5^o, derivan a 4^a e teñen cadencia, e punto. Todas! Que máis me da que unhas canten unhas e outras canten outras. *Eso* se bailaba perfectamente e *cumplían* a función, non sei se me entendes o que quero dicir pero musicalmente penso que queda bastante claro.

O *esquelete* de todas esas *jotas antiguas* desa zona, que eran todas derivadas da *misma* tradición, desde o Renacemento e toda a historia...todas *cumplían* a *misma* función. Unhas facían (melodía) e outras facían (melodía) (melodía). Da igual! Pero da igual! O esqueleto é unha línea clara que vai...circula polo mesmo sitio. Non sei se estás de acordo comigo?

Si, pero preguntábache un pouco si cres que as persoas que iban dende fora, vos en este caso como investigadoras, ao exportar certos aspectos musicais e baile, ao levalo ao escenario puxéronse enriba uns roles masculino-feminino moito máis salientables que o que ocorrería realmente?

E non, porque... A ver... non e si, porque nos a época que vivimos nese momento, estamos vivindo unha época na *cual* a muller era a protagonista de todo pero si sabemos historicamente porque existen tratados na literatura, na propia literatura... moita xente baseábase en feitos *feacientes* antropolóxicos de como se facían as cousas. Sabemos claramente que no baile tradicional, no baile *antiguo*, no baile popular, no baile que se bailaba... non estaba ben visto nin sequera que bailase unha muller cunha muller, nin un home cun home...e eran unhas muiñeiras punteadas, nas *jotas* novas estas e tal... e no, no, no... que pasa? Que por necesidade, por falta de *personal*, porque a xente foi a morrer a guerra a Marrocos, a guerra de Cuba... pois quedaron mulleres e quedaron os coxos que non foron a guerra, *osea*, bailaron mulleres con mulleres, e tal... e nos si notamos que, por exemplo, que nos grupos quixemos ser conservadores con esa esencia século XIX, con esa esencia século XIX, e incluso chegouse a facer nos grupos, a vestir a mulleres de homes para ter unha liña de homes e mulleres, travestilas. Nunca un home de muller, eh! *Bueno*, que afortunadamente hoxe en día xa se empeza a ver, *bueno*, momento nos *cuales*, *bueno* da igual, *esto* xa está.

Pero si é certo que cando un é mais novo, e fala, e é tan amante da tradición, se convirte nun pouco talibán e intenta ser mais “papista que el papa”. Non se da conta, porque *muitas* veces a intención non é en ningún momento, ningún momento sexualizar ou diferenciar, pero si intentas ser... e como é *conocedor* desa historia pretérita pois intentar facelo tal *cual* era. Con moitísimos erros, eh!

Afortunadamente *esto* hoxe en día o que *ocurre* na rúa é un exemplo do que tiña que *ocurrir* por cuestión normal, ti non podes forzar que na rúa *ocorra* algo extremo, podes promocionalo, os cataláns promocionaron a sardana que bailábase na *Plaza* Maior de Cataluña, non sei como se chama, en Barcelona... bailábanse rodas enteiras de sardana ata que se deron conta de que non era *catalana*, que tiña orixe francés. *Entonces* puxeron tódolos cartos nos *castellets*, e son cuestións que politicamente podes apoiar máis e facer que xurdan máis, pero no noso caso que non houbo cartos institucionais para nada, para nada... foi unha cuestión popular, é obvio que cando ti te vas a unha foliada, e xa desde hai ben tempo baila unha muller cunha muller, un home con un home é porque tiña que *ocurrir* o que tiña que *ocurrir*, e porque nos por moito que fixeramos, equivocada ou non *equivocadamente*, non o fixemos dunha maneira que calase na xente. Ese cambio de *papeles* e de roles, e nin sequera neles, nos vellos, que fixeron grupos para ir a tal...as que mandaban eran elas sempre, eu é o que vin.

Pódoche falar dun grupo como o de Limiñoa, fixeron un grupo, xente que bailaba muiñeira vella e outra que bailaba punteada, e ían ao Luar, ían a festivais, e ían non sei que e bailaban o seu. Os de Imende tiñan Lembranzas do Pasado, tamén, desde que fomos nos montaron un grupo... Pero eles bailaban, unhas señoras tocando, e eles bailaban para diante en grupos de 4. E eu, a miña vivencia era que quen organizaban eran Carmiña, era Dorinda, era... e o Ché *decía*: si, pois *bueno*... É así, eh? Xa volo digo, e ese ámbito que eu vivín na recollidas, nas festas que eu fun gravar, conservouse na parte escénica en eles.

E para rematar isto, como cres que se ve o papel da muller no presente? Quero dicir, cres que temos referentes actuais e visibles tanto de persoas da tradición das que aprendemos, antigamente gaiterías non, pero si pandereiteiras ou bailadores, ou cres que aínda está un pouco invisibilizado este tema?

Vouche dar unha referencia clara, así como creo que historicamente sempre fostes as mulleres ás que *orgnaizastedes* todo, tamén fostes as *cededoras*, quero dicir,

pois *déstedes* unha cesión enorme, *esto* significa que... eu cando toco, pero e que *esto* pasaba por exemplo na miña familia, non sei... vouche poñer un exemplo da miña familia: organizábase unha *churrascada* e viñan 20 *personas*, nun caseto ahí moi chulo... facíase lume e churrasco... e viñan uns amigos, que eran os amigos do matrimonio, que normalmente eran os amigos de meu pai, quero *decir*, de meu pai e miña nai pero era a *pandilla* de meu pai. Pois eu teño axudado moitísimo a miña nai nestas *churrascadas*, e ela levaba todo o traballo pero os parabéns os levaba el. Porque Feijóo era quen invitaba, pero a que *curraba* era ela, non invitaba el só, invitaban tanto el coma ela, eran os dous, entendes? Porque o lugar era dos dous, chamábase *bienes gananciales* cando se casaban...

De todas maneiras, eu penso que hoxe en día pasa o *mismo*, eu fáloche da miña experiencia *personal*. Na miña experiencia *personal*, unha das mellores músicos, un dos mellores músicos que teño no meu grupo é María Jorge, é unha muller. Pero si é certo que eu non topei, non topei... non me cadrou porque, por exemplo, un músico como Miguel Freire ou Iago Ramilo *conocinos* realmente, *conocinos* de *conocelos*, de ver como tocaban e de desenvolverme nunha festa e cantar, *conocinos* nun entroido de Xinzo ata as 7 da mañá polas calles cantando... e isto non me pasa cunha muller, é raro que vexa a unha muller facendo iso, non sei si me *sigues*? Entón é normal que eu tivera contacto con Iago Ramilo ou con Miguel Freire, e non me pasou tanto, por exemplo, con Carme López, que contigo si pode pasar, pero non estades tan metidas en todo *esto*. En moitos casos estades *mucho* mellor formadas, pero tamén creo que queda moito camiño por andar, pero non pola música porque si para nos, os homes, a música... a min meu pai díxome que a música era pan para hoxe e fame para mañá e eu tiven que facer unha carreira científica, para vivir *desto* ao final, para vivir da música.

Pero se eu vivo *esto*, vos estades na época que estades incluso exactamente igual, vos estades loitando para ser científicas, estades loitando por acceder a postos de importancia en empresas, e digamos que toda esta parte téndela, que creo que a parte musical, dígoo en serio, téndelas como... sodes unhas cracks pero a vosa preferencia está en invadir primeiro o que non *invadistedes*, que é todo o outro sector.

É o meu análise, porque eu... me encantaría haber feito coas miñas colegas... mira que non teño colegas que me encantan, coas que me levo moitísimo mellor que *muchos* homes... *osea*, montaría un grupo encantado con elas. Pero a min non se me

cruzarón no camiño en ese sentido, non é que eu elixise quero todo homes e solo unha muller, non é *eso*. É que no meu camiño, por cada muller que se me cruzou, se me cruzaron 100 homes que eran *brutales* instrumentistas. Non significa que non existan mulleres brutalmente instrumentistas, pero as que *conozo* non teñen claro como *muchos* homes que se van dedicar a *esto*, e o dan todo por un soño. Están facendo unha *ingeniería*, non sei que... e *esto* o teñen *bueno*, como unha cousa moi bonita, me estás entendendo? Porque é o meu entorno, non é unha opinión, é unha análise do meu entorno. Eu falo por exemplo con calquera colega “x” e: me da igual morrer de fame e acabar debaixo dunha ponte pero eu quero ser músico. E falo cunha muller e *dices* é unha crack de gaiteira pero estudiou a súa enxeñería.

Porque acabades de invadir ese sector, entendendo invadir como necesidade e como loitar para que se vos *recoza* nese sector. É a miña análise, un pouco atrevida, pero eu te falo da miña experiencia. Eu non teño ningún problema, eu nunca mirei a sexualidade, nin o sexo nin a sexualidade, con todas as variantes que hai, que sabemos hoxe en día. Eu mirei a *persona* que conectou comigo para facer un equipo con esa *persona*, dígoo en serio. E a miña experiencia, incluso cando *íbamos* de recollida, é que “el macho alfa” era el “macho alfa”. E sigo vendo “el macho alfa” es “el macho alfa”. Pero *esto* tamén provoca que o que non quere ser macho alfa e quere coordinar co sexo feminino non topa onde poida coordinar.

Con todo o amor do mundo, e con todo o meu apoio, e con toda a bondade, porque eu vivín cousas tráxicas, próximas a xente *muy, muy*... dígoo en serio... podería poñerche un exemplo claramente dunha muller que, que... que me parece unha crack e levounas ben levadas... por querer ser *sencillamente* unha máis. Pero hoxe en día, desde antes de onte, desde hai 15 anos hasta antes de onte.

A xente que está nas súas casas e non vive certo tipo de situacións non é conscientes destas cousas, non é consciente destas cousas... Queda moito camiño que andar, queda moito, moito camiño que andar....

Moitas veces, pasaba hai anos, cando *decían*: porque nos consellos de administración de empresa non hai mulleres, pero quen chegaba a facer unha carreira técnica ou de enxeñería sendo unha muller? *Cuidao!* Coas trabas que lle poñían. Porque *esto* vivino eu... eu facía un exame medianamente ben e eu levaba un notable e a miña compañeira se lle esixía o *doble*, e *esto* seino porque estudiaba con ela. Con Yoli

estudiaba eu e estaba máis preparada ca min e levaba peores notas ca min. E *esto* non mo quitarán da cabeza.

O seguinte xa é máis relacionado coas características musicais do canto. Nun dos apartados quero falar da importancia da distribución xeográfica, porque nos utilizamos tanto a coletilla de, imaxínate: jota de non sei onde, muiñeira de non sei que... Porque o aspecto xeográfico é tan relevante. A miña teoría nisto é que como son cantos baseados na tradición e baseados en sociedades preindustriais, rurais... pois hai non tanto tempo as comunicacións era pésimas, tanto comunicacións a nivel de transporte como na existencia de medios de comunicación.

A cuestión é unha distribución do uso social, antropolóxicamente o que acontecía aquí, as distribucións sociais dunhas festas tradicionais onde a xente ía bailar, relacionarse... para logo *mezclarse genéticamente*, que non foran primos con primos, que foran un tipo de aquí cunha tipa de alá. O que acontecía era que eran os homes os que se *desplazaban* dun lugar a outro, estoume a referir a que os homes desta aldea xuntábanse todos e *iban* andando de noite e chegaban a aldea non sei que. Pero as mulleres non, as mulleres só saían da súa casa para ir ao seu barrio e facer alí a foliadas, elas non andaban nin un camiño para ir tocar a pandeireta e cantar. Outra cousas serían unhas festas de verán onde tódolos mozos e mozas se xuntan para ir a unha *romería donde* de repente xa hai unha banda de música, ou un cuarteto de gaiteiros, pero alí non interviña ningunha pandeireta, non sei si me entendes? E de intervir, levábana porque había unha *romería*, levaban un pano e botábano no chan, con empanadas e co que fóra; pero estaban cos da súa aldea, *entonces* botaban os seus cantares. *Esto* que ten de importancia? Que é *muy* normal que o cantar dunha aldea fose desa aldea sola porque esas mulleres non cantaban con outra xente.

Vouche poñer un exemplo, unha anécdota, e é que nos fixéramos durante un ano enteiro unha serie de xuntanzas para gravar e para ver como era o serán e como facían nesa aldea en As Cortellas de Padróns, de Pontearreas, queda entre Mondariz e Pontearreas... as Cortellas de Padróns, Riba de Tea. Alí o que fixemos fora durante un ano, unha vez ao mes mínimo e o *millor* nun mes dúas veces... *ibamos* e facíamos foliada e bailabamos toda a noite... había unha cantiniña pequena no *teleclub*... *bueno* é igual. De todas maneiras, as que estaban eran as señoras *dalí*, tocaban a *pandereta*, bailabamos toda a noite as señoras, as fillas, as netas, os netos, o tín, o tán... viña o

primo de fora, pero eran os *dalí*, non sei si me entendes? Ata que un día, por *descuido* ou por descoñecemento, nos que xa empezabamos a ir de recollidas a outros lados falamos coas da Hermida. As da Hermida, de Pazos de Borbén, non queda moi lonxe pero... pero son outras. E dúas son primas da xente de Cortellas e dixeron: pois imos ir nos. E sen avisar apareceron. E apareceron nun bus, porque contrataron un bus, e apareceron no serán das Cortellas de Padróns as mulleres da Hermida. Eu dígoche que hoxe en día, no 2021, ese foi o último día que fomos ás Cortellas, e que non nos aceptaron máis, nunca máis. E que como se nos ocorre a nos traer ao serán *daquí* a outras mulleres doutra aldea a cantar! Me entendes?

Esto tal *cual* cho digo. Pero que foi unha ofensa! Que eu teño a esa xente gravada un ano enteiro e hoxe en día nos levamos que te *mueres* eh! Porque aquilo xa non transcendeu máis, pero acabouse. Chamabas e te *decían*: no, no, este fin de semana non vamos a poder. E así todo, parecéralles fatal. E *esto* tradicionalmente é o que acontecía, a estrutura social que tiñamos no inverno, dende outubro ata que empezaba a *cuaresma*, agora nestes días, que aí xa non se podía facer. En todo o inverno é que a xente se xuntaba para facer un traballo, unha fiada, un no se que, unha esfollada ou o que fóra, e acababa nunha *panderetada*, pero aí viñan mozos de diferentes aldeas pero as mozas eran as do lugar. Co *cual* as melodías non se deturpaban con outras, eran as que aprenderan das nais, máis as variacións que lles fixeran elas de dous toques ou tres toques.

Por isto hoxe en día lle chamamos “muiñeira de” ou “*jota* de”. Eu *sin* embargo, no “Fiadeiro” fixen dunha volta muiñeira de Mondariz con tódolos puntos e cousas da zona pero que era con instrumentos, era dunha charanga... Claro! Estamos falando cunha *romería* á que ían todos, e bailaban todos con todos: se unha prima cunha prima, desta aldea con tal, tal, tal... Pero nun momento de cantar e *panderetístico* nin de *coña*, case era imposible. Si podía pasar que unha moza nacida alí, que cantaba as canción de alí, e a *pandereta dalí*, casara e fora vivir a outra aldea e aí xa interactuaba como pequeno detalle que viña modificando, pero por norma xeral *esto* non acontecía.

Esa é a explicación de libro. Pero logo nos lle chamamos tamén por costume a veces, eu fago moita consideración con *esto* pero creo que teño razón. Logo tamén a xente eu creo que nin o pensa: escoiteina alí? Pois *dalí*. E despois igual lle preguntas a señora e dice: si, hai 30 anos viñen para aquí porque comprei unha casa porque me

ghustaba... Pero *estuvén* na Suíza 40, e eu sonche de 40 quilómetros *daquí*. E a xente non o pregunta.

En Limiñoa a de (vinde mozas vinde todas, vinde lavar ao meu río...melodía). Sabes? Este tema, lindísimo. *Eso* non é maneo nin para atrás, nin para atrás! *Eso* levouno José Rama que era de Carballo, popular alí e para ir á tele quedaba *guai*. En Limiñoa non se tocaba maneo, bailábase os puntos de maneo pero tocábase *tacatan* tan (jota-percu), como en Malpica.

-Casilda, e logo por que tocas así maneadado?

– Estas tocan así, haberá que tocar coma elas!

É así, e ti cres que a xente o pregunta? Non, pero a xente non é parva e aprende.

Nun dos apartados da tese vou falar das características principais do canto tradicional galego, entón quero determinar unhas liñas básicas sobre as características melódicas principais do canto. Entón, quero saber se tes algunhas pautas sobre o que pode ser común a todo o territorio galego.

Eu si que diferencio, como diferencian outros *estudiosos* pretéritos a min, diferencio entre o que son *jotas*, ou muiñeiras ou cantos... *bueno* e que o canto é algo moi *amplio*, porque poderíamos falar de cantos litúrxicos como son os de *reises*, tal... voume meter nos cantos de divertimento, os que nos recuperamos toda a vida, que os outros tamén... Nos cantos de divertimento, por exemplo, na formulación de muiñeiras, de muiñeiras *antiguas* e tal... diferenciamos entre muiñeiras *antiguas*, e *jotas antiguas* e *jotas* novas e muiñeiras novas. E as diferenciamos, non todo o mundo, pero eu poño o límite en que as que teñen volta, teñen *estribillo* cantado ou non teñen. Normalmente case toda melodía *antigua* que era para bailar só tiña o que era a cantiga, e *muitas* delas construíanse con tercetas e non cuartetos...

Ademais, si observamos que canto máis *antigua* é máis esencia ten, menos ámbito ten, menor ámbito ten. Estamos falando que *muitas* das que consideramos *muy antiguas* non teñen unha quinta entre a tónica, *bueno* a *donde* ascende e a onde baixa, facendo a cadencia e a caída. Hainas de cuarta e hainas de tres notas, de tres notas, que son impresionantes, muiñeiras *muy, muy antiguas*. E sempre case todas *cumplen*, no canto máis *antiguo*, un *frigio*...un *frigio* mediterráneo, non o *frigio* clásico. Un *frigio*

donde estamos falando dun *tono* menor que non chega a ser menor de todo, porque incluso a terceira non está non sitio, pero é que a segunda está a camiño, está... digamos que sería un menor equidistante, un exemplo do que faría Florencio co violín, Florencio, o cego, que colocaba os dedos a equidistancia e *salían* esas melodías. Non colocaba para tono-tono-*semitono*, sabes? *Entonces sale esto*. Entón *esto* é o que *ocurre* moitísimas veces no canto, existe esta modalidade antiga, *donde* existe unha equidistancia entre esas tres primeiras notas: primeiro grado, segundo grado, terceiro grado e índose a un grado maiormente menor, menor alto que lle chamo eu.

Se te vas a unha quinta, te vas a unha quinta xusta; baixas a unhas cuarta, te baixas a unha terceira, non sei, maior baixa: é maior baixa para ascender e menor alta para baixar, que *eso* é para descender. E todo o que *cumple* máis ou menos esa *regla* e sobre todo que *cumplen* a *regla* de: *desarrollo* dende a tónica ata a quinta, podo nin tocar a quinta, *esto* é o que topo en muiñeiras *antiguas* e *jotas antiguas*, o que máis topo, de *verdá*. E *esto* é o esqueleto, entón podería empezar nunha quinta, tranquilamente (melodía) e ahí *ocurren* cousas (melodía) e ahí expoño o tema da cantiga e de repente o que fago é (melodía) pasar por cuarta, para dar lugar a un *puntito* e facer cadencia (melodía).

E moitas veces, nas máis *antiguas* de todo, sería: quinta, cuarta e acabar en terceira. Para min sería *eso* (melodía). Non sei, chámalle tu como lle poñas aos grados, pero si digamos que noto este que é realmente común a todo o arco mediterráneo.

Esto ten un estudio marabilloso, ten un... podes incluílo ahí ou velo se queres, un programa marabilloso que se chama “No bico un cantar”, haino en internet, e hai un *donde* falan con Dorothe Schubarth e pon en contraposición un cantar de sega de Riós, que queda na Terra Chá, *bueno*, na Terra Chá Ourensá, *hacia* a Mezquita, de Ourense tirando *pa’* alá... Ourense profundo.... Da chaira de Riós, e pono en contraposición cunha señora dunha chaira búlgara. E cantan no mesmo modo, no mesmo *tono* e solo cambian os adornos, que unha fai os adornos de gaita búlgara, os cortados (melodía) e outra fai os nosos, porque a gaita non corta. Tal *cual*, de feito moitos vellos lle chamaban á ornamentación: mira que voltas de gaita lle dá á voz, *esto* téñollo sentido así a vellos: Xisco, e que ti lle das unhas voltas de gaita. Así lle chamaban á ornamentación, que era imitación case dos instrumentos melódicos, que eran os importantes, eran os ricos, era o bonito.

E *esto*, aparece unha señora *decindo* (melodía) e a búlgara no *mismo tono* (melodía), estamos falando de Bulgaria. Estamos falando que canto máis atrás te vas na tradición e, sobre todo, que cando te vas á época do renacemento ou bizantismo, do século V para adiante, pois é que todo era igual porque era o *mismo* tipo de música culta que calou no *pueblo* e acabou sendo popular, e acabou sendo invadida por outra que foi culta, e esa quedou no *pueblo*. E *eso* se nota moitísimo porque colles cantos mauritanos, que non teñen orixe relixiosa, como poden ser cantos de cego, romances e tal. E cando falas de popular, popular, coinciden pero de libro: en modo, en estrutura, en ámbito pequeno, cuarta a lo sumo, quinta é un exceso... e é unha marabilla.

O que che fai pensar que nin somos tan iguais, nin somos tan diferentes.

Sobre o teu arquivo, xa que as primeiras transcricións do traballo son sobre o teu arquivo, necesito unha descrición do mesmo.

Comezo a descrición do arquivo como unha sucesión inesperada de milleiros de tesouros totalmente *deslabazados* e desordenados. E como entrar na cova do dragón e topalo todo tirado: pero o ouro é ouro.

É un *desorden* caótico porque eu non consigo ordenar, seu simplemente gravei, me *adiquei* a gravar.

As gravacións que teño eu, polo que me dixeras doutras veces, son todas feitas cando formastes estes equipo no Fiadeiro.

Posteriormente non, as últimas que utilizaches, que hai un arco fora e eu estou gravando desde dentro e hai un eco *increíble*, e elas están nun arco fóra, creo que as *viche*, non? E outra que incluso hai un rapaz moi gordo que é *mejicano*. En esas por exemplo Luis Prego xa non estaba, non pertencía, e eran gravacións que eu facía moito con outra xente. Sempre estaban presentes súa irmán, María Prego, Bea Magán e moi usualmente, non sempre porque traballaba, Leni Pérez. Pero *muy* poucas veces, realmente esa era a base, para min a base era Pilar Covelo, María Prego e Beatriz Magán, e eu, e logo quen se *acoplase*. Quen se *acoplase*, que moitas veces veu Viky, veu... sabe dios, Vicente...

Despois, dentro desas gravacións hai, creo que a do 97 ou anterior... que é unha reunión que se fixo de varias aldeas: Amiudal, Mangüeiro...

Hai unha, que eu estou gravando nun escenario e hai xente gravando como unha actuación de xente vestida así un pouquiño ao pobre, abaixo. En Amiudal, *eso* é o que lle chamaban a pandeirada de Amiudal que ten unha historia marabillosa, porque eu *tuvera* unha moza que os papás, *bueno* a mamá, era de por alí, Celi. Esta era Marian, Marian Mouriño, que ven sendo a filla do presidente do Celta. *Macromillonarios* e me invitaron á inauguración da casa porque restauraron a casa dunha maneira increíble, e eu *iba* a pandeirada e eu lle dixen: pois mira vou ir a Amiudal á pandeirada. – Pois vindes a comer a casa. E eu fun cun colega que se chamaba David, *fumos* os dous en chándal, chándal e tenis. E na inauguración desa casa era con *catering* del canario, con servicio, con xente de etiqueta... *bueno, bueno*, como o pasei eu alí, que *vergüenza*, que cousa...

Me pasaron desas en Aviión, eh! Outra delas foi entrar nunha casa con todos os meus colegas porque vin parar un bus e vin baixar unha xente vestida increíble, un grupo de baile, e se dirixían a unha mansión que tiña un hall enorme e dixen: *bueno esto* é o centro cultural, en Vigo temos centros culturales así, entendes? Que non se usan pero son unhas mansións que te cagas. E cando entrei dentro, pois vimos actuar o grupo, flipamos, nos en chándal... *bueno*, chándal non, pantalóns de cuadros hippioso... hasta que veu un camarero e nos di: *ustedes* toman algo? E eu: non sei... e veume un señor que eu coñecía de vista, de velo bailar e me dice: vos non sabedes onde estades *verdá*? E que *esto* é unha voda, a voda da miña filla. E resulta que ese señor, que ten a casa no Alén, en Aviión, é segundo a revista Forbes a cuarta fortuna mundial.... Pois metémonos na súa casa, na voda da súa filla, seguindo ao grupo de baile. Nos trataron como dios, vamos, non queriamos salir dalí, porque *saliron jotas*, muiñeiras, *saliron* latas, *saliron* todo... Pero claro era a *yet*, estaba Amancio Ortega nesa voda, que eu non o coñecía. Estouche falando hai 20 anos, sabes? Non sabía que existía Amancio Ortega.

E esta pandeirada de Amiudal foi algo que se fixo á raíz das recollidas, que fora ente de fóra, ou xa as había de antes?

No, antigamente facían as pandeiradas no día da festa Maior, pero *muy* antigamente non. *Esto* é unha cuestión dos emigrantes, do que lle chaman os mexicanos, que pode ser de anos 50, anos 60, non o sei, non o teño datado pero debe de ser desa época, senón me equivoco *mucho*. Que *estos* emigrantes cando viñan, porque viñan tódolos veráns, viñan a Santiago nun *vuelo* e eles víñanse, *alquilaban* un coche, e eles...daquela época foi cando foron todas as reformas de todas as aldeas. Que

curiosamente non tocaron a aldea vella pero da *carretera* para abaixo fixeron uns *chalets* que lo *flipas*, que teñen 50, 60, 80 anos algúns... de *mármol*... de toda este que foi emigrada a México e fixo moito carto. E asfaltaron as *carreteras* e fixeron directamente autovías para chegar, *osea*, no medio do monte de Amiudal vas en *carreteras* de 7 metros... unha burrada, e ves pasar *porches* e cousas desas.

Toda este si que fixo, cando era o día da festa Maior xuntábanse porque, claro, en México estaban todos xuntos, son a *yet société* de México. Por exemplo, a mai de Marian, que che digo, estaba nunha comisión para os pobres coa muller do presidente daquela... que non me acordo como se chamaba o presidente de México. O irmán de Marian morreu nun atentado por ser fillo do ministro de interior de México. Estamos falando da *yet société* que sae na prensa rosa de México.

E *estos* era, claro, cando saíron da aldea, as mulleres de Liñares eran de Liñares, e as de Amiudal de Amiudal, e as de Mangüeiro de Mangüeiro; pero cando se topan na emigración, son todas *gallegas*. En tódolos actos *sociales* de pasta e de todo, están todas xuntas. Entonces, cando viñan, organizaban este tipo de festas. Que eran, xa non me acordo cal era o santo, pero creo que Santiago, Santiago de Amiudal, que era no día de Santiago, no 25 de xullo. Porque o 24 ou o 26, non me acordo *muy* ben, era a Santa Isabel de Liñares, de Baíste.

Entonces, directamente, o que facían nese verán é de oca a oca, *osea*, de *romería* en *romería*... e *entonces* cada aldea tocaba e bailaban os seus.

Hai un vídeo que tes que ter, que ese é en Beariz, da *romería* do Santo Domingo da Xirazga, onde aparecemos, está Leni bailando, nunha ruada de 50 *parexas*, ese foi o primeiro ano, que nolo dixeron alí, que se *mezclaban* todos a bailar. Porque como entramos nos todos a bailar con todo o mundo, entrou todo cristo... fixémonos unha roda de 50 parellas de vellos de toda a zona. Pero antes non, facían esa historia e cantaban as de Amiudal e bailaban as de Amiudal... era así.

**ENTREVISTA A FELISA SEGADE. 20/02/2021 - (VIDEOCONFERENCIA –
SANTIAGO DE COMPOSTELA)**

Se che parece, seguimos un pouco esa orde que che pasei, calquera cousa a maiores que queiras comentar imos vendo, que é unha entrevista completamente aberta. Entón, o primeiro punto, que é o máis grande, o que versa sobre as recollidas, interésame especialmente porque creo que foi un proceso fundamental para entender como é agora o mundo da música tradicional, pero desde unha perspectiva académica non existe practicamente nada de material que fale sobre isto. Por iso me interesa falar contigo, máis con outras persoas, para que me contedes como foi ese proceso. Entón, o primeiro que me gustaría pedirche é que me definas coas túas propias palabras, que entendes ti por recollida.

Que entendo agora... Porque é moi diferente de cando empezamos ao que pode ser agora... eu para min, agora, o que é unha recollida é xa algo como que chegas tarde. Entón, da xente que ten ido de recollida... eu, a ver, a primeira recollida á que fun creo que foi no ano 84. Evidentemente non tiña... iba con outras persoas... pero bueno, desde que empezas, que non sabes nada... solamente sabes que hai unha xente maior que bailou, que cantou e que eso formaba parte do seu adivertimento. Entón, o que temos agora é moi diferente, sabes que preguntar, porque? Porque non é o mesmo que tu leves un preconceito do que esperas atopar, que vaias ca cabeza limpia, sabendo que podes atopar calquera cousa, incluso que poidas comparar. Porque agora podes comparar con outras zonas que, máis ou menos, pois cunha aldea do lado... agora sabes que preguntas facer.

Entón, cando se empezou de recollida foi simplemente unha recompilación de datos que a xente che daba boamente e que logo os procesabas, penso que dunha maneira cortada, porque non podes procesar algo e estudar algo cando non tes cousas con que comparalos, é un pouco difícil... entón, que facíamos? Simplemente aprendíamos e transmitíamos o que acabábamos de aprender. Non había moito máis estudio, polo menos no meu caso, e creo que na maioría.

E o que hai agora é xente que ao mellor ten estudos musicais, ou ten estudos antropolóxicos, ou outro tipo de estudos, que mira as recollidas dende outro punto de vista. Entón, o que creo que faltou e que creo que xa non é moi recuperable é que no seu momento houbera equipos de traballos donde entrara xente que sabía falar coa xente,

que sabía recoller, que sabía bailar, que sabía cantar... porque eso axuda moito cando vas de recollida, que se non sabes nada. Con xente que puidera analizar ese datos.

Das recollidas máis importantes que hai que están estudadas son as Dorothe Schubarth, pero claro, eu ahí vexo un “algo” importante: Dorothe Shubarth é un persoa que non era galega e hai moitos conceptos, de zonas... ou mesmo acontecementos que pasaron, formas de vida... que para unha persoa allea, ademais á Galicia daquel tempo, pois non sei, a súa maneira de procesalo non é o mesmo que unha persoa de aquí e que está acostumbrada a que a xente leve pañoletas pola calle... nada que ti vexas que non estás máis ou menos valorada por eso... bueno, un montón de cousas.

Ou incluso o xeito de chamarlle as cousas, por exemplo chamoume moita a atención o título que lle pos “pandeirada en Liñares”, e esa era unha pregunta que tiña eu para ti, porque pandeirada?

Pois nun principio, eu non tiven oportunidade co tema do COVID de ir alí a Liñares, pero segundo me contaron, especificamente Xisco, que como lle chaman alí á festa cando se reúnen é Pandeirada. Entón por iso lle chamei así, para conservar o nome.

Pois esta é das cousas que non se conservan moito porque, por exemplo, eu si que teño escoitado que a xente ía ás festas de pandeireta. Pero a palabra que máis estendida está, ou polo menos para min, por toda a provincia de Ourense, xa non solamente Liñares, é ruada.

Entón, bueno... de feito non hai nin unha sola copla que fale de pandeirada, ou polo menos eu non a recollín, entón me chama moito a atención.

Eso probablemente sexa algo que, se teño a oportunidade coas informantes lles preguntarei, e no caso de que lle chamen de outro xeito a esas reunións... lle chamen doutra forma, probablemente lle cambie o título, se é así.

Chámame moito a atención o que dis ti agora, ir alí ás informantes, vale, quen son as informantes de hoxe en día xa? Sabes? Porque, sobre todo, en Liñares hai moitísimas emigración... moitísima. De feito, eu unha das primeiras recollidas que fixen co director de Cantigas foi precisamente a Liñares, que había unha roda que aquilo era descomunal. E un pouco o que falaba xente era de que a maior parte daquela

xente que estaba naquela festa aprendera a bailar na emigración. Eso sí, aprenderan a bailar dos maiores, porque alí emigrou todo cristo, osea, quedou moi pouca xente. Pero logo vías tamén que xente, que a xente máis nova e a xente máis vella xa non bailaban igual, non tocan igual... Entón, ó mellor, probablemente entre eles foran cambiando as cousas.

Entón, ás veces están esas cousas, os estudos, onde están os estudos? Cos informantes de hoxe en día ou cos informantes de hai 30 anos que, evidentemente, xa non serían iguais que os seus abuelos, aos que nos xa non chegamos, non?

Entón, bueno, o mundo das recollidas creo que agora mesmo, da pregunta que me facías ao principio, está un pouco por facerse, por formarse con toda a información que hai. Xente que agora mesmo estades a empezar a facer traballos deste tipo, que son moi importantes porque sinón é como si non tiveramos nada, temos moitísimos datos sen procesar. E que a xente que foi de recollida no seu momento non podía procesalos, non tiña nin os estudos nin ao mellor agora o tempo necesario para facelo. Osea, non sei, eu agora mesmo teño 51 anos e non sei, non me vexo facendo unha carreira para sacar todo isto.

Entón, bueno, si que houbo xente que foi de recollida no seu tempo e estudiou por exemplo música, que xa é bastante, xente que ten procesadas moitas cousas en partituras. Agora mesmo, por exemplo, Serxio Cobos acaba de sacar o bailegrama, tamén moi importante, porque é unha maneira de poñer en papel e de ir estudiando distintos xeitos de bailar, pois por zonas, non? E, ademais, cunha nomenclatura común, con un xeito de entendela común, que eso é en realidá cando as cousas empezan a avanzar, e se poden estudar.

Entón, pois eso, o mundo das recollidas para os que fomos nalgún momento empezou sendo como un hobbie, como algo que... bueno, porque entramos nunha asociación cultural donde bailabas e onde podes descubrir que as nosas xentes cantaban e bailaban, e onde vas vendo que non só e unha forma de divertirse senón que é algo cultural, moitísimo máis grande do que tu podes empezar a ver. Entón, eso que fai? Fai que cada fin de semana, que era o que tiñamos libre, decidíramos, moita xente, non nos solamente, moita xente daquela... decidíramos ser recompiladores de material, que xa se procesaría. E creo que aínda se está empezando a procesar, eso é o resumo.

Xa me fuche definindo as primeiras recollidas e como foi cambiando, pero igual me podes comentar sobre os medios cos que contabades ao principio que serían, sobre todo comparado co que hai agora, bastante precarios. E se iso supuxo despois un avance ao ter máis facilidade con certos medios de gravación de imaxe, de audio, etc.

Cando empezamos, principalmente de pasta, de pasta e da idade que tes, por exemplo, se ti vas de recollida con 15 anos, te presentas na porta dunhos señores que non conoces de nada e lle vas preguntando por esto, o escepticismo da xente é bastante grande; non salía nada en televisión, logo despois xa empezou a salir xente maior na televisión cantando pero, claro, cando nos empezamos non había de nada. Entonces non é solamente os cartos, que non tiñamos, porque, bueno, se a xente da nosa idade se divertía o millor indo a unha discoteca, pois nos os cartos que podías ter os invertías en gasofa, para o que era mallor de edá e acababa de comprar un coche, porque o resto nin coche nin edá para conducir... e comendo bocatas, porque pasta para irte a comer a algún sitio non tiñas... indo a sitios non demasiado lonxe, porque tampouco tiñas posibilidade de irte e durmir fora. Por eso eu penso que a parte de Lugo quedou bastante abandonada hasta bastante máis adiante. O millor cando eramos novos fomos unha vez aos Ancares, a xente súper pechada, non recolles nada... non podes volver, osea, é inviable... carreteras? Non hai as carreteras que hai agora. Eran demasiadas dificultades, por así decilo, e logo os medios: unha gravadora de cinta de cassette das de antes... dixital non había, bueno si, había para os que traballaban nas televisións: o DAT. Incluso, nos, pasado o tempo, chegamos a mercar un miniDAT. Que pasa? Que nos cando mercamos o miniDAT empezou a haber tanto... que quedou o miniDAT obsoleto en nada.

Logo non sei outra xente, nos por exemplo, no grupo de traballo que fixeramos aforráramos mogollón e nos mercáramos unha cámara máis ou menos decente. E agora por exemplo vexo, comparo, gravacións que temos nos con gravacións de máis ou menos da mesma época doutra xente, e que as nosas gravacións teñen algo de mellor calidade. Pero creo que o problema non está ahí, creo que o problema está na calidade do que gravamos, porque agora revisas esas cintas e ves mogollón de cousas que non preguntamos, osea, cousas que pasaron por diante dos nosos ollos e nin sequera nos decatamos. E eso xa non é recuperable, porque non hai a quen preguntar esto que perdiche. Porque igual nesa recollida hai unha muller de 80 anos e outra muller de 50, moi ben, a de 50 igual está viva pero non viviu a metade do que viviu a que tiña 80,

cando hai 30 anos. Entón, estamos falando de persoas que farían agora 100 e pico anos... esa información perdeuse e é unha das cousas que creo que vemos todos os que vamos de recollidas, ou fumos.

Cada informante é un mundo, aínda que sexan da mesma aldea, e é o mesmo ca nos, ti vas con outra persona, e o procesamento das cousas é diferente á túa compañeira de pupitre, por moitas cousas: a ti che afectan unhas cousas, cantas... ti podes aprender catro melodía e cantas unha, e a túa compañeira outra, e aprendíchedes as mesmas. Incluídas coplas, a ti che acordan algunhas que che fixeron algo a ti, e a túa compañeira acórdanlle outras... Bueno, o de cada un conta as cousas segun lle foi, máis real imposible... Cada informante que morre, é un mundo... Entón, a labor de saber cando as cousas son conxunto, pois é cando preguntas a moita xente e ves que hai denominadores comúns. Pero claro, senón lle fas a toda a xente a mesma pregunta, é un denominador...pois....

Por certo, que non che preguntei, as recollidas que levas feito, falábasme que tiñas un grupo de traballo, e quería saber cal era esa ubicación ou o nexo dese grupo de traballo.

A ver, nese grupo de traballo, a primeira conexión foi o grupo de baile onde estabamos que era Cantigas e Agarimos. Entonces, o director de Cantigas por aquel entonces empezou a ir de recollida. Osea, cando eu entrei no mundo do folklore, basicamente os bailes, e todo o que se facía estaba acompañado por gaita, para empezar a falar do caso. E había moita reminiscencia da época da sección feminina nos grupos. Pois, naquel caso, eu creo que tiven a sorte de entrar nunha agrupación onde o director empezaba a ir de recollida, e tu a cada recollida que íbas, que íbas... el lle dicía a xente que quixera que fora.... E entón, a cada recollida que ías, vías que a gaita brillaba pola súa ausencia, a música era exclusivamente de pandeireta e, é máis, exclusivamente, practicamente, exclusivamente de mulleres. E, bueno, a min concretamente xa me fascinaba o mundo do baile, porque eu entrei en Cantigas e Agarimos para bailar, pero descubrín o mundo da pandeireta e me fascinou moitísimo máis o mundo da pandeireta. Entonces cada día quería saber mais e, bueno, logo non é o mesmo ir de recollida co teu director, o director tamén era así un pouco daquela maneira... e en Cantigas se empezara a facer unha escola, unha escola para... digo agora para nenos, como se nos foramos tan grandes, pero bueno... entoces eso tamén che fai que tu teñas, que ti tes que

ter material... que ensañas? O noso director non sabía tocala pandeireta... enton ti vías ahí esa cantidade de material... e decidimos que nos gustaría salir de recollida.

Entonces, bueno, pois eso... aforramos para comprar unha cámara, un dos do noso grupo de traballo era maior de edá e nada... decidimos que en vez de salir de discoteca que nos íamos ir de finde polas aldeas. E foi o que empezamos a facer, e unha cousa leva a outra, e entonces bueno.... O grupo de traballo durante moito tempo eramos os tres colegas que éramos: un deles deixou o mundo do folklore hai moitísimos anos, e outra coa que sempre tiveron unha relación, e sigo tendo e seguimos indo de recollida é Montse Rivera de Leilía. Entonces, en todo este tempo, fomos de recollida tamén con outra xente, osea, tamén coincidín con Luís Prego, con Pichi Abollado... agora teño moita relación tamén para ir de recollidas con Xermán Muíños... Pero o noso grupo de traballo, en principio daquela, era ese grupo que estabamos, que empezabamos a dar clase, lle dabamos clases a mesma xente e entón, bueno, pois un pouco tamén repartías o xeito de mirar as recollidas pos dese xeito, según ao que cada quen se ía a adicar. Eu empecei o mirar o mundo das recollidas con visión da música, da pandeireta, e Monste e Amancio miraban as recollidas con visión do mundo do baile, e Manolo Nieto, que tamén xa deixou todo, que era o gaitero, miraba as recollidas en visión do mundo da gaita, non?

Entonces, eso foi durante... bueno... para min durante moitos anos non, practicamente durante toda a vida, nunca deixei... outra xente si, Manolo Nieto xa non está no mundo tradicional, supoño que tocará a gaita pero non de modo profesional, por así decilo; e Amancio tampouco. E bueno, dentro deste mundo, cada vez que entrabamos nun grupo con xente nova lle decíamos á xente se quería vir de recollida. Temos chegado a ir de recollida, que creo que tampouco fixemos moi ben nese caso, a veces estábamos máis dos que recollemos que dos que informaban, que eso tampouco é bo.

Agora, xa me adiantache un pouco o obxectivo das recollidas, que era principalmente ter material para aulas, supoño que para aulas e espectáculos.

Si, bueno, aínda que ao principio de todo... espectáculos, non entendidos como agora, porque, a ver, agora mesmo falamos dun espectáculo e xa o primeiro que pensamos é nun grupo folk, ou un grupo de pandereteiras que se sube a un escenario... eso non existía... o grupo de pandereteiras exclusivo a subir a un escenario? Non. De

feito, desde que eu empecei de recollida hasta que Leilía subiu a un escenario, que foron as primeiras en subir un espectáculo de pandeireta integramente a un escenario, pois pasaron 5 anos ou 6. E a xente, moitísima xente, dicía: esto que é? Osea, xente galega que nin sequera sabía... Porque a xente que non estaba metida dentro do mundo do folklore, non tiña nin *pajolera* idea de que en Galicia se nin se bailara, nin que se tocara a pandeireta, nin nada... a xente que non estaba metida no mundo do folklore asociaba a música galega única e exclusivamente á gaita. E estaban os grupos folk que sonaban moitísimo mais a música irlandesa ou escocesa que o que hoxe en día, que sona a música galega, osea é música galega por tódolos poros. E eso creo que é gracias á xente que fumos de recollida e á xente que puxemos en valor eso que recollías.

Pero, entón, pensando en espectáculos non, osea pensábanse en espectáculos de grupo de baile cos que salías. Había algún espectáculo folkórico que tamén... como que quedaba de reminiscencia daqueles que había na época da sección feminina, en donde había acontecementos grandes en donde se facía unha representación do baile rexional... Por exemplo, eu lémbrome que había un programa en Televisión Española que era *Gente Joven*, que era eso, un concurso de grupos de baile de toda a península. Era ao máximo que podías aspirar. Existían as Xornadas de Folklore Galego, que seguen existindo, hoxe en día son simplemente de mostra pero antigüamente era un súper concurso, era unha pasada, osea, gañar ou participar no concurso das Xornadas de Folklore Galego en Santiago era top.

Entón... eso cambiou moito, porque a música galega saliu, deixou de estar pegada e interconectada exclusivamente ao mundo do baile tradicional, que creo que eso é *muy bo*. Osea, eu hoxe en día creo a música galega goza dunha saúde espectacular, espectacular... porque calquera galego, creo que calquera galego, coñece música galega, ou coñece algún artista galego que saliu da música tradicional e eso é realmente o que fai que siga sendo do pobo, que siga sendo nosa. Senón da outra maneira é simplemente un... un algo de museo.

Para pechar este tempo dedicada ás recollidas, gustaríame que fixeras algún tipo de conclusión. Xa fuches valorando algunhas cousas pero, sobre todo, do que se fala moito é de que ao final hai enormes arquivos de horas e horas de gravación e comentabas, non? Que falta un pouco pois organízalos, analízalos... Tamén podes

facer unha conclusión do que ti consideras que foi ou que é todo este proceso das recollidas e a súa, digamos, o proceso e o que ben despois.

A ver, eu o que che dixen ao principio, creo que está empezando a vir algo.

O proceso pois foi un proceso duro e... un pouco pobre, por así decilo, por como se empezou. É dicir, como estando ahí o traballo de Dorothé Schubarth por exemplo, que o traballo de Dorothé Schubarth xa estaba ahí cando nos empezamos a ir de recollidas, e nos, por exemplo, non sabíamos nin sequera que existía Dorothé Schubarth? É un pouco para poñerte... donde está a xente que empezamos e donde estamos... entón, bueno, empezamos dunha maneira pobre, por así decilo, que dalgunha maneira fomos medrando e creo que medrando para ben porque grazas a esos pobres hoxe en día tu estásme facendo esta entrevista. E creo que eso é *muy* bo. Que é unha pena por non empezar antes... porque por non chegar a este punto antes... pero que... bueno, que a ese nivel creo que non é tarde porque está esa recompilación, as gravacións están ahí, anque non se poidan estudar todo enriquecedoramente que puidera ser no seu momento e... si que se poden estudar, hai moitas cousas gravadas, hai moitas cousas que se poden sacar, e conclusións que se poden sacar.

E agora creo que gracias a... non sei como decilo... ao vivo que está agora a música tradicional, hai moitísima xente que se interesa por vir a grupos de música tradicional simplemente a aprender, non por chegar a ser unha gran música, nin por chegar a ser... Nin Berrogüetto, nin Leilía, nin nada... simplemente por aprender, porque consideran que é algo cultural. E hai moitísima xente, xa desde nenos pequenos, que están empezando a facer carreiras, ou están... na súa mente está poder procesar isto que están aprendendo agora, que o viven, que é algo tradicional, que é algo como un xogo para eles... e que o ven como unha profesión. Que cando nos empezamos, ninguén vía isto como unha profesión, eu me fun dando conta ao longo do tempo que non daba salido de isto, que é a miña profesión, pero non foi porque eu decidira: eu voume dedicar a isto. Osea, os pasos que fun dando me foron levando a que eu hoxe poida vivir desto, que estou súper agradecida, pero non é algo como que tu...eso... pos tu eres un rapaz que cando empezas a andar se che da ben correr, e decides dedicarte ao atletismo... xa é unha cousa que ti desde pequeno dices: eu quero chegar a el. E creo que agora mesmo eso no mundo da música tradicional é posible, e hai nenos que son unhas máquinas tocando, que xa teñen 10 anos e son espectaculares, que levan desde os

4 anos mamando música ou baile tradicional, e que están... e que farán proxectos con eles, uns máis grandes e outros máis pequenos.

E agora me está vindo a mente Fran Sieira: Fran Sieira é un rapaz ao que nos lle demos clase cando tiña 4 anos, 5... lle daba clase Montse. E eu babexo cada vez que o vexo, o proxecto que ten, o súper bailador que é, que sempre o foi, non? E é unha persona que agora mesmo se dedica á danza profesionalmente e que nunca esquece cal é a súa danza, e que ademais ten os medios e a formación necesaria para falar da danza tradicional, falar da danza contemporánea, da moderna e da do futuro. Que eso é realmente o que temos que esperar para a nosa cultura, porque eso forma parte da nosa cultura, que creo que é o importante.

Pois xa enlazamos co seguinte punto, que é un pouco reflexionar sobre a situación actual da música tradicional, porque é outro dos eidos que ao ser contemporáneo non teño máis referencias que falar con persoas que estades no mundillo. Entón, unha cousa que eu creo que é moi importante, sobre todo por como o vivín eu, pola miña xeración e como empezou a miña conexión coa música tradicional... é a relevancia das aulas e das escolas como o punto onde hoxe en día se empeza a coñecer, a adentrarte no mundo da música tradicional. Sabemos que actualmente a transmisión oral non existe como tal, polo que creo que un punto fundamental para a música tradicional é a inexistencia de aulas e escolas onde se traballe con isto.

Eu penso que tamén, de feito creo que, como che dixen antes, eu creo que goza de moi boa saúde e creo que ten que ver con esto, con ese tipo de aulas. E logo, é como todo, é certo que houbo un *boom*, non se sabe moi ben de onde ven, pero eu penso que si que se sabe un pouco. É dicir, para que haxa un *boom* ten que haber unha xente que se dedique a eso... esa xente teña a capacidade de convencer a outra xente de que eso é un xeito para divertirte, entón cando ese traballo está ben feito. Osea, cando a xente que foi a empezar a ir a ese tipo de aulas fixo que a nosa música e que o noso baile fora o seu xeito de adivertimento, fai que outra xente se interese por ese xeito de divertirse.

E eu creo que é a realidade, evidentemente, se non existen esas escolas este proceso non sería posible, porque o que ti dis, a transmisión oral cortouse, a cadea de transmisión oral cortouse antes de que nos empezamos de recollida. Entón, creo que nese momento as asociacións culturais ou grupos de bailes, ou incluso AMPAS das

escolas, tamén había nas escolas actividades extraescolares que en vez de ser fútbol era baile tradicional, non? Que logo despois pasou tamén a ser pandeireta. Entonces todo eso fai que cada vez máis xente se achegue dunha maneira ou doutra ao mundo tradicional, e que logo cada quen vaia collendo o seu camiño.

Por exemplo, na miña familia, vamos poñer por caso: todas as miñas sobriñas nalgún momento viñeron a clases de pandeireta e a clases de baile, non todo o mundo seguiu... pero todo o mundo coñece este mundo: todo o mundo baila, todo o mundo pode cantar algo... entonces estás en calquera festa, e en calquera momento ti podes ser... facerte partícipe do xeito de divertirse da outra xente, que creo que é o importante para que unha tradición, ou para que algo cultural se manteña vivo. Non que chegues a ser nadie fantástico, sinón simplemente que teñas coñecemento da súa existencia.

É como xogar ao *brilé*, pois chega un momento da túa vida que deixas de xogar ao *brilé*, e outra xente vai a ser deportista profesional e vai a xogar a outro xogo parecido ao *brilé*: *badminton* ou o que queiras.... Entón creo que é un pouco o mesmo.

Entón, esas escolas son súper importantes e máis importante creo, que agora mesmo xa estamos ahí, estamos dentro dos libros de música na ensinanza, na ensinanza regrada, por así decilo. Que é un pouco o que lle falta á nosa música, lle falta que esteamos incorporados nunha ensinanza reglada, e que si tu na escola che eneseñan a tocar a frauta, como lle enseñan a moitos nenos, pois que che ensinen as primeiras catro notas en vez de con *Pajaritos a volar*, con *Muiñeira de Lugo*, que é moi fácil. Osea, quero decir, a ese nivel é un pouco o que nos falta, pero creo que estamos indo nese camiño. Eu alegreime moitísimo cando meus sobriños chegaron a casa cun libro onde Leilía estaba no libro para estudar. E donde os mestres lle mandaban facer traballos de grupos de música tradicional galegos, entonces, bueno, o que che decía entes, eu creo que estamos no camiño, que si, que vai lento? Que podía ser de outra maneira? Certo, pero tamén é certo que as administracións sempre van *muy* por detrás do que fai a xente. Osea para que unha administración chegue a poñer algo sobre a mesa, leva no pobo pff... o indecible.

En relación a isto, eu creo que sobre todo nos últimos anos hai... eu chameille así, probablemente despois cambie o termo, pero unha especie de revival social, é dicir, que a música agora mesmo non é solo parte dunhas aulas e espectáculos, senón que retomou unha das funcións e dos usos que tiña antigamente, o que falabas ti do

divertimento. Creo que, probablemente, sempre estivo este fío pero creo que hoxe en día é moi notable que volve ter, é dicir, que as foliadas volven a ser foliadas co uso que se saba antigamente, que ao final era socializar e desfrutar.

Si, eu estou totalmente dacordo con eso, e é máis, creo que se iso non existira non chegaríamos ao punto no que estamos. Eu creo que é, para min, é *mu*y importante que se... que poidas... que o mundo tradicional sexa académico pero creo que é moito máis importante que o mundo tradicional sexa de todos, para o pobo. Baixo o meu concepto, porque creo que culturalmente é moito máis enriquecedor, é dicir, que chegamos a que calquer galego simplemente polo feito de nacer aquí, pois igual que sabes falar galego porque naces aquí, non porque sexa unha ideoloxía de ningún partido, nin nada... é simplemente culturalmente.

Nos non podemos... non somos iguales de ningunha maneira á xente do Sur, de Andalucía, nos aquí, simplemente o noso tempo: a chuvia, o frío... fai que ti te relaciones e vives doutra maneira diferente. Te relacionas nun sitio pechado, non te relacionas na calle, porque aquí chove e en Andalucía non chove. Entón, todo eso xa fai que a túa idiosincrasia sexa diferente. Entón, eu creo que a nosa música forma parte da nosa idiosincrasia, a nosa música e o noso xeito de divertirnos. Que antigamente se divertiran deste xeito e que fosemos capaces de conservalo, e de ser capaces de seguir divertíndonos do mesmo xeito, creo que realmente, simplemente o que fai é que nos autentifica como pobo, como xeito de vida, como unha idiosincrasia nosa, nosa que pode ser paralela ou parecida a de outro pobo pero que ten as nosas particularidades. E que sexamos quen de conservalos paréceme *mu*y interesante a nivel cultural, e a nivel simplemente de que... de que teñamos as nosas diferencias con outras culturas. A min eso me parece rico, hai á outra xente que igual lle parece que non... que prefire que sexamos todos iguales.

A min me parece súper enriquecedor que falemos distinto, que vistamos distinto... que moitas cousas distintas. Porque evidentemente nun sitio onde fai mogollón de calor viven doutra maneira e dun xeito diferente a donde fai mogollón de frío. E eu non vou a ser igual que un tipo que vive nin iglú... é inviable. Porque nun iglú se relacionan tres, e aquí 20, e noutro sitio 60, e non é o mesmo.

Entonces creo que eso ten que formar parte. Si solamente é algo académico, eso nunca vai formar parte do pobo, porque solamente será mentres o estudies e dices:

bueno, vale, o estudio, sei que en Galicia se toca a pandeireta pero eu non vou aprender. Osea, eu culturalmente e académicamente sei todos os instrumentos que hai nunha orquesta, pero eso non quere decir que os saiba tocar. Me parece máis interesante que toques fatal, pero que se che poñen unha pandeireta na man saibas facer: pápara, pápara, pápara... ou pum-pum, pum-pum a medio ritmo. Porque eso me parece que forma parte do teu interior e da túa maneira de vida e que podes comprender a túa historia, os teus antepasados, de algunha maneira.

E, entón, eu creo que as escolas que existiron ata agora, que son escolas non académicas, é decir, que tu aprender simplemente a amar, a querer, a respectar e a facelo da túa propia vida, eso que foi noso de siempre. E que logo, se tu queres, chegar a facer algo máis, tes o material suficiente para decir: pois me vou a ir e vou a ir a facer desto a miña profesión, ou, pois me interesa moito máis e que teñas onde poder estudar unha carreira. Que o haxa, que ten habelo, creo que ten que habelo. Porque sinón tamén volvemos a caer no mesmo, pode morrer. Porque as modas tamén pasan, e non ten que ser unha moda, ten que ser... Entón creo que van as cousas, van ligadas, pero unha non pode suplir á outra. Ningunha das dúas.

E logo eso, o que dis, de que a xente agora que se divirte... Pero non é exactamente como era antes, antes non era solamente diversión, era socialización, certo, pero por exemplo, agora mesmo, tu estás nunha foliada non... bueno, ás veces si, ás veces o fas... pero non da mesma maneira... inventar coplas, por exemplo, falar do que pasa... Que o que tiñan as coplas de antes é eso, as cantigas de antes falan do que pasa todos os días: que se nace alguén, que se morre alguén, que se te metiches co outro, que se a noite anterior durmiches no palleiro co do outro lado... cousas que non decías, que non lle decías a ninguén falando porque igual había... igual si que llas decías cantadas nunha copla... non sei... osea, cambian cousas pero bueno, está ben que cambien cousas, quere dicir que está vivo, que evolucionas... estou segura que a xente á que lle recollimos nos non era o mesmo xeito, exactamente o mesmo, que cando estaban as súas abuelas ou bisabuelas. Evidentemente é moito máis diferente porque a vida cambiou moitísimo máis en 70 anos para aquí que en 200 atrás, eso tamén...

Continuamos agora cun apartado que igual é algo máis complicado pero que me interesa moito, e intentar incluír o enfoque de xénero dentro da música tradicional. Entón eu quería empezar cunha especie de liña histórica, entón primeiro gustaríame

saber se ti, sobre todo nesas primeiras recollidas, co contacto coas persoas de máis idade, te atopaches a presenza dos roles masculino e feminino na participación da música e do baile. Se viches a contraposición destes roles feminino e masculino.

Claro que si. Evidentemente que existía, de feito a min unha das cousas que máis me chamou a atención e que máis me gustou, é que a pandeireta era un rol feminino, a música de pandeireta e o de cantar era un rol feminino. Eso non quería dicir que os homes non tocaran e non cantaran, pero non era o seu rol. Entón ti lle preguntas ás mulleres e decías: - Quen tocaba? -Tocaban... as mulleres. -Pero solo tocaban as mulleres? -Bueno, igual algún home viña algunha vez...e se poñía ahí de lado e tocaba. Ou non tocaba e se poñía de lado e cantaba con elas.

Pero a función de tocar a pandeireta e cantar era das mulleres, a función de compoñer as coplas era das mulleres, non era dos homes. E, de feito, eu unha vez leín un escrito de Padre Sarmiento, que comentaba precisamente esto: nas súas andainas por Galicia, cando el fixo a peregrinación, que a el lle chamou moitísimo a atención ver que as mulleres en Galicia eran... como lle chamaba el?... artistas e poetisas da súa propia música. E decía que eso non o vira no resto da península. Era en Galicia no único sitio donde vía no que as mulleres non tiñan ningunha vergonza de estar cantando nas fontes, en donde noutros sitio eso se consideraba como dunha muller... de dudosa reputación. Entonces decía que aquí no, que era todo o contrario, e que eran elas as encargadas de facer esas músicas. Entón claro, se un tipo do 1700 e pico xa fala deso, e o fai como algo que lle chamaba moito a atención, está claro que o papel da muller nese sentido era *muy grande e para ben*. Que si tu miras rolo igualitario, para ben e para mal.

Si que había ese rol e no rolo do baile había o rol tamén de que si bailaba un home non sacaba un punto unha muller. Pero as mulleres tamén sacaban punto, e as mulleres bailaban mulleres con mulleres. Se fulanito non baila eu bailo contigo, non hai ningún problema. Ahora, se o home me saca a bailar, o que vai a sacar o punto é o home, a menos que el me diga: saca punto. Se non... e eso non o ves tanto nas recollidas porque ti cando vas de recollida tes maioritariamente mulleres, non tes homes. Pero cando hai homes ves ese punto. E logo eso si que se preguntou, si que se pregunta e si que se preguntou, se falaba... tamén é certo que as encargadas de telo sitio listo para que houbera a festa eran as mulleres. Tamén é certo que as mulleres non podían ir á aldea do lado á festa, eran os homes.

Entonces, os bailes de pandeireta, nos da semana, que era... logo tamén había os bailes das... festas, non? Pero as de pandereta, era unha maneira tamén de ligar. Entón as mulleres sempre falan, que eso tamén era algo que nos... a min me chamaba moito a atención.. que tiveran moitos mozos. Claro, cando no día de hoxe dis: tiven moitos mozos. Eso para nos non significa, en absoluto, para nada, o que significaba para elas ter moitos mozos. Nos hoxe en día ter moitos mozos pois tes unha relación enteira, ampla: desde sexo hasta todo. Entonces, claro, ti tiñas 15 anos e unha señora che dicía: aí no, no... eu tiven moitos mozos. E ti dicías: pero vamos a ver, se a min me teñen contado que tu solo podías estar cun home, senón xa eras unha puta, por así decilo, no? Pois non, elas tiñas moitos mozos, entonces moitos mozos quería decir que se interesaban por moitos, pero ata que lle deras a palabra a un estabas coqueteando con catro ou con cinco ou os que foran. Ahora, eso si, no momento que xa tiñas un mozo, é decir, que ese xa era o teu mozo, que falabas... como decían antes: falaba con fulanito, xa falaba... falaba con fulanito. Entonces ese mozo, se viña outro e quería bailar contigo, lle tiña que pedir permiso a ese mozo, senón ti non podías bailar libremente con outro. E eso si que nolo teñen contando moitas mulleres, non unha soa.

Entón, que pasa? Onde está o xénero? O xénero está neses roles no baile? Non, están na sociedade daquel momento. Non ten que ver co baile, nin con cantar, ten que ver cun xeito de vida dun... bueno... duns roles que había sociais. E logo hai que pensar tamén outra cousa, en Galicia, maioritariamente os homes marchan, mogollón de veces quedan aldeas que quedan sen homes por momentos determinados, quero decir, por exemplo cando había a sega en Castela en moitos pobos as que quedan son as mulleres e os homes se marchan a sega a Castela e botan alá unha semana, dúas semanas... E pensades vos que as mulleres ían quedar nas súas casas? Non, salen ás fiadas, siguen cantando, veñen os mozos doutras aldeas e bailas con eles... quero decir, eu creo que non podemos entender esa diferenza de xénero baixo o noso prisma, temos que entedelo baixo o prisma deles. E eu por moitas cousas que din creo, realmente creo que en Galicia, quen tiña a sartén polo mango era a muller. Por como falan, por como... aunque houbera algunhas normas que... pois moitas mulleres decindo: no, no, eu non lle daba palabra a ningún, que eu quería bailar con todos... Estaba na man dela, non estaba na man del.

Entonces... quero decir... tu decides xuntar... agora, se ti preguntas, estritamente bailando? Pois si, o normal é que se un home... se hai homes na fila, que saquen os

homes. Que sinón? Pois bailas cunha muller, sacas tu. Que si estás bailando cun home e que tu bailas *mu*y ben e o home quere aprender algún punto dos que ti fas, que fixeche non sei onde, que te atopas nunha feira, e eres moi boa bailadora, pois igual sacas punto. Tamén, non era o normal, pero podía suceder. Que un home tocaba e cantaba moi ben? pois podía suceder que nunha ruada, unha foliada, ou chámalle x, que tocara o home a pandeireta, pero non era a súa función, non era o seu rol. O rol estaba nas mulleres, as mulleres eran as encargadas de facer a festa para que os homes andaran de barrio en barrio. Viñan dunha romería e marchaban para outra. Entón as mulleres... no e elas o din: ai no, no, os daquí marchaban para a aldea dalá e os dalá viñan para aquí. Pero as mulleres non, tiñamos que ter o sitio se queríamos baile, tiñamos que ter a herba pisada, todo listo, os candiles con gas... para que puidera haber a festa de pandereta. Nos o que queríamos era que viñeran os de fora, porque os daquí xa estaban moi vistos.

Entón, eu sei que agora mesmo hai esa controversia e que como seguimos mantendo eses roles, non creo que os sigamos mantendo. Unha cousa e que eu estou nunha clase que che estou... igual que estou... que collo unha peza dunha señora de pandereta e che digo: a vamos a tocar como a toca ela e a cantar como canta ela. Logo, tu, na túa casa e nas túas festas fai o que queiras: inventa unha copla, inventa unha melodía, se ademais é súper rico, faino; pero non me digas que eso que estás cantando e que acabas de inventar tu é de Liñares de Avión, non, é teu. Teu con todo o que aprendiches pero teu, non de Liñares de Avión. Entón, si ti estás dentro dunha agrupación e pos encima dun escenario, que esa é outra, encima dun escenario. E que para poñer algo encima dun escenario xa o tes que transformar. Xa sei cal vai ser a túa seguinte pregunta: porque non transformas iso encima do escenario? Pois a min me parecería estupendo, pero non podemos confundir que eu o meu traballo queira amosalo desta maneira e ti o teu traballo o queiras amosar de esta. Esta non ten porque mellor que esta, son diferentes. Entonces, se eu quero decir: bueno, pois esto foi o que recollín en Liñares de Avión: cantaban así, bailaban sete parellas, ou bailaban tres, ou catro ou tal... Ben, en Liñares non se preocupan nin en facer filas, bueno máis que nada porque alí bailan en roda, igual non puxen o ideal. Pero bueno, é igual, osea non ten porque saír perfecto, non é un espectáculo, te divirtes, ti estas bailando nunha discoteca e non miras se moves o dedo meñique igual co do lado, non. Bailamos máis ou menos todos igual, non ni siquiera porque queiramos, senón porque o vas aprendendo así, pero non te preocupas deso. Se te subes a un escenario te preocupas deso. Igual que se cantas na túa

casa ou nunha festa calqueira non te preocupas se vas súper afinada ou non, se me subo a un escenario me teño que preocupar deso.

Entonces, bueno, que ahora mismo hai unha tendencia a querer obviar ese rol de género, a min me parece estupendo. Pero non te metas con quen non o quere facer, porque eses que non o queren facer son os que fixeron que ti estés ahí hoxe planteándote eso. E creo que son cousas diferentes, osea, eu creo que hai que poñer as dúas cousas e que ti o que sabes, fagas o teu proxecto, e que sea espectacular... pois todo de mulleres? Pois todo de mulleres, pero é o teu proxecto. Pero non podes decir que antigamente era así. Pero eso non o podes decir porque non era *verdá*, por desgracia non era *verdá*. Que as mulleres sacaban punto? Si, pero eso non quita que non houbera ese rol de xénero.

E xa che digo que eu para min, creo que este rolo.... Que se fala sempre que en Galicia hai matriarcado o teño clarísimo, moi claro. Pero nese aspecto... osea, por exemplo, a nivel pandeireta os homes están peleando por facerse o seu *hueco* no mundo das pandereteiras e lles está costando. Pero era así, osea, quero decir, eso quita que non podan existir grupos de pandereteiros? Home, pois claro que non, que existan, como non van existir? Ahora, non me digas: no, no, e que antigamente había cuadrillas de cinco homes tocando a pandeireta; non filliño, non os había, porque anque queiras non os había.

Acordoume agora un artigo que lin nalgún momento e que falaba do traballo de Dorothe Schubarth, falaba de que cando ela fixo o traballo de campo o ser muller lle axudou a establecer unha conexión máis próxima coas informantes, xa que a meirande parte foron mulleres. Entón quería che preguntar se ti tes atopado esta conexión nas túas recollidas.

Creo que non. Eu creo que non, que pasa? Que ao mellor, como xa viña intrínseco... non o sei. Eu creo que a conexión que para min que houbo sempre, eu vivino así durante moitos anos... e que unha vez que as mulleres accedían a tocar a pandereta e a cantar e a facer tal... creo que a elas lles daba igual se foras muller, home, gata ou bucho porque de *verdá*... eu o vin así... é como unha transformación, coller a pandereta, poñerse a cantar... creo que as transportaba a outro mundo que para elas... a outra época que para elas era moito mellor que o que estaban vivindo agora... osea, tes que darte conta que moita xente vivira en épocas antes da Guerra, sabes? Entonces eran épocas... para elas eran épocas mais felices. Moitas xente maior decía: bueno, e que

agora tedes outra forma de divertirvos, antes si que sabíamos divertirnos! Non o decía un home, o decía unha muller.

Entonces eu creo que simplemente, polo feito de que te foras a interesas por aquilo que o goberno quixo tapar, é dicir, temos que saber que estivo prohibido facer festas de pandeireta, estaba prohibido reunirse, máis de dúas personas xuntas era unha reunión ilegal. Ti como vas a facer unha festa de pandeireta, como te vas a reunir a fiar e a cantar e ir a non sei onde se está prohibido? De feito hai coplas que a xente... osea o seguiu facendo e a copla de: “Arriba no hay que temer / si nos llevan a la cárcel / nos tienen que mantener” ven deso, ven de que: mira, nos imos a xuntar igual e xa verán, se nos queren levar presos que nos leven. Pero claro eso non se fixo en todas partes.

Logo, a moitas nais lles morreron os seus fillos na Guerra e o rolo dos bandos en este país foi moi *jodido*, se estabas no bando dos que ganaron ou no bando dos que perderon, canta xente se tivo que ir ao monte... Entonces, todo eso fixo que moita xente non tivera ganas de volver a tocar a pandereta, así decía: bo, pensas que tiña ganas de tocar a pandereta... Entón, houbo unha transformación social moi grande, que eso tamén afectou á xente que tocaba e que cantaba. Entón claro, que ti chegues cando xa todo eso pasou, cando os teus propios fillos non saben que tu tocas a pandereta, nin saben que bailas... que tu petes unha porta e que digas: -Mire, veño falar con fulanito de tal. – E logo que lle queres? – Porque me dixeron que toca a pandereta. –Miña nai? Incluso de botarnos, fillos de botarnos porque pensaban que íamos a rirnos de súa nai, e vir a nai por detrás dicindo: si, si, si que toquei. E a partir de aí, cando ven que te interesas por algo que eles o teñen como algo malo, porque foi algo que lle taparon, que lle fixeron... osea, era como falar en galego, era malo tamén. Porque non aprenderon a falar doutro xeito, a xente non sabía e che pedían perdón porque para eles o galego que nos falabamos non era galego nin era nada. E entonces che estaban pedindo perdón seguido porque non sabían falar ben... todo era pedir perdóns. Entón claro que ti de repente empeces... como eramos rapaces de 14, 15, e 18 anos... que te empeces a interesas por algo que eles teñen aí tapado, eu creo da igual que seas home ou muller. Eu non sei a experiencia nese caso de Dorothe Schubarth, pero no meu caso... non, o primeiro impedimento que tiñamos era a nosa idade, que era como... a nosa idade e o tempo que eles tiveron tapado todo eso e que para eles era algo que non era bo: - E ti que ves a preguntar por esto que pasou hai non sei canto tempo? Para que queredes esto? Para nada. - A min si que me axudou a sacar unha pandereta de baixo do brazo e a

totala: - Ah! Si tocas así, algo sabes; entón é certo, o que me ves a preguntar si que che interesa.

Agora, polo feito de ser muller eu non o vivín así.

Retomando este enfoque de xénero, quería sabir a túa opinión sobre estes roles no presente pero, sobre todo, dedicado ás referentes. Consideras que temos referentes tanto no pasado, é dicir, se valoramos as informantes, porque por exemplo temos o caso dos gaiteiros: cando tocas un repertorio sabes que tocas a “jota de Poso” ou dese gaiteiros con nome e apelidos, no caso das informantes creo que é diferente. Entón por unha parte eses referentes antigos, os da tradición, e por outras actuais, é dicir, referentes musicais ou bailadoras hoxe en día.

Eu, no primeiro que falabas, os referentes gaiteiros e os referentes de pandeireta: é certo, que pasa? Creo que tamén é certo porque os gaiteiros eran singulares, é dicir, nun sitio había un gaiteiro que tiña nome e apelidos, e a profesión, e vou dicir “profesión de gaiteiro”... era unha profesión, xa desde antigamente. Anque fora unha mala profesión, porque ben sabes que cando alguén: cala que eres un gaiteiro. Non cho di porque seas un músico excepcional, senón porque eres unha persona que decidiches non traballar, coller a gaita o lombo e ir tocar polas feiras para que che deran de comer. De feito, moitísimos gaiteiros, de muy antigo, deixaron de ir a tocar cando se casaban porque tiñan que ter outra profesión. Logo, despois, cando xa viñeron os cuartetos e os grupos xa falamos de outra cousa.

Pero o que si é certo é que os gaiteiros eran unha profesión e pandereteiras non foi profesión na vida, pandereteira empeza a ser profesión hoxe, hoxe en día, vale? Eu estou dada de alta en autónomos como pandereteira, ben. Pero hasta ahora non existía, calqueira muller de unha aldea era pandereteira, cantaba.. entón, que referente colles? Bueno, pois un referente que podes... podemos collelo nos agora pero que o fas un pouco ficticio, osea, por decir...darlle un valor e porque se vexa.

Por exemplo, Leilía lle dedica todo un traballo a Eva Castiñeira, vale, muy ben. Eva Castiñeira foi unha das primeiras mulleres gravadas, en estar metida... entonces, bueno pois vale, é un dos primeiros referentes que esta ahí, que esta gravado, que podes coller, que todo o mundo pode coller en internet. E bueno, porque o fixemos? Porque no mesmo traballo que está Eva Castiñeira está tamén Florencio. De Florencio había mil

cousas e ti metías en internet, dis ti: bueno, esto está gravado no mesmo sitio terá que estar o nome desta señora tamén, e non estaba. Eso si que está muy mal, osea, porque sale o nome dun tipo que está no traballo e nons ale o dunha muller. Para min ahí ten o mesmo valor, entonces, si que pensamos que había que darlle un valor. Porque antes non se lle dou? Pois precisamente por eso, porque se ti vas a unha recollida e tes sete informantes, non é a muiñeira de Poso, non é a muiñeira de Eva, non é... é de un conxunto de xentes, entonces eso fixo que esa figura non existise, por desgracia. Logo empezaron a nivel pandereteiras, empezaron figuras a nivel grupos, e entonces xa nos vamos ao mundo actual.

Non mundo actual, referentes? Si, eu creo que si. Pois iso, desde Leilía, mulleres que saliron do mundo tradicional: Guadi Galego, Uxía Pedreira, Mercedes Peón... que sei eu... eu creo que si, temos infinidade de referentes.

A nivel baile? Pois non, non temos referentes. Un referente vai poder ser agora mesmo, como che contaba antes, Fran Sieira. Pero se non tampouco referentes... E porque non hai referentes? Polo mesmo que non houbo das pandereteiras antes. Non hai bailadores solistas. Como moito... nin parellas hai. Entonces... eso, ou o levas a outro mundo como está facendo agora Fran Sieira, ou é moi difícil, é difícil porque non hai espectáculos, que se teñen que facer, cuidado! Pero non os hai de momento de baile tradicional... que estea solo. Fixo ahí atrás Quique Peón, cando quitou tal.. pero bueno, e que quenes nos enteramos deste tipo de espectáculos? A xente que estamos no mundo do tradicional e eu creo que eso non é ter referentes. Os referentes son cando tu chegas a todos, independentemente de queiras seguir por ese camiño ou non. É dicir, todos coecemos a Camarón, non vamos a tocar a guitarra, nin somos andaluces, nin nada, pero todos coecemos a Camarón.

Entón eu un referente lle chamo a eso, lle chamo cando sobrepasas un pouquiño o que é o teu ámbito. Como digo... eu creo que a música galega está muy viva, porque moitísima xente que non vai a ningún grupo de baile tradicional, nin de musica tradicional, sabe quen é Berrogüetto, sabe quen e Leilía, sabe quen é Guadi... eso é ter.. estar no mundo.

Rematamos cos puntos que tiña previsto, se vas ben de tempo propóñoche un par mais de preguntas, xa que apareceron máis cousas segundo fun avanzando coa tese nestes días. E como no mundo académico hai moi poucas referencias vanme xurdindo

moitas preguntas que facervos a profesionais coma ti. Así que, un dos apartados nos que estou traballando fala de forma xeral das características musicais do canto en Galicia, unha das cousas que considero característica fundamental é a distribución xeográfica do canto, porque non é o mesmo un cantar dunha aldea que doutra. Consideras que esta distribución xeográfica é relevante e porque? Relacionado tamén cos sobrenomes de jota ou muiñeira de non sei onde.

Esos nomes dámosllo porque a xente que empezamos a ir de recollida puxemos en valor o sitio onde o recollíamos, sabes? Igual que nos gaiteiros o que fas é muiñeira de Poso, e Poso vive nun lugar concreto, vale? No mundo da pandeireta o que fixemos foi darlle valor ao lugar, que logo despois a medida que fomos medrando, medrando, eso mesmo se volveu contra nos. E agora dígoche porque, porque no principio cando empezabas a ir de recollida, tu dunha alde, de Liñares, pois o millor alí en Liñares che cantan catro tonos diferentes para a jota. Entón, ti ao principio collías o tono que máis che gustaba, entonces era Jota de Liñares. Agora cantas jotas de Liñares hai ahí polo mundo, e nin teñen as mesmas cantigas, nin os mesmos... nin é o mesmo tono. Tono me refiro non á altura, senón á melodía: os vellos nunca falan de melodías, falan de tonos.

Entón, eso se volveu contra nos, e logo a pregunta que me fas de que si este canto non ten que ver con este outro aquí, non entendo muy ben que me queres dicir.

Reformulo, digamos que cada aldea ten o seu canto propio, é dicir, uns tonos propios, un xeito de tocar diferente ao do lado. É dicir, ao final esa delimitación xeográfica é o que distingue os subgrupos do canto tradicional.

Si, bueno, pero penso que eso tamén pasa ca fala, e todo eso se vai difuminando, non hai unha raia que diga aquí se toca así e aquí se toca así, no, eso vaise difuminando. Hai xeitos de tocar, un pouco o que che dicía ao principio, hai xeitos xerales de tocar que son por zonas. Pois unha empuñada... co puño, eu sei que non o vou atopar en Ourense, non o vou topar en Lugo, non o vou a atopar en Pontevedra, agora non sei... sei que é unha zona bastante característica de Galicia, pero non sei se non o vou atopar noutra porque eso anda. E, de feito, un empuñado, que a zona máxima dos empuñados estamos falando da Costa da Morte... chegan os empuñados ata Bembibre. E logo segues estudiando, e ves que o soniquete do empuñado telo na man dereita de Carcacia. Entonces non todo está tan pechado como pensamos, nen todo e tan... Hai cousas que si, que son xeográficas, pois igual que a fala. Ti estás en Ourense e non escoitas gh...

non hai gheadas tan puras, nin os seseos que atopas... Por exemplo, na Costa da Morte se ves cara as Rías Baixas hai un seseo que te morres, chegas Cerqueda e non hai un solo seseo. Entonces, todo eso está dentro tamén da música. Eu, supoño que os que estudian a lingua terán un porque de que hai eso, eu non o teño, sei que existe.

Despois, seguindo con estas características do canto a nivel moi xeral. Tamén atopei un pouco de carencia en referencias no apartado dedicado ás características melódicas, e dicir, se hai algunhas características melódicas que son comúns a todo territorio galego, se ti atopaches. Por exemplo, Schubarth fala das composición das melodías, que normalmente non son moi extensas e ou ben fan tónica, suben e volven a baixar, ou ben van dende unha quinta e resolven. Entón se ti consideras que hai algún aspecto melódico, ou doutro tipo, xeral a todo o territorio galego.

Eu creo que aquí quen máis pode falar máis e alguén que teña coñecementos musicais, eu non os teño, eu non podo falar neses términos. Teño escoitado falar neses términos igual que hai moita xente que di que en Galicia hai moito modo frixio.

Si, eu creo que o propio ritmo que levamos xa che marca un movemento, un... e logo cando cantas, as melodías, si, son melodías sencillas pero bueno, eso tamén forma parte da música tradicional en si, porque si a cousa non é muy sencilla non todo o mundo a cantaría, e as cousas populares precisamente son populares porque as da feito o pobo, son populis. si algo é moi, moi complicado o farán dous, que seguramente existiría xente súper fantástica que faría cousas increíbles, que non chegaron a nos, sería algo característico desa persona. Pero as cousas xerais e populares... Pero xa che digo, eu creo que a esa pregunta mellor que che conteste alguén que teña coñecementos e, sobre todo, a mesma jerga.

Chegamos entón ao remate da entrevista, xa che preguntei todos os puntos que tiña planificados, así que emplázote a próximas conversas en canto me vaian xurdindo máis dúbidas. Sobre todo tendo en conta que non abundan as referencias bibliográficas e que no campo no que me movo, o da universidade, son fundamentais, polo que seguirei tirando de profesionais coma ti, ademais que me interesa especialmente porque entendendo o como entrei eu no mundo da música tradicional, a túa xeración foi fundamental, xa que foi da que aprendín directamente, e fai que me interesa a nivel académico e persoal.

Si, eu confío na vosa xeración. Si porque realmente creo que quen ten que poñer agora en valor académico sodes vos, nos chegamos tarde opara eso. É dicir, cando empezamos, empezamos como empezamos... si inda non sabiamos o que nos íbamos a enfrentar. E logo, non había nada recollido... vos agora, polo menos, tedes un algo que hai xente que fixo algo. Pero cando empezamos nos, que había? Nada. Non había nada e pouco que había non o coñecíamos, porque do traballo de Dorothé Schubarth... cando fomos a preguntar unha vez ao Consello da Cultura Galega, a ver que cousas tiñan gravadas, porque sabíamos que había cousas, e estaban os cassettes de Dorothé Schubarrth, os DAT alí apilados, nun archivador, sabes?

Entonces, bueno, despois salen á luz eses trabalos que fixera Alan Lomax, pero tamén saíron moito despois. Pois isto igual, creo que foi unha rapaza de Xaca, Belén Mato, creo que non sei por quen descubriu que estaba feito, e ela cos seus medios e as súas historias se puxo contacto con quen podía ter ese material e se reeditou aquilo, pero moitísimo mais tarde.

Entonces, bueno non sei, creo que hai máis material, hai a pena que hai personas que xa non están pero que hai moito mais material para poder traballar. E xente que enfocastes os vosos estudos ou o que sea a este campo.

ENTREVISTA A FRANSY GONZÁLEZ. 21/07/2021 - ARTEIXO

Para empezar co tema das recollidas, estouvos pedindo ás compiladoras que me deades unha posible definición de recollidas, do que foi ou do que é. Ou ben enlazando con cales eran ou son os obxectivos.

Recollidas sería traballo de campo. Eu empecei no ano 84, tiña 13 ou 14 anos, cun grupo de investigación da asociación. Eu empecei, e sigo, con Xiradela. Xiradela fundouse no 82 e a partir do 84-85 empezouse a recoller... como había grupo de baile fíxose un grupo de investigación para que esas persoas puideran bailar, montar bailes... íbamos ás aldeas a facer ese traballo de campo ou de recollieta de cancións, bailes...

En este caso, vos faciádelo na zona. Xiradela está en Arteixo...

Nos empezamos en Arteixo, no ano 84-85 só Arteixo, e a partir do 86 que se formou grupo de investigación que che digo. Formáronse tamén as pandereteiras de Xiradela... foi xusto nese ano, no 86.

Empezamos arredados de Arteixo, e centrándonos moito na comarca de Bergantiños. Porque empezamos no 86 en Imande, Caión... entón íbamos empezando por todas as aldeas que coincidía que era Bergantiños, e vías tanto que había. Porque hai xente que me di: e por Pontevedra non recolleches? E eu: si, pero moito menos, porque como tiñamos todo aquí ao lado da casa, pois empezas, empezas... e non das acabado. A parte xusto neses anos, que a partir do 84-85 hasta o 2005 máis ou menos... claro tiñas todo ao lado da casa.

Entón mais ou menos o marco temporal do forte das recollidas cal foi? E non sei se agora seguides facendo...

Agora case non hai, eu agora fai tempo que non fago recollidas como tal, igual ir a un sitio e atopar unha señora e cántache algo...

Pero empezamos no 84-85, finais dos 80 e todos os 90. Eso foi o *boom* das recollidas ata o ano... nos ata o ano 2008-2010 pois si que atopabamos cousas, o que pasa que eu creo que a partir do ano 2000-2002 as vellas xa ían a asociacións e historias, aprendían a tocar a pandeireta, entón xa tiñas que ver... esto é de antes, esto é de agora, aprendérono con algún profe... tiñas que ter máis cuidado de si era de verdá ou non como de antes. Pero bueno, finais dos 80, mediados, dende 84 hasta o 2000.

Tiñades un grupo de traballo na asociación, entón como faciades? Porque ti eras moi nova, había alguén con mais experiencia... ou era por simple necesidade para dar clases ou montar un grupo.

Como en Xiradela se empezou cun grupo de baile, de danzas... éramos un grupo de amigos, que todos eran maiores ca min, eu era a máis pequena. Eu tiña 13-14 pero os demais tiñan de 20 para arriba. Porque eu son unha das socias fundadoras, pero puxéronme no libro de actas, pero con 10 anos xa me dirás que socia fundadora son! Puxéronme de última, sabes? Pero eles eran un grupo de amigos que se xuntaron, que tiñan mais de 18 anos para poder facer a directiva. Entón eu tiña moitos menos anos e estaba igual nese grupo.

Entón como ese grupo era de baile, que eu bailaba con eles aínda que fora 8 ou 9 anos menos que eles, como había que montar bailes e todo eso pois empezouse a... o típico... como empezamos en Arteixo: conocemos a non sei quen que sabía cantar. E de uns a outros empezamos así.

O que dis ti si eles, si este grupo de investigación tiña mais idea ca min... empezamos todos de cero, así.. cunha libreta e un boli, e apuntabamos todas as coplas e mandábamnos parar as vellas: a ver que dixo aquí? E todo apuntado...

Como eran os medios das primeiras recollidas?

Medios nada, primeiro eso, o típico, coñecer a onde vamos a ir: bueno, dixéronnos que Maruja de Arteixo sabía cantar. Entón vas a xunto ela e o principio cun papel... coche, papel e boli, nada mais, non tiñamos nada mais.

Despois como víamos que non dabas apuntado, pois unha gravadora, que con eso estuvemos anos e anos. Eu aínda ando con ela, e a veces aínda escoito, de noite inda poño e escoito cousas.

Pois eso, cunha gravadora e nada máis. E o seguinte paso? Pois cámara de vídeo, evidentemente. Nos anos 90 houbo unha recollida na Silva que foi espectacular, non sei, igual había 100 persoas bailando, todo o pobo, e eu decía: que pena de tres cámaras, porque con unha non facías nada, claro! Un punto aquí pero estaban facendo... facían grupos como antigamente... facían mogollón de grupos de xente e non dabas gravado.

Pero bueno, os medios... ganas moitas, porque claro eu a primeira vez que fun no 84, no 84 fun a Arteixo e escoitei a unha vella nada mais; pero a primeira recollida así que fun con eles foi Imende, no 86, eu estaba así (coa boca aberta) todo o rato: eu non escribo nada, solo escoito, se queredes escribir escribide, se queredes preguntar...

Claro, iso contábanme moito, que o que lles pasou foi que antes de facer unha recollida non tiñan idea do que era a tradición, e no momento... O final a motivación mais que para un espectáculo foi para coñecer isto.

Exactamente. E que nos empezamos cando fumos a Imende no 86, xusto acabábase de formar o grupo de pandereteiras, e necesitábase cancións... non solo polo baile... buscabas tamén cancións e cousas...

Eu era moi pequena pero fun a encargada de... esas primeiras recollidas, nese grupo de investigación, si que entre as pandereteiras, entre dúas ou tres escoitabamos as gravacións, intentábase sacar as cancións... pero a maioría, eu con 16-17 anos xa as sacaba eu. O proceso de escoller as coplas, aquí escollo estas coplas, e montala e todo... eso facíao eu.

Supoño que tamén, non nas que xa tiñades gravadora, pero nas primeiras supoño que sería un proceso de transmisión oral.

Ca libreta fomos no 84-85 pero logo a esas dúas volvemos, entón de todas ao final había algo de gravación, igual nalgunha non... a parte que eu tamén a veces, o típico, que como non sabes, cantaban esto: valerá esto, non valerá... gravarei, non gravarei... e eu creo que ahí tamén hai gravacións do típico destas populares, bueno populares... “arriba con el tiroliro”... sabes? que está gravado, e outra que o millor recordas de: acórdome dun maneo... e non está gravado.

Tamén ao principio ese descoñecemento que non sabías que buscar...

E dis eu agora acórdome deso, da Silva, de ser: gravadora po aquí... acórdome esa recollida como se fora hoxe, e máis morreunos un señor alí bailando, entón a recollida acabou pronto. E dese día recordo, a parte do maneo da Silva que recollemos, doutro que había, e mira que busquei polas cintas... e non está gravado. Non está porque non das a todo. E hai melodías que dis: Dios! eu acórdome que era preciosa, tela na miña mente... pero non.

E todas estas recollidas, xa me dicías, basicamente ían para formar o repertorio da asociación.

Si, empezouse... e case se continúa, porque facía falta para a asociación, entonces formouse este grupo de investigación.

E despois montastedes algún tipo de arquivo ou iso cada un...

Claro, cada un... todo o que eu recollín, fixen algunha recollida individual pero moi tarde, a partir do ano 2000 para decir: a ver que queda agora. Entón igual ía eu cunha amiga... sin ser dentro de ese grupo de investigación da asociación.

Pero como ese grupo durou moitos anos e íbamos todos os fines de semana, todo ese arquivo pois valiu para montar e seguir montando... e para as aulas e para actuacións e todo eso. Entón incluso eu aínda reviso algunha cousa... hai cousas que se perderon, supoño que a todo o mundo lle pasaría. Reviso cousas que aínda temos, porque hai repertorio que eu montei pero non teño maneira de miralo en ningún lado porque se gravaba en cintas de radio *cassette*... cambiamos tres veces de local, o primeiro local tiña humidade... houbo moitas cousas que se perderon, e outras que non estaban pasadas e cando se quixeron pasar pois humidade... e outras que, bueno, eu fun pasando, e outras que aínda están sen pasar seguramente.

Claro, porque ao final non te dedicas a esto profesionalmente, é por amor ao arte, entonces son moitas horas. Hai cousas que se foron facendo, pero outras fóronse perdendo, e outras aínda están en radio *cassette*.

E non había medios, empezamos cun boli e acabamos ca gravadora pequena, despois a asociación comprou un DAT para gravar xa mais... para que a gravadora fora un pouco mais tal. O típico tamén, ves da recollida e moito aparato pero: e que non se gravou! -Estás de coña! Sabes de: non pode ser! Hai que volver e ao millor a señora non repite iso... e volves e: aí! xa volo cantei! -Mira non se acordará... Ese día acordábase, outro día non.... E así.

Este foi un punto novo que a raíz de escribir uns artigos, lle estiven dando voltas. É a influencia que supuxeron as recollidas, este proceso de xente nova que vai ás aldeas a preguntar cousas do pasado. Esa influencia que tivo na música, por exemplo, había zonas nas que se montaban unha festas e as compiladoras tamén

cantaban, entón pasaba que as mulleres e os homes desas aldeas tamén escoitaban cousas que despois podían incorporar ao seu repertorio. Ou cando se facían xuntanzas de varias aldeas, que antes non era tan habitual, escoitaban novas melodías, novos puntos.... Incorporaban a súa música e ao seu baile.

Nesta recollida da Silva que che contaba, no 92, estaba todo o pobo, pero nese ano sabías que isto era do lugar de Rodís, isto cantábano en non sei donde... xuntábanse doutras aldeas pero sabías perfectamente o que era de cada un.

Pero o que che decía eu antes de cando fun, por exemplo a Pontevedra, en Sequeiros con Lola da Benitiña e tres señoras mais, claro, Lola da Benitiña ía a clases de pandeireta, entonces dis: esto será tal, será... eu sempre ía as vellas, vellas... - Cal é a mais maior? E esa era a que che decía: aí no, no, no, eso non se tocaba así, ou non se cantaba así, ou non... sabes? Porque ao mellor eso, ves grupos que tocan Arcos... cuns toques que dis: ui! Eso e mais moderno... eso é porque ao mellor foi un profe e lles ensinou eso e fíxoo... de ter que ver a mais vellas do lugar para saber... si que houbo... que a min pasoume en sitios de decir: esto é de verdá?... a parte de non saber porque a día de hoxe, mira que levo 35 anos ou mais, con recollidas escoitando vellas, e as veces dis: e esto... bueno mogollón de influencia asturiana, a radio, claro: que escoitaban antes? A radio... eso si que....

E que ao final unha característica da musica tradicional e que sempre se adaptan os estímulos que se teñen, entón vas incorporando cousas...

Vanse incorporando eso, incluso nos toques eu creo que... pero porque? Pola radio, pola televisión... cando empezou o Luar, que empezaron todos os vellos a ir ao Luar. Entón imaxínate un vello de Imende que esta vendo que está un vello de Cerqueda bailando e dixo: aí, ese pinto eu non o sabía. E logo vai a tele, tócalle ir a el, e fai ese punto: si, si este punto é de Imende de toda a vida. E no, o millor foi o que viu na tele. Osea hai influencia? Si.

Que persoas novas forades a preguntar as aldeas, iso supuxo que esas persoas que cantaban e bailaban valoraran mais algo que tiñan como esquecido, propio da vida cotiá... e ademais das recollidas, tamén o Luar e as actuacións que se empezaron a facer nel.

Si, a parte de Luar, eu fáloche na zona onde que empecei a recoller, Bergantiños... empezaban a ir tamén Quique Peón, Mercedes Peón... entonces pois ao millor sabías que nesa aldea que fora alguén e decíaslle [á informante]: ah, pero a min díxéronme que sabías cantar. – ai, non, non. Eso, como que non lle daban valor ningún a cantar. Eu sempre lles decía: Eu estou nunha asociación e doulle clases a nenos pequenos. Solo falar de xuventude, dos nenos, dos nenos pequenos: Que é unha pena que esto non o aprendan porque a transmisión de antes, vos, quen che esinou a ti? Túa nai... e para que esa cadea non se perda eu tamén teño que ensinarlle aos nenos. Claro, agora os nenos pequenos o milor as súas avoas non cantan xa, ou xa non están, ou xa non cantan... entón para que esa transmisión non se perda, doulle clase aos nenos pequenos. Por favor cántame algo!

De todas formas, nesta zona cando empezastes seguía bastante vivo, ou reavivouse? O tema de organizar seráns, cantar, bailar... comparado con outras zonas.

A finais dos anos 80 inda seguía muy vivo, non ten nada que ver, pero nada que ver unha recollida do ano ... dos finais dos 80 comezos dos 90, a unha recollida do 2000 e pouco, máis ben 2008-2009. Nada que ver.

Eu tamén estouche decindo da zona aquí, porque en Pontevedra si que seguiron facendo seráns. Aquí ma Coruña non había serán, serán, non se organizaban a partir do 2000 e pico. Finales do 85-90 pois seguían facendo esas festas, eses seráns.

Non era porque se organizaran por motivo de asociacións ou así, senón que se seguían facendo?

Si, exactamente, A finais dos 80 habíaos, xuntábanse de maneira espontánea. O típico acababas de traballar e xuntábanse os veciños. E mais, eu recordo as primeiras recollidas, de que ibas a unha casa e sempre tiñan o café, o roscón... -Ai come neniña, come, xuntámonos aquí para... Xuntábanse para facelo, sabes?

[...]

E que aquí había tanto que eu decía: non me dan os fines de semana para mais. Ademais como eu non ía sola, facíamos grupo de recollida... porque podíamos pensar: bueno, pois vamos dous a un lado, tres a outro... no, antes non pensabas eso, era en plan amigos, claro, e que o facías en plan divertimento tamén. Si, para recoller pero eramos

mozos, entonces con esos anos pois decíamos: hoxe vamos de excursión a non sei donde a ver se encontramos algo, non era con afán de... sabendo hoxe día? Ía de luns a domingo, sabendo que esto xa non ía ser así. Quen o sabía?

Xa falamos un montón de cousas sobre as recollidas, pero se me queres contar algo máis como conclusión, ou algunhas cousa a maiores que che apeteza... Unha valoración do fenómeno, ou como funcionou na asociación, a nivel xeral... Moitas veces se fala dun traballo descomunal de moita xente pero que os resultados só se viron en aulas e espectáculos e igual non temos máis materiais que podían saír dese traballo a nivel publicacións, arquivos....

Eu creo que é importante que houbera un fondo desas recollidas e desos documentos audiovisuais e gráficos para preservalos. Os arquivos tanto individuais como de asociacións, que é no meu caso, que o arquivo é da asociación, eu tamén teño pero o relevante é da asociación. Claro que teñen risco de desaparecer, terían que estar nunha institución pública, é o de sempre, a administración non se preocupou nunca disto e a min preocúpame mogollón, supoño que a todo o mundo coma min que recolleu e que sigues recollendo, e é preocupante que o teñan que facer persoas individuais ou asociacións por amor á cultura, porque ao final corresponde á administración, o patrimonio é do pobo, entón tería que ser a administración quen o fixera.

Todo ese material... analízalo, catalogalo, probablemente pasar os arquivos... é un traballo tan inxente, eu por exemplo con este traballo que estou facendo é unha cousa mínima do arquivo de Xisco pero claro, quen é capaz de facer un traballo de estas características con todo o que hai?

Claro, e despois tamén a nivel individual ou de asociacións, ao final... non é porque hai xente que me di: e que debía estar todo xa... - Xa o sei, eu sería a primeira en colaborar en eso pero é que non o vou facer de forma individual, xa o que foi o traballo das recollidas e todo eso, foron moitos cartos. Osea é moi facil: Pásame a recollida de non sei que. – Mira tes algo da revollida de non sei que? Eu se o teño, porque moito é da asociación: Queres esto? pasocho, vale. – Pásame a recollida de non sei que. Pero claro dis, ese material que eu durante 30 e pico de anos estiven, o que falmos antes, todos os fins de semana: coche, gasolina, traballo... bueno, xa o sabes, coller unha peza non é solo: ah! Escoitala e xa, no! Hai que buscar coplas... o traballo todo de recollida final, non é solo recoller, para despois enséñala en aulas e para

conservalas... pois hai que montala. Entón todo ese traballo que eu ao final eu sigo neste, eu digo: Eu vivo desto, entón para poder ensinar nas miñas aulas e para poder traballar desto utilizo todo ese material. Necesíto para o meu... e digo: Bueno, pois todos os meus alumnos... eu ao final acabas difundíndoo para que non se perda, pero claro, o principal, o máis importante sería que estivera nun arquivo. Todos os orixinais nun arquivo, pero sigo decindo que isto depende da administración, osea é que por dereito propio, o patrimonio é do pobo, entón se a administración non se ocupa de facelo, nos non vamos... eu falo por min, eu non vou facer ese curro.

Creo que é unha opinión xeral que tedes todas as persoas que empezastes nas recollidas: creo que o noso traballo chegou ata onde puido. Agora terán que seguir outras persoas...

Exactamente. É que ao final... eu vou facer 49 anos, eu empecei en Xiradela no 82, osea eu con 9 anos xa bailaba e con 10 pandeireta, empecei con 10 anos e con 14 xa daba eu as aulas e despois con 16-17 empecei no concello de Malpica. Eu no concello de Malpica estiven 9 anos que ao final, eu creo que foi a parte das recollidas, eso empápaste da cultura toda de Bergantiños, porque non é solo as cancións, é a fala, todo. O final acabas, como digo eu, considérome de Bergantios. Bueno, tamén porque miña bai naceu en Buño, Malpica, e tamén teño xenes de Bergantiños. E din clases por alá 9 anos, e a parte daba polas mañáns nos coles, eu estudiei Maxisterio por infantil, que non acabei, porque ao final dixeran: Eu non quero ser profe nos coles... no, música tradicional. E eu neses 9 anos daba música tradicional nos coles, nas unitarias, durante 9 anos no concello de Malpica. Que dixeran eu: É que debería de ser así, todos os nenos deberían de ter una influencia así no cole.

O seguinte punto vai sobre a situación actual da música tradicional, entón eu quería contraponer por unha parte a presenza de estudos académicos, publicacións, etc. co traballo de aulas, escolas, asociacións... porque creo que hoxe en día é moi importante, a base son as escolas, asociacións, aulas... e nese apartado académico está un pouco esquecido e tamén creo que a visión é moi diferente, dende unha publicación actual académica se fala sobre música tradicional e como que hai unha visión non real do que está sucedendo.

Creo que é importantísimo a presenza das aulas e das escolas porque é donde se ensina o noso folclore. Porque o folclore ten a súa esencia no pobo e a música popular é

a que debe residir nel, entónces o feito de que haxa escolas e que se transmita esa tradición. Como se transmitía antes, de nai a fillas... hoxe en día esa cadea de transmisión xa non existe. Pero polo menos existen aulas, ou o afán de ser partícipes na cultura do seu pobo. Eu creo que os estudos académicos, publicacións... todo o que falamos deben seguir facéndose porque dignifican algo que existe no noso pobo, entónces eu creo que deberían seguir facéndose. Pero bueno, que a situación actual podemos enlazalo co que dixen antes: é importante que haxa uns arquivos, un fondo .

E que ao final, eu cando penso nos estudos académicos, temos exemplo dos cancioneros de comezos do s. XX que sobre todo para música de gaita foron moi importantes, son unha fonte á que sempre se recorre. Ou despois o cancionero de Dorothee Schubarth, pero si que é certo que na actualidade eu non atopo publicacións de peso, porque si que é certo que estamos tendo, moi interesantes, monográficos sobre todo dando presenza ás mulleres e ao canto e a pandeireta, pero é certo que a min, véndoo dende a visión académica, fáltame algo mais de peso, mais científico ou etnomusicolóxico.

Eu creo que iso é porque en gaita hai partituras, hai eses estudos. En pandeireta non hai... os arquivos que tiña que haber, non hai... tes o de Dorothe e para. Eu é o que a veces utilizo... melodías non, pero letras que digo: Ai, eu acórdome... pero espera, creo que lin no de Dorothe que tiña esta copla.... Pero é que non hai. Non hai, pero eu creo que se tiñan que seguir facendo e mentres non haxa o fondo este que che digo pois... eu creo que hai xente que o está facendo, sei de xente que está empezando a pasar todo eso a administración.

Nos, a asociación naceu no 82, aínda segue activa, hai cousas que se perderon por non pasar, porque quen o fai por amor o arte? Xa por amor o arte ías a recoller. Eu teño gravacións que sigo escoitando na miña gravadora pequeniña e digo: ui! Isto non está pasado, como se perda, se rompa... xa pasarei... pero claro! Tes que ter a parte de tempo, material para facelo, como facelo, saber facelo... É complicado.

Volvendo á situación actual, eu creo que nestes últimos anos, tal vez nestes 10 últimos deuse un cambio na música tradicional, que volve ser un ente vivo que ten unha función social moi importante. Durante anos creo que estivo relegado a clases e espectáculos, pero agora quédase para facer foliadas e seráns para tocar, bailar...

diferente de como eran antigamente pero co mesmo fondo, a socialización e o divertimento.

Paréceme moi positivo que siga habendo foliadas, porque é a maneira espontánea... antes, nos anos 80-90 cando eu recollía que me decías: seguían facendo esas festas? Claro, era algo espontáneo, non estaba pensado para exhibir senón para desfrutar. Agora existen foliadas e as normas de escenario desaparecen, e o folclore vívese nun contexto actual, pero como se vivía antes, desfrutando.

A min paréceme un punto interesante porque o contexto actual é moi diferente, polo cambios sociais.

A min eso paréceme moi positivo pero tamén sen deixar de lado que eso estea enriba dun escenario coa súa pureza, unha cousa non quita a outra. Co fío das escolas para que o folclore sexa propio do pobo, pasa que existan esas foliadas sen as normas de escenario, que non sexan mostras de algo. Creo que si que houbo un cambio, non sei decir en que ano comezou.

Creo que tamén pode significar que a música tradicional está en auxe, que hai interese sobre ela.

A min tamén me parece interesante porque así tamén buscas algo máis fiel á tradición orixinal, porque eu cando empezaba en baile había os grupos de Sección Femenina que eles buscaban un espectáculo para mostrar, non era algo que seguira vivo dentro do pobo, buscaban máis o espectáculo. Eu tamén vivín esa época, porque cando empecei a bailar, bailabamos cousas de sección feminina porque a nosa mestra de baile estivera na Sección Femenina.

Iso entón foi unha ruptura total, durante a ditadura escondeuse o tradicional e só quedaba a Sección Femenina, e as asociacións foron herdeiras diso.

Claro, eu empecei bailando cunha profe de Sección Femenina e montando pezas de Sección Femenina. Xiradela empezou no 82 e bailabamos hasta o ano 85 que empezamos a recoller, e foi cando falabamos esas pezas de Sección Femenina. E recordo que no ano 90, con 20 anos, pasei a ser directora do grupo de danzas e houber unha revolución na asociación moi forte porque pasas de bailar Patelas ou Muiñeira Montañesa ou Espantallo a bailar Muiñeira de Imende, entonces houbo xente que... a

parte a directora, que me levo moi ben con ela, decía: fai falta un cambio na asociación e agora que recollemos, ti que eres nova... pero houbo xente que non o aceptou: porque esta nena... Claro, con 19-20 anos, esta nena que vai facer agora? Vaise desfacer a asociación? Porque o que hai que bailar é Espantallo, Montañesa, moza no adro... En vez de Jota de Pedreira, Muiñeira de Imende.... Entonces houbo ahí un conflito na asociación, houbo xente que se foi... co paso dos anos, agora a xente vai vendo: ah! Pois mira, era para mellor, non era co rolo de botar fora a esta profe que non sabe e ven a que recolleu...

Tamén sería un cambio moi grande porque ao final, sobre todo no baile, son uns cambios de normas totais, a concepción do baile de Sección Feminina non ten que ver co baile de tradición oral.

Si, esa transición en Xiradela houbo xente que o deixou decindo: isto non é baile tradicional galego. Porque estaban acostumbrados ao baile da Sección Femenina. Pero outra que despois tamén co paso do tempo tiven alumnos que marcharon 20 anos e volveron.

Imos pasar ao seguinte, relacionado co enfoque de xénero.

Eu creo que os roles por sexos estaban moi marcados. As mulleres eran as que facían a festa de diario, non recibían salario e elas eran as encargadas de facelo para conquistar aos homes, para coller mozo, eu creo que era por eso. O que viña a tocar e si cobraba eran os homes, acordeonistas ou gaiteros. E as mulleres eran pandereteiras, profesión, se lle queres chamar profesión, menos valorada e non remunerada. As pandereteiras non cobraban. Os homes gaiteros si que cobraban e pandereteiros había poucos, por non decir ningún. Entonce eu creo que todo eso actualmente mudou, agora non existen esas distincións de sexo dentro do mundo do folclore, agora hai mulleres gaiteras, homes pandereteiros... pero eu creo que si que sigue habendo é roles de xénero, porque segue sen existir grupos tradicionais que mostren un espectáculo nun escenario, por exemplo, case sempre é o home quen guía os puntos. Nas foliadas por exemplo eses roles desaparecen, pode bailar unha muller con outra muller, un home cun home... pero eso antes nin de broma. Creo que a situación nese aspecto cambiou moito, antes dirixía sempre o home o baile, e había moitas mulleres con mulleres, pero o de sacar o punto unha muller non.

Falando do presente, cres que existen referentes femininos ou que están tan visibilizados como os masculinos? Por exemplo relacionados co canto tradicional.

Eu creo que hai máis mulleres pandereiteiras ca pandereiteiros, xa o podes ver nas asociacións, eu teño en Xiradela nestes momentos 100 personas en pandeireta e homes debe de haber 15 ou 20. E se supón que das escolas, de 100 personas pandereiteiras hai 90 mulleres, hai máis referentes femininos.

Agora pensando nos grupos de renome que poden estar de voga encima dos escenarios, creo que hai moitos nomes en masculino en singular e os nomes femininos sempre van en plural.

Nunca me parara a pensar nesto, non o sei, eu igual creo que tamén pode ser... véseme a cabeza agora, que nos pode ser que sexamos mais de grupo de unión que de pandereiteira solista ou cantante solista. Porque? Porque normalmente somos nais, entón o millor tamén non che permite... eu creo que vai máis por ahí que non que haxa... máis relacionado cos roles de xénero.

Eu podía funcionar sola como solista, coa pandeireta ou co que fora, como o que fai Xisco podería facelo eu, non o fago non porque na sociedade non se me permita facelo senón que eu creo que é un pouco... Nunca o pensara.

Creo que son coincidencias... Lilaina, que seguen sendo alumnas miñas aínda, son tres irmáns... coincidencia... agora dúas delas están con Baiuca, María con Aliboria tamén, Mariana tuvo dúas nenas tamén... solas? Son irmáns...

Referente, por exemplo, Mercedes Peón, como solista; María coas Cantigas de Elena... quen máis? Non se me ocorre ninguén máis. A min téñenme dito moito de sacar disco eu sola pero non quero, porque tamén depende moito do que ti queiras.

Eu non vexo diferenza entre homes e mulleres, creo que xisto cadrou así. Pois as Tanxugueiras funcionan así e de repente Aida di: pois eu fago algo pola miña conta. Eu creo que é máis fácil para os homes pola vida actual, porque as mulleres ao final... quen leva unha casa, unha familia? O home? Non. E os homes, igual hai máis solteiros... que poden ter unha vida distinta.

Claro, eu non creo que sexan razóns musicais ou profesionais senón pola vagaxe cultural, os roles de xénero.

Si, eu creo que é máis eso. Nunca me parara a pensar quen está? Está Xurxo, tal... e mulleres? Ui, non hai!

Ademais, a tradición no canto é tradición de grupos, antigamente catro mulleres ou así, entonces eu creo que tamén seguindo un pouco a tradición e despois ao final creo que quen si que sigue sola é porque tamén toca a gaita, que fan máis cousas que non só cantar e a pandereta. Creo que tamén a veces nos desvaloramos: que vou facer eu sola cunha pandereta? Cando ao mellor outra xente che di: e que eso é o que se necesita agora. Pero, non sei...

Imos co último punto, máis específico e todo o que me poidas contar xa que hai tan poucas publicacións, hai certas definicións no marco teórico non encontro de onde sacar, entón aproveito estas entrevistas. Sobre o canto tradicional, a relevancia do aspecto xeográfico, é dicir, que cada aldea tiña o seu propio modo de cantar ou tocar.

Non tanto cada aldea, máis ben cada comarca, cada zona...

Como tamén en cada aldea facían o seu propio serán e as mulleres non saían non había tanta interacción, ou aquí si había?

Si, aquí na comarca de Bergantiños... tamén na provincia da Coruña. Eu creo que dentro dun concello toda a xente... cando che falaba da recollida da Silva, xuntábase xente de Montemaior, Rodís... todas as aldeas do redor. Eu todas as recollidas que vivín, a menos que foran a unha zona específica a falar con dúas da zona, xuntábanse varias xentes das aldeas do redor, non era solo unha aldea.

Entón podemos considerar un marco máis amplo, na comarca. Aínda así, ese marco xeográfico é moi importante, distinguimos Muiñeira de Imende, porque é relevante que sexa dese sitio e non doutro, teñen características propias.

Tamén hai características de cantar, de tocar... non tocaban igual na costa que no interior, eu sempre falo da miña experiencia, alguén pode dicir: si, si, pois aquí cantaban igual que aquí... Eu creo que cada un tiña o seu xeito de tocar, de cantar... e que si que había diferenza dos que vivían na costa, no interior....

Esta é unha pregunta moi ampla, ocórrenseche algunhas características que definan o canto tradicional galego a nivel melódico, escalas, adornos... ou por exemplo a presenza de percusión de man.

Claro, e que as pandereteiras empezaron porque facían falta para o baile. Vindo antes de porque non había mulleres de renome, e que como as pandereteiras... ninguén cantaba e tocaba na tradición de antes non era, igual que un gaitero tocábache dúas ou tres pezas, unha pandereteira sola non había cantando e tocando, sempre era cun grupo e para o baile. Eu tampouco neso podo ter moita opinión porque tampouco son música, eu sempre aprendín da maneira tradicional, de oído... non me vou a meter en escalas e así.

Eu agora por exemplo collo unha recollida, a Muiñeira da Silva, enséñoche como cantaba unha señora e dis: pero non hai nadie que cante así. Hai determinadas cousas que non o fai ninguén, nin eu, nin ti, nin Xisco, nin Felisa... ninguén. Isto perdiuse, ou como ... porque era a maneira natural delas cantar así, e como aprendes eso? Quen che enséña a facer eso? Os finais longos, ou agora está de moda que os finais sexan vibrados, pero porque solo os finais, e non todo? E que é todo tan amplo...

A min a veces dinme: muiñeira da Silva, non sei que... cantada alí berrando, arriba, tocando rapidísimo... -Enséñoche a recollida cando queiras, facíano así. O que che decía, da costa tampouco sei se era polo mar... hai xente que di: Polo ruído do mar, entón esa xente cantaba máis forte... Eu non creo que sexa eso, cada un ten a súa interpretación. Pero que hai xente que di: Ai é que nesta zona. Eu pódoche decir que en Bergantiños, a maioría eran mulleres fortes, e cantaban a tonazos, ahí arriba.

Tamén hai toques característicos, o maneo, onde se toca? En Pontevedra. Que bueno, xa houbo xente que en concursos tocou Maneo de Pontevedra. Pois non sei... Sería dalgunha vella que foi a clase e nunha recollida dixo que se tocaba alí tamén o maneo. Digo eu, porque ao final...

Claro, entra dentro do que falabamos, se a música viva, como as persoas, ... As informantes non tiñan esa pretensión que temos os que preguntamos, quero saber do máis antigo que te acordes.

Claro, dinche: esto e o máis antigo que tal... e ti ao mellor cántalo e é unha copia dunha asturianada que escoitaron na tele de hai nada. A min agora gustaríame estudar... estou neso, certos aspectos do canto que non fai ninguén e que as vellas o facían sempre, en todas as recollidas.

Pode ser que hoxe en día cantemos todas e todos moi igual, independentemente da zona.

Deso podemos facer...podemos estar horas, todo o mundo canta igual todo, que a min non me parece. Tampouco hai tanta diferenza, ao final tamén acabas creando un estilo propio. Eu creo que teño un estilo... ti agora poñen alguén cantando, e ti sabes se é Fransy, se é Felisa, se é María Vidal... reconócelo. Pero xa non reconocelo pola voz... ti escoitas a mesma canción e cada unha ten o seu estilo cantando, porque cada unha de nos ten un timbre. Entón eu igual quero reproducir o que fai esa vella nese momento, e eu reproduzo así, pero ti, coa mesma recollida, podes sacar algo diferente. Aínda que notas vaíamos iguais, logo ti daslle o teu xeito. É un pouco complicado.

Ao final intentamos ser puros, eu polo menos, ser puras nesa tradición, todo o que escoito ensinalo tal cual. Pero ao final é o teu xeito, é como ti o sentes. Ao final é unha interpretación, estamos interpretando, igual que cando vamos os escenarios, os bailes... bailaban en fila, cos brazos así...? Non, é unha interpretación, aínda que dentro desa interpretación eu intento eses detalles que as vellas facían telos, esa esencia de antes que é complicadísimo e difícilísimo, e cada un faino como pode.

Eu creo que ti escoitas unha recollida dos anos 80 e pico e escoitas unha dos 2000 e hai unha diferenza enorme, pero creo que tamén hai diferenza se escoitas a Felisa Segade cantar a se escoitas alguén que acaba de empezar. Isto é como todo, os anos de bagaxe, experiencia...

ENTREVISTA A MARÍA VIDAL. 27/7/2021 – PONTEVEDRA

Comezamos coas recollidas, pídivos ás entrevistadas que me propoñades unha definición do que foron ou do que son, se queres relacionando tamén cos seus obxectivos.

Eu penso que depende tamén da época na que se empezou a recoller. Por exemplo, a miña xeración comezou nos 80, os anteriores a nos, que empezaron xa nos 70, xa tiñan un obxectivo claro tamén, que era o de ir recopilando a música das aldeas, dos pobos. Porque esto nas cidades non se dá, é música do pueblo, das aldeas, e ten moito que ver co xeito de vida que tiñan alí, que é totalmente diferente ao das cidades. Entón, eu penso que non se pode separar o xeito de vida das aldeas da música e do folclore que teñen.

Entón o obxectivo principal era ese, recopilar esas músicas, que eran as únicas que podían ser nosas realmente. Porque o que se facía nas cidades, a maioría era algo moito máis global, que podía aparecer noutros sitios. E o noso, noso realmente estaba ahí, nas aldeas, que non é ningún segredo que era a maioría da poboación. O obxectivo era ese, recopilar esas músicas.

Chegou un momento, polo menos na miña xeración, cando empezamos nos 80, que foi tamén curiosidade porque a maioría viñamos doutras agrupacións, ou asociacións, que tiñan un xeito diferente de entender a música. Bueno, ou viñan dos coros e danzas, dunha tradición...e empezamos a ver, por referencias doutros grupos, como por exemplo Xacarandaina que foi dos primeiros en ver estas cousas. Empezamos a ver que había outra cousa, que había outro nivel. E entón petounos a curiosidade e empezamos a buscar, primeiramente arredor do máis próximos que tiñamos, e pouco a pouco fomos ampliando espazo.

Eso por un lado, por outro lado vimos tamén que era un xeito de obter repertorio para os nosos grupos. Porque chegaba un momento que xa non tiñas máis, e se tiñas non era nada novedoso, e o que queriamos todos naquela época era coller cousas novas, e ter algo que non tivera o do lado. Mesturábanse esas dúas cousas, por un lado a curiosidade de algo que nos parecía interesante e novo, e por outro lado a necesidade de ter un repertorio para o teu grupo.

Pouco a pouco, vámonos detacando de que esto é moito máis cun repertorio, que non é so un repertorio. Porque chegamos aos sitios e facemos amizade coa xente, hai xente imos a visitar aínda agora para tomar un café con eles, unha merenda, preguntarlles como están... moitos morren e vamos aos enterros. Chegas a ter unha relación personal con eles, entón xa ves que o das recollidas de forma aséptica, eu non a entendo así, entendo como o chegar a un lugar, entablar unha relación coa xente do pobo e preguntarlles polas cousas de antes: que era o que facían para divertirse... e enredado nesas cousas de que facían para divertirse, van outras cousas que che contan e que son súper interesantes, e dan unha serie de informacións súper valiosas, que ao millor non ten que ver coa música pero para contextualizala é súper importante, hai que escoitalo todo. Non é chegar: cántame esto señora, e me marchó e me vou. Entón empezamos por ahí... normalmente vamos varias veces ao mesmo sitio, procuramos quedar con moita xente, procuramos quedar despois coa xente que vemos que ten máis información, con ela nada máis para que non se aturulle e non a despiste tampouco das preguntas que lle queremos facer, e procedemos a gravación, a documentar quen é esa persona: como se chama, idade, onde nace, que parroquia, como aprendeu, si se movía dun lado para outro (a mobilidade é moi importante neste asunto).

Tamén co tempo fomos aprendendo como facelo, nun principio chegabamos co radio cassette, porque os medios eran... non tiñamos gravadoras, íbamos co radio cassette, con aquel aparato grande. Quen tiña cámara de vídeo? Moi pouca xente. Nos a primeira cámara de vídeo que tiñamos compráronnola os meus pais, a plazos. E, imaxina tamén, unha cacharra pero era o único que tiñamos, e eso xa era... ter case o último do último. Aproveitar cintas, gravar por encima de cintas que tiñan películas... Ou de gravar túa nai unha película e ti aproveitar esa cinta para as recollidas...

E pouco a pouco sí que nos fomos.... Fomos aprendendo como facelas cousas, fomos aprendendo de moitos erros que tuvemos nun principio e que seguramente agora seguimos tendo, ou outros erros diferentes, pero pouco a pouco fomos aprendendo e fomos ampliando un pouco o que é a recollida, non solamente a música, sinón contextualizalo todo, saber sobre esa persona, sobre a súa familia... porque todo eso axudate a contextualizar, que para nos agora é o importante, ademais da música e dos bailes e do que che podan contar sobre vestuario, etc. pois tamén saber que pasaba, porque se facía eso, sinón parece que queda todo un pouco en música e nada máis, e non é.

Ti tiñas (ou tes) un grupo de traballo que desde que comezache puido estar ligado a unha asociación.

Eu empecei nun grupo dunha asociación aquí de Pontevedra que non facía recollidas nin nada, era unha cousa coreográfica e o das pandereteiras era algo absolutamente anecdótico. Si cantabas, cantabas coa gaita, e non me deixaban tocar a pandeireta, porque quedaba feo seica! E cando fumos vendo nos estas cousas tiñamos como referencia Xacarandaina, por exemplo, que era o que estaba ahí arriba, o top. Fumos vendo que había outras cousas, outros xeito de facer e plantexámonos formar parte dese grupo unha asociación, con outro obxectivo diferente, ese do que che falaba antes, ir recopilando cousas e buscar un repertorio para esa agrupación baseado na tradición pero directa, non no coreográfico, que bueno eso tamén pode ser tradición pero, refírome a esa tradición directa das aldeas, da nosa xente.

E empezamos a buscar primeiramente por aquí, empecei a buscar primeiramente co meu irmán Miguel e co meu marido hoxe, que entonces eramos mozos, e despois un pouquiño máis adiante, dous ou tres anos máis adiante, empezamos a contactar con Felisa, con Montse, con Carlos Xosé... e formamos un equipo de traballo, entón entre todos buscabamos contactos: pois mira, este domingo din cunha señora que o mellor pode xuntar as mulleres de Tordoia, podemos ir? –Si, podemos. Facíamos a excursión, íbamos buscando a xente, levabámola na casa do pueblo ou na zona onde quedaramos para facer a recollida, e alí empezaba un pouco todo. Preguntabamos, como te dixen antes: que cousas facían? Que cousas facían para divertirse? Que bailes? Que ritmos tocaban?

E a xente a verdade que sempre é súper xenerosa, nun principio un pouco tímida, ao mellor, pero en poucos casos dimos que nos dixeran que non, incluso malas caras algunha vez temos atopado, pero o normal é xenerosidade absoluta. E lles ves unhas caras de felicidade cando empezan a tocar, cando lles pos a pandeireta na man, e cando empezan a bailar e a recordar as cousas... que dis pois: caramba! Pois esta xente si que o pasaba ben así, si que o relacionan con tempos para eles felices.

E seguimos con ese grupo de recollida durante moitos anos, eu penso que hasta o 2002, máis ou menos, estuvemos así xuntos. Despois por cousas de que un empezou a traballar nun lado, outro a traballar noutro... empezamos a ter cada vez menos tempo, entón era máis difícil quedar. Pero aínda así na distancia si que seguíamos: oes que este

domingo puiden ir a tal sitio e falei con esta muller e mira, gravei unha cousa moi chula. – Pois, pásama. E quedabamos e intercambiábase cousas, entón tamén é un xeito de facer equipa, un pouco máis na distancia.

Temporalmente, desde que empezastes nos 80, fálase que os 90 foron a gran explosión das recollidas pero que despois debido ao paso do tempo, morte de informantes, cambios sociais coa desaparición da sociedade rural.

Claro, si que notas moitísimo, primeiro que a xente vai morrendo, despois que o xeito de vida cambia completamente, e en pouco tempo ademais. Xente que vivía na aldea agora xa non vive na aldea, vive cos fillos na cidade, por exemplo, porque non queren quedar solos. Pero o máis impactante é a desaparición dese xeito de vida rural que era sobre todo comunitario, e era comunitario para traballar e para festexar, para todo. E a desaparición dese xeito comunitario tamén golpeou forte esa forma de divertirse.

Por exemplo, ves as primeiras recollidas de Liñares, xa que estás con esa zona. E chegabas a Liñares e había unhas rodas enormes de xente, alí no prado, e facían tamén na Ermida, e por ahí (na Ermida da Lama), baixaban ata alí... unhas rodas de eu non sei canta xente! E no torreiro tocando ao millor 11-12 mulleres, digo mulleres porque a maioría son mulleres, pode haber algún home polo medio pero o habitual é que sexan mulleres.

E co paso do tempo vas vendo que eso xa non o atopas, ti vas hoxe alí a Liñares... ou Liñares pode ser que aínda atopas xente porque siguen fora, siguen xuntándose fóra, en México e chegan aquí e aínda teñen algo un pouco vivo, ou vas a Toutón, a Mondariz... e tamén siguen xuntándose un pouco, pero non é o normal. O normal é chegar agora a un sitio, atopar a dúas mulleres, por exemplo, ou a unha e que che explique como era, que che faga un punto ela como boamente pode e que che explique como era... que che cante algo, que che explique como se bailaba... pero se ti non tes unha idea clara do que eso era antes, cóstache moitísimo entendelo, porque está totalmente fóra.

Os que tivemos a sorte de ver eses grupos grandes de xente bailando, tocando... si podemos ao millor, con unha ou dúas persoas, facernos unha idea do que era, pero alguén que nunca estivo e chega de novo a eso, eu creo que lle ten que resultar difícil.

Incluso o xeito de estar de esa persona é diferente, está contigo, está informando, sendo muy xenerosa, muy amable... pero ti non estás vendo as risas coa compañeira, e o meterse co outro... que dis: Ah! Era esto! Entón perdes moitas cousas. Si que houbo unha perda grande de estes anos a agora, pero eu penso que é inevitable.

Penso que no momento de facer recollidas, este proceso provocou certos cambios na música e nas persoas. Nas persoas por exemplo que comezaran a valorar algo que para eles non tiñan maior valor... co seu máximo expoñente coas visitas ao Luar.

Que me vas contar... de chegar os sitio, sacar as cámaras: esto é para o Luar? – Non. – E nos ides levar ao Luar? – Pois non, se queren podemos intentalo, pero non é con esa finalidade.

Si, a partir dese momento si, e eso foi bo por un lado, porque a xente estaba máis disposta, pero por outro lado foi malo porque a xente empezou a chamar a profesores porque querían aprender, aprender! A tocar a pandeireta. Querían aprender... - Como que querían aprender, si vostedes son as mestras xa! Non entendías o que querían, pero e que claro, e que miraron na tele que unhas riscaban así... unhas cousas chulísimas e tamén querían facelo. Ou que tocaban a lata, e elas non tocaban a lata... Entón empezou ahí a un proceso como de contaminación, e que levou a eso o aparecer esta xente na tele, e os mesmos recopilador ao mellor tamén eh? Pode ser que tamén, que moitas veces no afán de que elas tocaran ou que bailaran, e para que descansaran, ías ti e lle tocabas o que sabías, e resulta que de alí non sabías nada, pero sabías doutro sitio, e resulta que lles gustaba aquilo e entón querían aprender a facelo.

Entón, ata certo punto, tamén axudamos a contaminar un pouco e hai que ir con moito ollo. Hai que ir case co campo estudiado antes de chegar alí, porque pode ser que atopas cousas que non son de alí.

Iso supoño que tamén irá ligado ao que me contabas, de que ao comezo iades sen idea do que podíades topar ou como facer, e a medida que pasou o tempo collestes directrices de como poder facer.

Claro, pois neste sitio as características... nos despois estudiabamos todo isto, as características daquí. Indo durante tantos días ao ano a ese sitio chegamos a conclusión que as características son estas e tamén te fas un mapa e dis: pois por esta zona é

característico esto, desta esto... Eso non quita que chegues hoxe e atopas outra cousa, ou algo máis que non tiñas atopado, e non por eso deixa de ser certo. Pero si que é verdá que nun principio íbamos un pouco expentantes, sen saber o que ías atopar, e pouco a pouco estudiando vas vendo, vas facendo un mapa, agrupando todo por características.

Pero tamén ter ese peligro que che estaba contando, o de pensar que é eso e nada máis. Eso é algo así en xeral, en xeral hai estas características pero pode aparecer alguén que é unha virtuosa e que che fai outra cousa, ou algo máis do que estás acostumbrado, e non por eso é falso.

Como conclusión do tema das recollidas podes facerme unha valoración do que foi o resultado de todo este traballo, fálase moitas veces de arquivos privados sen analizar ou catalogar, en caso de asociacións cousas que se perden...

O resultado é unha chea de arquivos, moitos con cousas repetidas, porque ao fin e ao cabo, imos todos aos mesmos sitios. Porque as mesmas señoras che mandan ir: vai alá que hai unha señora que... Eu penso que todos temos practicamente o mesmo, a estas alturas, máis ou menos o mesmo.

Despois depende de xente, hai xente que ten os arquivos esquecidos, esas cintas que ao mellor xa non valen para nada, despois hai xente que preocupouse de dixitalizalo todo, nos pasamos moitísimos tempo dixitalizando tanto vídeo como audios, porque somos conscientes de que eso á material e vaise perder, entón tratalo do mellor xeito posible. Despois hai xente que non quere compartir eses arquivos que ten, os ten podridos, perdidos na casa e non quere compartilos con ninguén, non entendo porque pero é así, dáse así... Despois hai outra xente, eu falo por min, que temos a disposición do que queira todo o que temos, de feito hai dous anos a CentralFolque publicou un libro sobre Antón Fraguas e o 90% das gravación que hai alí son nosas, porque pensamos que: a ver, que fan na casa? O obxectivo non é recopilar para mostrar, para recuperar e para que esto continúe adiante? Pois tes que cedelo, se cho piden!

Eu penso que é así o que se debería facer, o ideal sería que houbera un arquivo ou varios arquivos, non ten porque haber un nada máis, nos que a xente poda libremente, sin ter que contactar con nos para nada, poder ir ao arquivo: Pois quero mirar que facían en Muxía nos anos 60, por exemplo. – Ou Muiñeiras de Muxía. E que che salgan ahí, o que ti queiras. Eso sería o ideal. Que pasa? Que eu non vexo por parte

das institucións ningún tipo de interés por esto, e os intentos que houbo penso que están mal feitos, que non están ben catalogadas as cousas, que non están fáciles de atopar, que hai moita mistura. Non pode ser que vaias buscar música galega e che apareza Julio Iglesias, como me ten pasada cun Canto a Galicia.

Eu sei que agora o do APOI está bastante ben, pero necesitamos máis, e que en cada cidade onde haxa un museo ou un Arquivo Provincial que haxa tamén un arquivo de patrimonio inmaterial para que a xente poda botarlle un ollo e poda saber o que é. Pero necesitamos tamén apoio das institucións, porque a nos, supoño que cho diría todo o mundo, a nos costounos moitísimos traballo, os cartos que puxemos ahí nin podes imaxinar, en ir dun lado a outro, quedar a durmir en sitios, os que tiñamos fillos moitas veces os fillos viñan con nos, e botar horas de carretra por ahí con eles, levar biberóns, pañales... porque sinón non podías facelo e moito tempo. E non solamente o tempo xa de ir a ese sitio que ti despois traballas con eso tamén, o miras na casa, o estudias... transcribes si podes algo...

É un traballo que por parte das institucións non está valorado o suficientemente, penso que non saben moi ben o que é o patrimonio inmaterial, necesitamos xente nas institucións que defendan o patrimonio inmaterial. Máis aló do que somos as asociacións, é dicir, necesitamos políticos que tamén se preocupen do patrimonio inmaterial.

Estamos rematando coas recollidas, se queres engadir algo máis antes de pasar ao seguinte apartado...

A pesar de que tropecemos cos científicos en esas cousas de que non están ben feitas... ahí teñen razón, nos non soubemos nun principio facelas, eu creo que agora fomos aprendendo, porque nos tamén fomos lendo cousas, fúmonos documentando... Hai pouca xente a que quedou ahí no pleistoceno das recollidas, normalmente nos imos todos reciclando e aprendendo cousas. E ademais deso, sinón chega a ser por ese traballo copilatorio noso de tantos anos, hoxe probablemente non habería moitas cousas das que hai: nin as asociacións terían material para traballar, nin habería publicacións, que hai muy poucas, hai pouquísimas... eu boto moito de menos publicacións sobre a nosa música e o noso patrimonio. E penso que tuvemos un papel especialmente relevante, aínda que a eles non lles guste, eu penso que fixemos nos máis pola recopilación que os científicos.

Si, dende a academia vemos que non hai traballos. Eu estou facendo estas entrevistas porque non teño apenas publicacións nas que poder basearme...

Si, hai que facer máis publicacións buscando esa información. E como cos informantes xa non se pode falar case, e a partir de esto [COVID] que pasou é moito máis complicado. Porque agora non te podes meter na casa da xente facilmente.

Pero eu reivindico o noso papel, que eu penso que foi muy importante a hora de conservar. Que pediría? Que a xente que ten nas súas casas esas cintas que se están pudrindo e que están en desuso, que non as queren para nada, nin tan siquiera están traballando con elas. Pois pediría que as puxeran en disposición de quenes eles queiran, non digo que mas dean a min, de quen eles teñan de man, que non se perdan. E que senón e traballo perdido, e que hai xente que ten cousas dos anos 70, que nos non temos, nos temos a partir dos 80, pero xa hai ahí un salto grande.

Eu os saltos, podería comentarche o caso de Toutón, un salto xeracional que tivemos a sorte de ver en vivo. De ver as mulleres máis vellas, que tocaban dun xeito: tocan coa man aberta, fan riscados, rematan dun xeito a ribeirana.... Non como rematan agora, teñen uns golpes para rematar a ribeirana, teñen uns petos especiais para a xota, un número de repeniques, etc. as últimas frases cantadas teñen unha terminación especial que pasan como dun modo maior a menos, de repente, unha cousa muy chula. No prazo de dous, tres anos foi esto, empezaron a morrer as máis vellas e quedaron as fillas e as sobriñas das máis vellas. Pois estas cousas tocan? Puño pechado, esquederon eses petos para rematar a ribeirana e xa igualaron coas do barrio do lado, coas de Riofrío... a globalización dentro da aldea. Eses finais dos que che falaba antes están esquecidos, incluso melodías que non cantaban as vellas elas trouxéronas tamén doutros sitios, dándolle o xeito dalí. Entón en cousa de tres anos puidemos ver ese cambio xeracional, entón imaxina o que puido ser dos 70 aos 80.

E eses cambios cada vez serán máis rápidos, como dicías as aulas que se empezaron a dar nas aldeas...

Cambios constantes... Incluso elas que parecían que estaban nun nivel inamovible... pois non! Chegou todo esto e ale! Novedades.

Por iso tamén é tan interesante ter o maior recorrido posible, en canto gravacións ao longo dos anos.

Dunha xeración a outra hai cambios, hai cambios hasta nas coplas que se cantan. Incluso agora as mestras ou mestres procuramos non ensinar certas coplas porque teñen un tinte, moitas veces machista que roza o maltrato, roza non! Moitas son apoloxía do maltrato. Entón procuramos non metelas nas aulas, pero claro tamén estás ahí e dis: vamos a ver, se elas chas cantan e están no repertorio, tampouco vas tirar con elas. Hai que conservalas e seguir con elas pero dende a crítica, pero saber que existen. O mellor non llas vas ensinar a unha nena de nove anos pero a unha rapaza que xa está formada: por mira, había esto.

As coplas dan moita información sobre o xeito de vida daquela época. E algunhas son muy duras e dende a crítica hai que conservalas, penso que tamén, non tirar con elas. Ao millor non cantalas en público porque non está ben, pero si telas no teu arquivo. Decir: mira, esto existía.

Imos co apartado dedicado á situación actual da música tradicional, na liña que falabamos, sobre a escasa presenza de publicacións fronte á relevancia de aulas e escolas.

Sí, aulas e escolas son as que fan que sigamos ahí. Senón é polas escolas e asociacións esto morre, directamente. Porque, a quen lle interesa? Sinón é polas asociacións que mostran, moitas veces rozando co pintoresco, porque tes que saía a bailar e tocar co traxe, e: hai que bonito los gallegos. E esas cousas... pero senon fora por eso, o que che comentaba antes, todo esto desaparece porque non hai interés. A mesma sociedade o que menos lle interesa é isto, ves que a cultura, que interesa? Nada, e menos esto, que por descoñecemento tamén non é considerado cultura pola maioría da xente, é considerado... folclore, simplemente, pero non cultura nun ámbito superior. Eu penso que lle falta ese empuxe de, a través de publicacións como as vosas, que lle dean o carácter que ten de cultura, de cultura en maiúsculas, non de “culturita”.

En moitas veces é por descoñecemento, pero senón hai publicacións senón hai conferencias... que cada vez hai máis, por exemplo Gaiteiros Galegos está facendo unha labor de divulgación estupenda, publicacións tamén... pero necesitamos que non sexa solamente para este grupito, porque somos unha minoría, esto ten que abrirse un pouco porque fora do noso mundo ninguén sabe o que estamos a facer. E lles explicas algo e che din: Ah! Si, muy interesante, pero non me contes máis a túa vida. Non interesa, non se ve interés ningún por coñecer estas cousas.

Despois desta visión un tanto pesimista, creo que si que podemos falar de algo máis positivo, nestes últimos anos produciuse unha especie de revival social no que lle volvemos a dar a música e baile a función antiga, de divertimento e relación social, aínda que con características diferentes si conservando esa función.

Eu penso que tamén é así, claro, con características diferentes. Nun principio o serán dábase nun ámbito da aldea entre esa comunidade e a veciñas, ou as veciñas, co obxecto de divertirse despois do traballo en común, co obxecto tamén de evitar a endogamia na aldea, porque viñan os mozos de fora. Tiña outras historias pero si que é verdá que houbo esa explosión co obxecto de divertirse, de: vamos a quedar para tocar, para bailar. Pero para divertirnos nos, non para que nos vexan o que estamos a facer, senón para divertirnos nos.

Entón eso, para min, é unha marabilla que xurdiu estes últimos anos. Eu penso que tamén dende finais dos 90 empezou todo este boom dos seráns, primeiramente mesturados cos vellos, que era muy bonito tamén porque ías alí e bailabas cos vellos. Pero agora xa sin eles, incluso no ámbito urbano tamén, moitas veces se organizan foliadas, non fai falta ir á aldea, xa no ámbito urbano, trouxemos o da aldea para a cidade. Pero con ese obxecto, de divertirnos nos e non estar no escenario, que nos miren a ver que facemos. Entón a min eso paréceme marabilloso, é o obxectivo principal da música o divertirse.

Ten esa utilidade de divertimento pero nun ámbito muy pechado, seguimos sendo unha minoría, aínda que pareza que somos moitos e moitas, somos unha minoría. Aínda por exemplo, fas unha foliada esta noite nesta plaza e xuntámonos 50 personas, a facer unha foliada. Vamos estar uns 50 divertíndonos e despois vai haber outros 50 ou 100 que van estar mirando arredor con ollos curiosos de: que está facendo esta xente? Pasarán, outros quedarán aquí a mirar... Pero con ollos de curiosidade de: que están facendo? Supoño que é inevitable tamén, pero e que seguimos sendo unha minoría. Non está, digamos, arraigado de tal xeito que se vexa como algo normal en toda a nosa sociedade. É para nos, para esta minoría, o resto son espectadores, nos estamos a pasalo moi ben pero o resto si que son espectadores, nada máis.

Pero iso a min paréceme súper positivo, en certo modo asegura un pouquiño de continuidade a esto, asegura un pouco, non sei onde vai parar porque xa ao mellor se están mesturando demasiado cousas, caemos ao mellor nese perigo de non conservar as

cousas máis puras, igual imos a caír ahí na mistura de todo e na globalización tamén do folclore.

Por exemplo, vas facer unha foliada a Cotobade e sempre haberá quen toque un maneo... si estamos en Cotobade podemos facer unha foliada con cousas de por aquí, porque igual hai xente á que estamos confundindo un pouco. Ao mellor tamén estou sendo un pouco “talibán” ou fundamentalista pero eu vexo que si que pasa. Creo que podemos caer nese risco, que perdamos a riqueza dos matices que temos, que son muitísimos, innumerables... Eu teño medo de que se cheguen a perder os matices e que unifiquemos todo, porque ti xa ves agora que a xente canta igual unha cousa de Corcubión que de Liñares, cantan do mesmo xeito, e non se canta igual! Non se canta igual porque non apoian no mesmo sitio. Ou un “tacatacatán” tamén é distinto en todas partes, nun sitio é máis pechado, noutro sitio é máis aberto. Estamos perdendo tamén a fala dos sitios. Ti cantas unhas cousa ao millor de Muros e claro, como eres de Pontevedra non lle pos seseo, e estamos perdendo... Corremos o risco de querer facer un pouco todo e igualalo, perder matices, e eso nos pasa cando nos xuntamos a facer todo, todo, todo.

Pero non entro en que nin sexa bo nin malo, é simplemente o que hai. E que ao mellor a evolución é esa, igual é esa, o natural é esa. Tampouco nos vamos a poñer de costas á evolución natural das cousas, se é esa pois é esa. Pero é un feito, eu penso que está pasando iso.

Vamos pasar a relacionar música tradicional e enfoque de xénero, dende dúas perspectivas, unha vendo os roles no pasado outra vendoos no presente.

Información explícita por parte de informantes, a non ser que ti lles preguntes: a ver, isto quen o facía, homes ou mulleres? Entón si que contestan, pero sinón, implícitamente xa ves que elas consideran naturalmente ese rol, nas explicacións que che dan. Por exemplo, eu fáloche na pandeireta, que é o que eu teño máis estudado.

No baile, para min está bastante claro. Nas asociacións e grupos de baile pasa que colleron ese rol e pum, pum... e é o que reina agora, e non os baixes de ahí, tampouco. Que pasa? Había sitios que ti lle preguntas: Se hai un home para sacar os puntos? Porque nas recollidas o habitual é que sexan case todo mulleres, que son as que se prestan, son as grandes transmisoras e as grandes informantes. Porque eles ou iban a

partida, ou veñen un rato pero marchan porque: bah! Eso é cousa de mulleres, xa eles che din que son cousas de mulleres. Se lle preguntas a unha muller: Bueno, e se hai un home, quen saca os puntos? –Ai non, se hai un home, saca o home. Pero tamén depende dos sitios, que tamén se di: Ai, no! Eso da igual, quen saiba punto que o saque. Hai de todo, pero a maioría si que che din que se hai un home, que saca o home, é como o ghalo.

Despois na pandeireta tamén, para min, é bastante claro. As que tocan alí son as mulleres porque nunha foliada ou nunha ruada ou como lle queira chamar, a maioría son mulleres. Hai máis mulleres que homes, bueno naturalmente xa sabes que vamos por épocas, vamos equilibrando, hai épocas nas que biolóxicamente somos máis mulleres e noutras máis homes, agora parece que hai máis homes, un pouquiño máis. Se a eso lle xuntas que os homes morren antes, os homes van traballar fora, as mulleres quedan na aldea cuidando da casa, dos pais... sempre vai haber máis mulleres na aldea ca homes. Entón para tocar, tocan elas. Despois dependendo do sitio che din: nada eramos dúas, éramos tres... e elas mesmas che contan que elas cando íban a lavar ao río, e quedaban para ensaiar, aproveitando que íban cuidar as vacas... e quedaban para ensaiar. Tiñan o seu repertorio, eran as tres compañeiras, e elas cadraban porque ensaiaban xuntas, incluso compoñían coplas: Mira fulanita, que che parece? –Ai, moi bonita, imos ensaiala.

Entón para min é claro que ahí son as mulleres. Non quita non haxa homes que canten, pero na ruada, na foliada, as que tocan para o baile son as mulleres. As que conservan, as que transmiten dun lado para outro son as mulleres. A elas lles dis: Quen che sinou a tocar? – Miña nai, a miña irmá maior, a miña tía... Sempre mulleres, mulleres.... E os homes de donde aprenden? Pois das mulleres alí nos seráns, ou ben teñen outros ámbitos, na taberna, cantando outras cousas, normalmente outras cousas así máis de eles.

Temos claro que elas, no momento das recollidas, foron as verdadeiras protagonistas, pero cres que lle damos o valor ou recoñecemento que teñen? Especialmente tendo en conta que elas sempre se coñecen baixo un nome colectivo.

Si, elas sempre son un colectivo, é moi interesante, fala moito do carácter da muller rural. o colectivo é o único xeito de sobrevivir nun mundo que te deixan sola moitas veces, cos fillos. Si, son un colectivo.

Dámoslle valor? Eu penso que cada vez máis. De feito eu agora tomei xa como lei cada vez que presento unha peza ou lles ensino unha peza a unhas rapazas, digo: Pois mira, vamos aprender unha muiñeira que aprendimos de Adela de Laxoso, por exemplo. Sempre lles digo o nome da persona ou das personas, porque moitas veces cantan tres. Se é un informante unha, se son varias, varias. Eu creo que eso é unha labor que temos que facer as mestras e os mestres, decirlles de quen aprendiches eso. Porque é o único xeito de poñelas ahí arriba, porque sinón si que se perden no tempo, na historia... si que son un colectivo pero anónimo, e non hai que deixar que se perdan, hai que decir: Non, esto aprendino de Fulanita de tal sitio. E eu penso que cada vez máis, e ao millor estamos chegando tarde xa, porque fai uns anos... cando te falaba do principio das recollidas, chegabamos e nin lles preguntabas o nome, que querías? Que che cantaran alí catro cousas bonitas para cantalas ti despois e listo, e ao millor ao final cando marchabas si lles preguntabas. Mal! Eso durou moi pouco tempo pero si que pasou, hasta que dixemos: esto é unha cousa seria, hai que chegar e hai que documentar. Esta xente como se chama, cantos anos teu, donde naceu, que parroquia, donde aprendeu... E eu penso que cada vez estamos dando máis valor ás informantes, eu fago eso, pero tamén sei de compañeiros e compañeiras que o están facendo así agora, e para min é o correcto.

E, enfocándonos no presente, cres que temos referentes actuais relacionados con música ou baile que sexan mulleres. Eu sigo vendo esta separación de colectivo de mulleres e individual dos homes.

Si, o que che dicía antes, penso que ese carácter colectivo vai en nós, nas mulleres. Nos somos máis do colectivo que do individual, eles son máis individualistas, como que necesitan que lles reconozan o seu ser. E na nosa forma eu penso que somos máis de colectivo, máis de xuntarnos para todo, está ahí a nosa forza, penso eu. Máis que o noso canto é para cantar xuntas, para cantar de xeito colectivo. Non quita que cantes ti sola tamén pero o que penso é que se entende mellor o noso así, en grupo. Penso que a esencia do noso é en grupo.

Para rematar, imos falar dun punto moi xeral, dedicado ás características do canto tradicional en Galicia. Primeiramente a relevancia do aspecto xeográfico, vinculación das músicas con aldeas, parroquias ou comarcas.

Si, existe esa conexión. En cada lugar hai un xeito diferente, o que che contaba antes: xeitos de tocar distintos, xeitos de cantar diferentes... ves que a xente apoia a voz de xeito distinto, xa sin entrar no individual. Despois individualmente tamén hai diferencias. As coplas, as letras que cantan... Si, si que hai unhas zonas ben diferenciadas. E despois tamén tes as limítrofes, as zonas das raias entre un lugar e outro, que poden ser tanto dun lado como doutro, as zonas raianas. Pero si existe claramente un mapa onde podes situar certas características, aquí se toca así. E tamén podes levar sorpresas, como che dicía antes, non te podes deixar guiar solamente por eso, porque hai diferencias tamén no individual. Aínda que cantemos nun grupo pois cada unha é cada unha, e ti si tes máis facilidade para facer un xiro “x” valo facer, e se tes máis facilidade para repinicar a pandeireta, pois tamén vas repinicar nun sitio onde as compañeiras non son capaces. Entón, hai diferencias individuais pero si que existe un mapa clarísimo de xeitos de tocar, de petos, de repeniques...

No caso do teu traballo, Liñares é súper característico. Non o confundes con nada, é dos poucos sitios que teñen uns petos, os saltos... os saltos de Liñares, solo son de Liñares. Tes aldeas arredor que poden facelos parecidos pero lle quitan un, lle quitan dous, fan o do medio... pero os de Liñares son os de Liñares, e sempre son iguais; miden igual, van nos mesmos sitios... tanto na jota como na muiñeira. Sempre son iguais, noutros sitios poden medir un pouco diferente dependendo do que dura a volta e tal e cual, pero eses son súper característicos. E o mesmo pasa con outras zonas, vas a San Salvador e na muiñeira son eses, e sempre son eses, son súper característicos.

Ocórrenseche algunhas características fundamentais do canto tradicional galego a nivel melódico, interpretativo...

A maioría das melodías antigüas están en modo frixio, cando falas de cousas máis recentes xa se adaptan máis ao contemporáneo, o que se escoitaba pola radio, vano adaptando. Pero o máis antigüo si que está nese modo.

Nas tonalidades, tamén penso eu, as voces bastante agudas, que tamén se foi perdendo. Eu penso que nin principio se parecía bastante ao xeito de cantar de Portugal, como cantan as portuguesas, eu penso que se cantaba así. Eu a técnica delas non a conozo porque foise tamén perdendo aquí, pero penso que cantaban así, igualmente a elas.

Nos melismas tamén, utilizamos un tipo de melisma moi parecido. Na forma de unir as frases, no aire que deixamos tamén. E despois nalgo que non se pode transcribir, ti escoitas cantar a galegas diferentes, a mulleres de antes non de agora, porque agora temos contaminación de moitas cousas. Pero señoras das de antes, sen letra, que che fagan “lalala”, sen que ti saibas que son galegas, sábelo. Hai algo ahí, non te sei explicar porque eu penso que non se pode nin transcribir, penso que non ten nin tan sequera un nome. Pero creo que ahí hai unha alma, algo que non sei onde está, non che sei dicir. Pero que temos todas, que ponse a cantar “lalala” sen letra, para non identificar a lingua, e dis: estas son galegas. Pero non sei dicirte o que é, pero está ahí e máis... e que eu véxoo claro pero non sei dicirte o que é.

Pero si, si que hai... o modo frixio no cantar máis antigo, e nos melismas, sobre todo, parécenme muy parecidos, muy de xeito noso, na forma tamén de unir as frases.

Para rematar podemos falar sobre a relevancia tamén da percusión de man como acompañamento da voz na música para o baile.

É principal para o baile e emprégase todo o que teñen a man, moitas veces fabrican elas mesmas as cousas. A nos falábanos en Rodeiro, e por alí nunha aldea de Lalín, como fabricaban os tambores, tamboriles ou pandeiros redondos, que os fabricaban elas a maioría das veces. Lle dicías: e se rompía? –Se rompía facíamos outro.

Pero é importante porque é a base rítmica, aínda que ti podes bailar unha muiñeira simplemente como cha cantan, porque tamén no cantar vai o ritmo marcado, ademais nótase moito. Pero é a base para bailar, é o que adorna, acompaña e é fundamental, solo con cantar... é o que fai ruído, o que fai festa. E podes meter todo o que teñas a man.

ENTREVISTA A OLGA KIRK. 04/08/2021 – A CORUÑA

O primeiro punto co que comezamos versa sobre as recollidas, así que o primeiro que vos pido ás entrevistadas e que me propoñades unha definición sobre o que é ou foron as recollidas, ou ben determinar os seus obxectivos.

Unha definición do que foron as recollidas é un pouco complexo porque dende que eu empecei fun perfeccionando o método, cambiaron tanto os obxectivos, como o método, como tamén a maneira de estudar. Entón, para min o que primeiro me moveu a recoller foi que me gustaba moito, eu estaba nun grupo de baile, Xacarandaina, entón ofrecéronme cando tiña 15 anos ir a unha recollida a Seaia. Eu bailaba e tocaba a pandeireta e o tema de recoller si que o escoitaba de lonxe e era unha idealización de en que consistía ese traballo, pero si que estaba interesada, había algo en min que me movía a intentar averigualo.

A primeira vez que fun quedei súper impactada por ver en directo a xente maior facendo algo dunha maneira súper natural e espontánea, e a partir de aí encendeuse unha luz para min. Despois xa foi un traballo incesante, ao principio máis a modo, porque era unha nena todavía e logo xa foi dunha maneira moito máis, sobre todo a partir de que cumprín 18 anos, continúa e case como quen vai a clase, porque iamos todas as fines de semana.

Entón, ao principio os obxectivos non os tiñamos moi claro, porque eu daba algunha clase... por unha parte buscar repertorio para as miñas clases pero tamén que me chamaba moitísimo ver iso e que non había xente que estaba intentando recuperar. Eu vinme a min mesma sendo unha cativa como unha recompiladora, unha coidadora dese tesouro que era ese patrimonio inmaterial.

Ao principio tamén cometimos moitísimas faltas, porque non sabíamos nin como preguntar, nin como achegarnos nin nada. O método fúmolo facendo a medida que fomos con proba e error, basicamente.

A definición do que son as recollidas? Non che podería dicir, pero conservar, para min é conservar, manter e revivir as veces que quixeramos ese patrimonio.

Xa me falabas sobre as primeiras recollidas... podesme enmarcalo temporalmente?

A primeira recollida que fun, da que non teño nada, ningunha documentación porque eu ía coa xente de Xacarangaina, foi no ano 89. Logo, xa pola miña conta empecei no ano 91, que tiña 17 anos e ía con meu pai, que era inglés e era como un pouco raro, porque meu pai falaba bastante mal e eu era unha nena, eu pensaba que era moi maior pero agora vexo que teño unha filla de 17 anos e non era tan maior.

A primeiro recollida que fixen foi en Negreira de Vilamaior, e fumos alí porque miña nai cando traballaba en Inglaterra coñecía a unha señora que cantaba moito, e dicía ela: Ela cantaba cancións, pero cancións en galego pero que eu non sabía, que non eran as populares, sinón que eran outras. E sabía moitas coplas... coplas e coplas... graciosas e tal.. Entón como non sabía por onde empezar, empezamos por aí. Entón o que faciamos normalmente era ir a unha zona, entón empezabamos por esa zona de Santa Comba, e peinábamos esa zona e logo, cando saquei o carnet de conducir, a min me deixaba o coche pero non moi lonxe, entón cheguei ao acordo con meu pai que tiña que ir por autopista para ir segura. Entón fixéramos moitísimo pola zona de Santiago, unha das primeiras recollidas que fixeramos cando eu levaba o coche era Berdía e a Peregrina, que pertencen ao concello de Santiago, son limítrofes. Basicamente fumos así, pouquiño a pouco. O meu home, Pablo Díaz, non tocaba a gaita tampouco pero cando empezamos a ir a zona de Ordes ou a zonas de Lugo, que é zona maioritariamente de gaiteiros, necesitábamos para que a xente bailara senón había gaiteiro na recollidas...

Logo tamén recollimos un acordeonista diatónico e eu merquei un, e aprendín así, de ver aos vellos, sen método ningún. Foi un pouco como fumos aprendendo. Ao principio non preguntabamos nin como se chamaba, nin cando nacera, nin nada... logo empezamos a preguntar isto: como se chama, onde naceu, onde aprendeu, porque igual casara para outro sitio pero viña doutro sitio... E despois tamén tiñamos moi restrinxido o tema do que gravabamos porque a parte de que non tiñamos diñeiro as cámaras, as cintas eran carísimas, e o que non nos parecía interesante non o gravabamos, parábase de gravar nas conversas. Que agora ogallá tiveramos as conversas gravadas porque son cousas que recordas ou que apuntábase nunha libreta, pero non hai os medios que hai agora, porque agora o tema do teléfono é súper cómodo porque pos a gravar e o que saía. Entonces a veces estabas falando e se acordaban e: un momento, un momento! E tiñas que encendera gravadora, a cámara, e todo iso...

Un pouco foi o método que fumos levando, tamén algunhas veces, sobre todo as primeiras veces que fumos recoller ben lonxe da casa. Dos primeiros sitios que fumos recoller foi na zona de Muíños e Banda, que é unha zona practicamente descoñecida, aínda hoxe en día. E por exemplo, miráramos no cancionero de Dorothé Schubarth onde podía haber, tamén íamos un pouco a tiro fixo entre comillas, porque esto foi moi posterior, pero para ir un pouco enmarcando as zonas onde podía haber algo de informantes.

Estiveches en varios equipos de traballo ou investigación, primeiro relacionado con Xacarandaina e despois xa pola túa conta.

Si, con Xacarandaina en realidade non podería dicir que estiven nun equipo de traballo, porque o equipo de traballo era un equipo pechado onde ían sempre os mesmos e as veces nos convidaban, ou se lles facía falta alguén para aguantar a gravadora, ou sacar fotos... Pero en realidade o 99% do meu traballo fíxeno co meu propio equipo, onde basicamente eramos Pablo e eu, e si que fluctuaba xente. Había dúas persoas que eran as que máis viñan, pero é verdade que ás veces viñan outras persoas a maiores, ou se algún non podían vir, porque todos estudiábamos na universidade, entón en épocas de exame, aínda que nos íamos sempre... Funcionaba así.

Tamén me comentaches do que é o propio proceso de recollida, que fostedes aprendendo.

Si, ao principio, na primeira que fomos pola nosa conta lle preguntamos a esta señora entón díxonos: Si, preguntade aí ao cura, porque aquí no pueblo canta todo o mundo e así ao mellor ao final da misa podemos quedar no teleclub. Entón eu fun e falei co cura, pero non quedamos á misa entón o señor parece ser que na misa dixo que lles prohibía ir porque éramos un herejes, que non quedabamos á misa. Entón cando chegamos o seguinte domingo con todas as cámaras e demais non había ninguén, quedamos flipando e incluso a amiga miña dixo: No e que o cura non nos deixa, e se sabe que eu fun... Entón dixo: Mira, ides alí arriba, a Negreira de Vilamaior, que queda a 5 km e ides e preguntades por esta persoa. E efectivamente, despois xa xuntamos e tal.

O que facíamos era que chegabamos ao millor a un sitio e dicíamos: E que nos viñamos preguntando, somos dun grupo de “coros e danzas”... Porque se dicíamos un grupo de baile tradicional a principios dos 90 ninguén sabía o que era, tiñamos que dicir

“coros e danzas”. –Andábamos preguntando e mirando se había algún gaiteiro dos de antes ou algunha muller que tocara a pandeireta, ou que bailaba o solto... e era a maneira. E ao mellor no pueblo non había e nos mandaban: No, aquí no, pero ides a tal sitio. E era un pouco o método que tiñamos, que despois xa fomos perfeccionando porque cando vas a unha zona que xa sabes que hai, xa vas... xa preguntas: Estivemos en tal sitio e nos dixeron deste...

Sobre o uso de todo este material, polo que me ides comentando, fundamentalmente era para dar clase.

Pablo e eu sempre tivemos a inqueda e sempre escribimos bastantes artigos en revistas pequenas pero tamén as veces... por exemplo houbera un traballo sobre música tradicional hai moitos anos na Vanguardia no que participamos, de tirada nacional... E logo tamén fixeramos un cancionero de Cabana de Bergantiños. Nese sentido había moitos compiladores da nosa época que, efectivamente, o material era para dar clase. E despois comezamos a ter moito material, e como che digo empezamos a tocar diferentes instrumentos e montamos un grupo de música tradicional que solamente utilizabamos as pezas que nos tiñamos recollidas.

Agora falamos da influencia que tiveron as recollidas por unha parte na propia música, coas influencias externas, igual cando se facían as recollidas e se montaban unha festa e as compiladoras tamén tocaban, ou cando se montaron as grandes foliadas con veciñas de diferentes aldeas.

Si, no noso caso procurabamos meternos o mínimo posible porque eramos como moi puristas, nese sentido. Entón tampouco queríamos contaminar, porque o que nos pasaba cando nos vían bailar... incluso ata non bailabamos demasiado ben, porque cando nos vían bailar ou tocar a pandeireta: E que vos xa sabedes, e que vides a aprender... A eles nos lles decíamos que íamos a aprender e que queríamos aprender do que eles sabían. Entón cando ti empezabas a bailar co teu xeito moito máis técnico, de grupo de baile, a eles lles parecía que bailabas muy ben, e muy estirado... Entón procurabamos ir máis ao xeito deles e non saltar moito, nunca queríamos sacar punto nin nada, e bueno, a veces era muy difícil de coller os puntos que eles facían tamén. E cantando igual, procurabamos non facer moito, porque parece que non queríamos ir... que eles pensando que te estabas exhibindo.

E o tema das foliadas e seráns e demais, empezou cando nos xa lavabamos un traballo grande feito, porque eso empezou máis ben a ben finais dos 90 ou a partir dos 2000. Entón nos vivímolos un pouco menos, e a veces en sitio donde había moita xente, en Aviión ou así, que había compiladores continuamente, as veces primábamos xuntar a menos xente precisamente por iso, para intentar ser capaces de chegar máis a súa esencia.

E relacionado con isto, o máximo expoñente disto foi cando empezaron a ir ao Luar os veciños e veciñas das aldeas, porque foi un cambio de algo que se facía para o disfrute na propia aldea a converterse nun espectáculo para os propios informantes.

Iso si que o vivimos de primeira man, porque foi xustamente cando estábamos en plena ebullición das recollidas, e empezou con Mercedes Peón, que naquel momento era compañeira miña. E había as dúas vertentes, había xente que se poñía muy nerviosa e que insistía, porque como nos íbamos coa cámara de vídeo que non era algo moi coñecido para eles: Sodes da tele, sodes da tele... Así que maioritariamente diría que non nos axudou, creo que nos perxudicou bastante porque: Eu non quero saír na tele. O millor tiñan un loito de recente, de igual cinco anos, pero que para eles era recente, sobre todo na zona da Costa da Morte... Nos trouxo máis problemas que alegrías.

Donde máis, aos que máis lles gustaba saír en cámara e que tiñan ese momento de protagonismo e de actuación eran os gaiteiros, os músicos. Todos son músicos pero me refiro a que eles tamén cobraban porque as pandereteiras nunca cobraron por actuar, pero os músicos si, un gaiteiro que iba contratado a unha foliada ou ruada. E xa sempre tivo ese cariz de artista, cousa que as pandereteiras non. Eu, polo que observei, habitualmente, incluso nas zonas de pandeireta, as pandereteiras tocaban dunha maneira moito máis informal. Que non as chamaban pandereteiras, eran tocadoras de pandeireta.

Entón elas se xuntaban sobre todo no inverno, ou no vran, cando acababan de traballar, ou cando ían fiar, ou cando ían debullar... entón xurdía dunha maneira máis espontánea. E ás veces xuntábanse para facer un cabanote, unha festa, e levaban as pandeiretas. Pero si era unha festa polo patrón ou era unha festa, unha romería... ou no salón de baile, si que contrataban aos músicos. Entón xa tiñan outro status diferente.

Por eso che digo que no tema de gravar eles xa estaban máis acostumbrados a ter ese status de protagonista, cousa que as pandereteiras e os bailadores eran máis reticentes, e as mulleres máis que os homes, tamén.

E consideras que tamén houbo influencia na propia concepción dos informantes, no que facían? Igual no caso dos “músicos”, como me dicías, xa tiñan esa consideración sobre o que facían...

Si, de feito eles ensaiaban e elas non, era o que saía. Que ao mellor ensaiarían de novas para aprender a tocar, porque ninguén naceu aprendido, pero non practicaban... sabían que ao millor quedabamos para xuntar a varias dentro dunha semana e podía haber algunha, tennos pasado, que apuntaban as coplas: Ai, quero acordarme de moitas! Porque o de repetir coplas non lles gustaba, cantas máis coplas mellor. Pero os músicos ensaiaban esa semana, entonces eso si que había unha pequena diferenza nesa.

E tamén nese sentido, en xeral pensas que que xente nova vos interesades sobre o que tiñan como algo do pasado, relacionado coa vida cotiá fixo que cambiaran o que pensaban sobre a música e baile?

Si, totalmente, porque ademais como aí houbo unha ruptura xeracional entre a xente que agora ten 60-70, houbo unha ruptura enorme e ademais non valoraban iso. Entón cando chegamos nos, que eramos muy novos, moitas veces os fillos non sabían que tocaban ou se o sabían incluso o despreciaban, moitas veces non os deixaban, non querían que gravamos, dicían: Vide un día no que non estean os meus fillos. Porque si que eles de repente empezaron a considerar que o que estaban facendo era algo importante e valioso, cando unhas persoas se desprazaban 50 km, 30km ou 200 km, como nalgúns casos para poder aprender eles dicían: Jolín, pois o que eu sei... e ademais os meus fillos non o saben. Entón é algo que si vale.

Para rematar con este apartado dedicado ás recollidas déixoche se queres facer algunhas especie de conclusión sobre o traballo, con moitas entrevistadas falaba da necesidade da creación de arquivos ou fondos onde estean implicadas as administracións públicas.

Nos xa hai moitos anos, igual hai 20 anos, tiveramos os compiladores que estabamos de aquela moi en activo, unha reunión co Consello da Cultura Galega onde non se chegou a ningún acordo. Nos fomos dos moitos dos que nos negamos a ceder o

noso material para estar alí tirado sen catalogar dunha maneira adecuada. Fixemos certas peticións, como por exemplo ter equipos da RTVG que estaban totalmente parados naquel momento, e nós nos prestabamos de xeito totalmente voluntario e gratuíto con eles para facer unhas gravacións boas, en boa calidade, cun formato adecuado... Pero nunca interesou facelo, entón somos un pobo que non estimamos o noso, dende o principio dos tempo e seguimos máis ou menos igual.

E agora hai proxectos como o de Xabier Díaz que poñen outra vez en valor ese tipo de... e xa ves que teñen éxito entre as xeracións novas, é unha maneira de volver a achegar, de devolver, de reinventar esa tradición e que continúe. O que pasou foi que a tradición nunca morre, senón que sempre se está reinventando, pero como houbo un parón durante tantísimas décadas, é como se fora unha cousa que está metida nunha caixa, e é o que non pode ser.

Agora pasamos a falar da situación actual da música tradicional, contraponendo a escaseza de publicacións e estudos contra a importancia de asociacións e escolas, que son o verdadeiro motor do sector.

Si, eu creo que tamén foi cambiando, eu levo xa 30 anos dedicada a isto e tamén foi cambiando bastante. Totalmente, agora mesmo subsistimos os mestres, as asociacións e os alumnos gracias ao apoio das asociacións, porque en realidade os mestres que levamos moito tempo dedicados a isto non temos unha formación neste aspecto, máis que a nosa propia auto-formación, ou sexa, totalmente autodidacta. Si que moitos temos estudos universitarios, pero non están relacionados con este tema, que aí vides os novos para facer un pouco de selección e de ordenación en moitos aspectos.

Pero desde logo se non fora gracias as asociacións esto estaría completamente esquecido e morto, totalmente, como pasa noutros países. Nos países escandinavos que agora dende as institucións xa levan anos intentando manter o pouquiño que teñen, e nos que temos un patrimonio extensísimo non está en mans de quen tiña que estar, nin sequera se valora a nivel dos colexios, que penso que é moi importante que os nenos tiveran un achegamento que depende única e exclusivamente da cercanía e da sensibilidade do mestre de turno. Porque en realidade non está no currículo, e senón está non é necesario, e eso é así en todas as materias. Todos sabemos que é fundamental coñecer a fotosíntese e estudiala durante 10 anos da vida académica dos nenos, pero non é interesante aprender a bailar o mínimo dunha muiñeira... porque tamén é o que nos

conforma, porque a nosa cultura, o noso baile, a nosa música tamén nos conforma como pobo. E así non hai forma de facer pouso, porque a menos que ti teñas unha sensibilidade xa en idade adulta, si que é certo que hai moitísima xente das clases de adultos e demais, ou que os pais teñan esa sensibilidade e apunten os nenos, porque os nenos veñen a baile tradicional porque ao mellor lles gusta bailar, pero como irían a baile moderno, ou danza jazz.

Enfrontando esta visión máis negativa, penso que nestes últimos anos estamos vivindo un revival social no que a música e baile retoman o uso de goce que tiña antigamente a través de foliadas e seráns.

Totalmente, e despois que tamén hai moitos mestres que antes, por exemplo, cando eu decidín dedicarme a ensinar e a cantar era un pau, incluso para as familias, porque: Como vas vivir disto? E estaba moi apartado do ámbito académico, e agora é certo que hai unha mellor valoración, entón a maiores das foliadas e todo iso, si que é certo que como hai moitos mestres que se achegan tamén á música e o baile tradicional, gracias as asociacións, porque é onde se forman eses mestres, tamén o achegan as escolas. Entón se eles teñen unha imaxe positiva, se os mestres llo transmiten os nenos, é unha cadea. Entón se despois ti fas unha foliada na rúa e te ven bailando, e os nenos tamén se achegan porque os nenos ao final... e é certo que moitas veces cando facemos, eu falo por exemplo aquí en Donaire, facíamos unha foliada moi chula no mes de abril, nun parque moi grande da Coruña, e viñan moitos nenos que non eran da asociación a mirar, a ver que pasaba... e eles así que vían as gaitas e o ben que se pasaba, porque había un montón de grupetes de nenos, maiores... bailando, tamén se querían meter na roda, aínda que fora para ir saltando.

Eu creo que é a maneira de que perviva e de facer viva a tradición, e esa parte é moi positiva, é como se achegan outra vez.

Eu fixera, no colexio dos meus fillos, unha proposta a raíz do anuncio de Gadis da Muiñeira Global, pedíranme no cole se podía facer algo. Entón puxen a todo o cole a bailar, case 500 alumnos, algo moi básico porque en dúas mañáns tampouco podes facer milagres. Pasárono barbo! E a raíz diso, houbo un montón de familias que se quixeron achegar. Esa parte positiva está aí e hai que collela e exprimila ao máximo, pero se nos axudan dende as institucións é moito máis fácil.

Pasamos a tratar a tradición con perspectiva de xénero, entón quixera empezar pedíndoche que me contes que atopaches nas recollidas en relación aos roles de xénero en música e baile.

Empezo pola música, a distinción de roles era basicamente que casi todos os intérpretes de instrumentos melódicos: gaita, clarinete, acordeón... todo o que requira un pouco de estudo, eran no 99% eran homes. Eu mulleres gaitadeiras que agora terían 80-90-70 anos non recollín a ningunha, oín falar delas, igual de que mulleres acordeonistas, pero oín falar... nin sequera se prestaban. E ademais había unha cousa, os gaiteiros ou acordeonistas tiñan que viaxar, porque os medios de comunicación non son os de hoxe, e aínda que foran a parroquias cercanas ao millor tiñan unha viaxada de que iban en bici, cabalo, coche posteriormente... pero ou quedaban a durmir alí, ou acababan de tocar as tantas, e daquela isto para as mulleres estaba moi mal visto.

Entón falamos de hai anos, do que era o rol do que nos recollimos pero era o que facían na súa mocidade. Eran maioritariamente homes, e en canto a tocar a pandeireta, que é un instrumento maioritario e que recollimos a centos de persoas, maioritariamente eran mulleres. Non un tanto por cento tan elevado porque tamén había homes, pero se había homes e mulleres, os homes soían cantar coas mulleres.

En canto ao baile, depende moitísimo das zonas, si que é certo que estaba moi ben visto o que os homes bailaran ben, de feito nas coplas xa che din que homes que ben bailan, e que guiaran o baile.... Pero en zonas onde se bailaba muy ben, sobre todo en zonas de pandeireta, si que tamén había mulleres que guiaban. Pero incluso cando había mulleres que guiaban e que bailaban mellor que os homes, que sabían máis puntos... porque cantos máis puntos, estaba moi ben visto... ás veces dependendo de quen estivera bailando, que home estivera bailando e levando o baile, as mulleres cedían o seu posto. E despois xa hai zonas é absolutamente impensable, por exemplo temos ido moitísimo á zona da Terra Chá, e eu, habendo un home nunca vin a unha muller que guiara, e nos pasou moitas veces de estar ao mellor Pablo, a miña parella, ou outro compañeiro bailando: Guía ti, empeza ti! –Non, usted –Non, e que eu sempre vou detrás. Eso si que estaba, non sempre, e depende moito das zonas, e cada caso en concreto. Porque tamén depende de cada personalidade en concreto, pero si que maioritariamente quen mandaban eran eles, polo que eu vin, salvo que non houbera homes.

Agora, había zonas como Carballo ou Tordoia, que son puntos ademais moi longos, que requieren moita resistencia técnica... e aí si que ás veces aínda que houbera homes, se vían que os homes non eran o suficientemente espabilados, por dicilo dalgunha maneira, empezaban as mulleres e levaban o baile as mulleres.

Pois agora imos cos roles no presente, pedíndoche que me digas se cres que temos referentes femininos en música e baile tradicional actualmente ou se pensas que están máis invisibilizados respecto dos masculinos.

Habelos hainos, claro que sí. Pero están moitísimo máis invisibilizados e a nivel de profesionalización volve a pasar o que pasaba hai 80 anos, se pensamos nas mulleres que nos dedicamos profesionalmente a isto, e digo profesionalmente dedicándonos case exclusivamente a ensinar, somos muy poucas, e xa se partimos de certa idade, aínda somos menos. Ao mellor rapazas de 30, ou menores 30, pode haber algunha máis, pero de 40 ou maiores de 40 se nos pode contar cos dedos dunha man.

E penso que estamos igualmente capacitadas pero si moito máis invisibilizadas e sempre se dubida moito máis das nosas capacidades, costa muitísimo máis conseguir calquera cousa e que se nos valore. Agora, os últimos anos si que é certo que eu me vexo máis escoitada, máis vista no mundo, pero aínda así costa. E incluso costa por compañeiros da miña xeración... ter ese papel. Non é que eu o busque nin o queira ter, simplemente é que está aí, que estamos saíndo aos escenarios igual, que podemos levar grupos igual... obviamente! Pero non estamos todavía ao mesmo nin de lonxe.

E ademais, complícasenos moitos se somos nais, o tema da maternidade penalízase moitísimo porque ti tes que parar cando tes un fillo... socialmente está muy penalizado porque ti non podes nin queres pola túa vida, ti non podes estar dando clase de baile cando estás... que eu din hasta última hora.... Pero non podes estar a un nivel máximo nin cando estás súper embarazada nin xusto despois, e bioloxicamente é imposible. Ás veces eu reconozo que fixen unha serie de esforzos que non se esperan de ningún compañeiro meu, nin se lle piden nin se esperan. Hai pouco comprensión, este é un tema social non só do ámbito da música tradicional, senón da sociedade en xeral.

Agora imos falar de aspectos relacionados co canto tradicional, características moi xerais. Unha delas é a importancia do contexto xeográfico, que sempre asociamos unha peza a un lugar: jota de... muiñeira de...

Eu creo que hai dúas cousas diferentes, unha, no tema dos gaiteiros que tamén se utiliza pero tamén as veces: Jota de Serxio, ou así... porque hai un intérprete que ao mellor non é o compositor pero si que é un intérprete só. Entón as pandereteiras, ás veces lle recollemos a unha señora soa, pero si que normalmente a elas lles gustaba cantar en grupo, entón é moito máis fácil adxudicar eso a unha parroquia determinada ou unha aldea determinada.

E eu creo que máis que nada é por iso. E de feito quedámonos, salvo que sexa unha cantadora, que había unha cantantes espectaculares... e entón quedas co nome desa señora, ou pola súa maneira de ser ou pola maneira que tiña de explicar, ou pola súa grandísima calidade vocal. Pero si que é certo que a nivel instrumental se utiliza moito máis o tema... e moitas veces no tema instrumental, os cuartetos xa eran cuartetos con nome.

Eu creo que eso foi o que nos foi levando, e tamén seguindo as marcas dos que viñeron antes, que basicamente era Sección Femenina, que tamén poñían os nomes dos sitios.

Falamos agora de características musicais, melódicas ou interpretativas do canto galego en xeral, se se che ocorren aspectos concretos que nos sirvan para defini-lo, como se lle explicamos a alguén estranxeiro que pode distinguir o noso canto do doutra zona.

Si viñera alguén de fora, como era meu pai, pois que lle diría? Pois que aquí se canta, igual que en case toda a música tradicional, basicamente se canta con moita forza e expulsando moito a voz, porque non había micrófonos e había que escoitar no torreiro o que se estaba cantando. A música sempre vai ligada ao baile, para todo: para facer toques de pandeireta, para empezar a cantar, para marcar o punto e a roda, ou tablón... punto e volta. Non poden vivir a unha sen a outra, aínda que se cante sen... eu creo que as pezas naces para ser bailadas, eso eu creo que é un tema interesante. Non hai nada acordado, senón que igual que no baile é todo improvisado, aínda que haxa unha melodía propia dun sitio... as coplas sempre ten que haber alguén que as empece, porque non hai unha orde preestablecida.

Tamén vai moito co carácter, non cantan coa mesma forza en Malpica que en Celanova, pero si que se cantaba con forza tamén en Celanova. Igual que o tema dos

tonos, aí xa teríamos que ir moito máis concretamente, pero a nivel global eu creo que esas son as características que eu mencionaría.

ENTREVISTA A SIRA PAZ GUERRA. 19/08/2021 - LIÑARES

Ar: Usted recorda festa aquí na casa?

Aquí nunca... Había ahí, no taller do meu home, que agora xa non está, xa se tirou todo.

Ar: Taller de que?

De carpinteiro, el era carpinteiro. Entonces cando lle tocaba a festa a algunha das irmáns, do meu home, tíñana ahí no taller.

Ar: Porque a festa tocáballe a alguén?

Ía a ronda, cada domingo unha, unha casa. Había quen non tiña casa e tiña que buscala. Unha que foi a Venezuela e morreu pa alá, 10 anos máis vella ca min... non tiña casa pa festa, entonces tiña que buscala, entonces chegou a unha casa, se lle prestaban a casa para a festa, e díxéronlle: non, non... e bueno, non lla prestaron. Foi a outro sitio se lla prestaban: no, porque.... Tampouco, non lla prestaban. Entonces chegou a un cruce que hai antes de chegar a casa de meu pai, que agora é onde vive o meu fillo. Na carretera, indo pa Amiudal, a última a dereita. (...) En total, que alí vivía meu pai, en total que esta moza quedouse alí no cruce, dixo: non sei se vaia onde Amador, que era meu pai, pero claro, cando che empezan a decir que non... parece que todos se pon dacuerdo. Entonces chegou onde meu pai, e díxolle se lle prestaba a casa para festa, e díxolle que sí, dixo: e non traías candil, porque antes era o candil, o candil de ghas. E díxolle meu pai: non traíalo candil que teño o meu, el tíñao xa de carburo. E ela calou, porque nin o cría, porque un que no, outro que no...

Entonces era o que había, festas! Pero nas casas, pero aquí nunca houbo. Cando lle tocaba a algunha das miñas cuñadas, no taller. Pero a que tiña a casa, nas casas. Que eran de madeira, como agora esta.

Ar: E bailaban tamén?

Si, si, e tocabamos... e as outras beilaban. Saían os mozos primeiro, fosen catro, cinco... E os mozos chamaban... as mozas de pé todas xuntas. Os mozos saían e daban a volta, parábanse e chamaban á que querían bailar con ela.

C: E tocaban moitas xuntas, ou preferían bailar?

No, daquela non tocaban máis ca tres, dúas pandaretas e unha lata. A lata sempre unha, despois cando fomos a Luar como había tantas que fomos o Luar e sabían tocar a pandereta, a lata non, pois eu toquei a lata e dúas a pandareta.

E eu tocaba a lata e non me ghustaba, díos mio... porque teño medo equivocarme cando é o solto. Vós dádeslle aos saltos?

(toca a lata)

Entón había que ter moito control, para lle darllo salto canda as da pandareta.

C: Porque non é igual a pandereta co da lata?

Claro, por eso que a lata....

(toca a lata)

E que agora déixase todo esto... Si, había.. esto había que as novas aprendere e seguire pero non sei.

C: Logo as novas non aprenden?

Mari Carmen si, tiña moita ilusión de tocala lata, pero nunca veu para que lle dixera...

Ar: Quen guiaba no baile?

O que ía diante.

Ar: e porque se poñía diante?

A moza non guiaba nunca, porque a moza chamábana, ela non sabía se iban decir a ti ou a outra. Pero o mozo, normalmente, o que iba diante era o que sabía mellor os puntos. E unha cousa que eso dos puntos, a min quedáronme moitos polo camiño. Eu aqueles máis antigüos, pra aquí, pra alí...

C: Despois para bailar, como era? Habíalle que facer caso a música?

Claro! Seguíase... Mandaban as que tocaban, as que tocaban tocaban normal: jota, muiñeira... pero xa se sabía de toda a vida. Despois o que bailaba seguía a que

tocaba, e que xa se sabía, era de vello, de miñas abuelas. Xa non había outro baile máis co que tocaba a lata, non había outro. Logho a muiñeira, logho o valse... e xa estaba.

Ar: E cando saían os mozos buscar as mozas?

En roda, seis ou oito...

Ar: E se eu a collía a usted bailábamos todo? A jota, a muiñeira...?

Sisi, cada roda parábase e despois... cinco minutos, tocábanse a muiñeira e seghuían beilando. Cando paraba a festa eles tamén se arrombaban, non quedaban alí. Despois tocabas a muiñeira, e eles volvían outra vez. Tocabas alí o vals... ala!

Ai! Eu caseime de 16 anos... aquí era a moda. A que cheghaba a 20, se viña algún portugués... Miña prima Elsa con 16, Mari Carmen, Celia, miña veciña, con 16... Daquela era a moda. A que cheghaba a 20... miña prima xa tiña 20 ou 21, veu un portugués perdido e casou con ela, senón xa non casaba! Como decíamos antes, para vestir santos.

Ar: E os homes nunca tocaban?

Non, e se cadra había algún que sabía pero non tocaba, solo as mulleres. Eles beilaban, despois beilaban aqueles a jota, muiñeira, vals... despois arrombábanse mozos par a un lado, mozas para outro, e saían outros. E volvían chamar a aquela, a que quería.

C: Entón había moita xente, eso era de antes de marchar a Méjico?

Eu fun para Costa Brava, eu fun das poucas que non fun para Méjico, non sei como é. Eu pa Cataluña.

Ar: Cántelles como me contou a min o outro día, cando foi lavar platos, o contenta que estaba de ir lavar platos.

Ai, si porque eu íache aquí... vacas, bueno dúas, pero eu sola, o fillo máis vello tiña creo que 9 anos, e xa me cargaba o carro do toxo, xa iba coas vacas ao liño... Si, daquela... unha esclavitú. Eu sola, o meu home si foi para Méjico, pero o que vai para Méjico hai que... non é como ir pa Alemania. Ten que alguén mandarche permiso, e o chegar a Méjico ten que, esa persona, facerse cargo de ti. Senón tes quen che bote a mao, tes que volver, porque en Méjico é todo negocio... En total que a miña soghra

anduvo cun irmao para que lle levase o fillo para Méjico... e o tío do meu home levouno pa Méjico, pero cheghou alá e díxolle: mira Méjico e moi grande, espábilate! E alá non e así, non é que vas, traballar... Alá collíate a policía, entonces senón tes quen te apoie, quen mire por ti... non sales.

Eu tiña un primo que agora morreu, un ano máis vello ca min, pero xa fai moito que morreu. Foi para Méjico tamén, e mandouno... pero cheghou alá e fíxolle como o do meu home: eu tróughente, aghora búscate a vida. En total que andaba perdido, pasaba fame, entonces un daquí de Rubillón, veu que andaba perdido.... Ah! Metérono a carcel, porque en Méjico é o que fan, a meu primo metérono na cárcel sen facer mal ninghún. Entón, este de Rubillón, xa tiña moitos cartos daquela, entonces paghou a fianza pa que sacaran ao meu primo da cárcel. Sacouno da cárcel e meteuno a traballar cu el. Tiña unha mueblería, pero meu primo hasta que lle paghou a deuda do que paghou de sacalo da cárcel, estubo cu el. Pero despois díxolle: senon che parece mal, eu vou pola miña conta. E foi pola súa conta e, bueno, ghanou cartos... cada fillo, súa casa en Méjico, aquí unha casaza. Adelita, que é a muller de meu primo, que toca moi ben a pandareta e canta moi ben, que eu xa non canto, xa non teño voz, pero ela si.

(...)

Entón Méjico era así, se tiñas quen te apoiase, ías pra diante. Se cheghabas alá e che dicían: Méjico é moi grande, espábilate! Nada...

(... vida na Costa Brava: chegada, inicios, primeiros traballos, primeira vivenda, relacións no traballo, visitas a Liñares...)

(sobre a planificación sobre a construción dunha casa en Liñares)

Aghora xa non tanto, pero antes o home era o que mandaban, aghora estade quietos e non piedes! É así, pero antes se o home che dicía: ala, por ahí dereita. E ti dereitiña, era así.

(Volta a Liñares. Casa do Pueblo)

(lata)

Eu aghora coa lata canso, e a pandareta aínda quen sabe.

(jota – muiñeira)

Al: E dentro metíanlle algo?

Non, non, nada, tal como está, así.

C: E usté tanto tempo que estivo en Cataluña non tocou nada?

Non, nada. Pero o que se aprende ben non se esquece.

C: Pero logo cando volveron para aquí, volvéronse xuntar? Facer festas como as de antes?

Nas casas non, pero viñeron moitos filmare.

C: Entón volveron tocar para esa xente que veu gravar?

Non, e tamén se tocaba nas festas. Cando era, por exemplo, unha festa que aghora xa non hai... había a Santa Isabel, o San Benito... moitas veces que non había nada de festa, e tocabamos nos, alí no campo, e despois beilaban. Se cadra beilaban mozas con mozas, porque os mozos andaban máis por fora.

Ar: Antes de que ti marcharas non bailaban mozas con mozas?

Non, non é como aghora que bailan todo mozas, eso foi despois.

Ar: E daquelas, sónache de ver esto? (castañolas)

As castañuelas, non, nunca se usaron. Para beilar levábanas pero non llas vin a ningún mozo. Eu víaas na televisión....

Ar: E aquí non se facían concursos de baile... de quen bailaba mellor, ou quen tocaba mellor...?

Non, nunca. Solo pola festa. Logho... iban ahí a Beariz, eu nunca fun. Iban tocar as de Liñares, pero eu nunca fun.

C: Pero iso de mozas ou despois?

Non, despois, xa as que ían estaban todas casadas e os fillos en Méjico.

C: E ahí xa tocabades máis xuntas?

Ahí solo mulleres. Despois xa tocabamos máis. E iban as de Liñares a Beariz porque as de Liñares sempre tiveron fama de tocar ben.

Ar: E as de Beariz tamén tocan a lata.

Tamén...

C: Pero onde se toca mellor?

Pero os de Liñares tocamos mellor. Eu nunca fun a Beariz, pero aquí toquei moitas veces, moitas, moitas... pero aghora, canso, aínda ca pandareta canso.

C: E cando foi a primeira vez que foron ao Luar?

Eu solo fun unha vez, elas xa foran antes. E eu fun unha vez sola, e xa non che sei en que ano foi, pero daquela aínda era moza, quen di moza.... E o Gayoso tamén, inda tiña pelo. Eu daquela aínda che era moza... bueno, máis nova ca agora. Pero daquí foron varias veces, pero eu solo unha,

Pero daquela estábache todo moi controlado, que había moita xente para facer o Luar...

(...)

C: E tiñades que ensaiar para ir o Luar?

Non, nos non, nos igual que tocabamos aquí íbamos alí.

Ar: Á pandeirada aquí nunca viña o gaitero?

Se viña o gaitero non se tocaba a pandareta.

Ar: Cando viña o gaitero?

Por exemplo, o día de San Benito, que as veces non deixaba o cura porque era no coresma, as veces viña.

Ar: E viña as escondidas, para que non se enterase o cura?

Non, non. Se non deixaba non viña. Non sei se despois lle pedían permiso... Eu acórdome de vir, que eu aínda era moza, e viña a tocara cando... buf! Bailar co gaitero...

Ar: era mellor que coa pandareta?

Si, ghustaba máis. Esto (sinalando a lata) xa era de tódolos días, e o ghaiteiro non... en total que si, si, viña o ghaiteiro... logo xa empezou a vir... en Beariz había un grupo de chavales novos que xa tocaban a ghaita, o tambor... e xa viñan o día da festa, e a víspera, e tocaban. E a nos xa nos facía ilusión. Porque esto xa era de tódolos domingos.

Despois cando viña a coresma había luns non, martes si, miércoles non, xueves si, viernes non, sábado si e domingo si. Porque se acababa, porque viña a coresma e había que lle apurar a pandareta. Despois viña a coresma e non se podía tocar, Ui! Dios me libre, aquel cura! Non nos deixaba.

(relixión - curas)

Antes a festa que temos aquí, que é o 8 de Julio, antes era o 2 de Julio. Pero os rapaces que estaban en Méjico dábanlles as vacacións do coleghio máis tarde e viñan moi raspados para chegar a festa.

(Reis)

E o que nos daban usabámolo para comprar unha pandareta nova, unha lata...

Ar: E cantábades o mesmo ca na pandeirada?

Igual, igual.

C: E as cancións sabíadelas de antes ou inventábadelas?

Non, xa era de vello. Xa dos antigüos.

C: E as letras tamén?

Si, das de antes. Pero a pandeirada sempre igual, e as cancións igual.

Polos reis íbase polas portas pedire... pero íbamos pedir unhas pighiñas para poder comprar despois unha pandareta. Pero non che daban outra cousa.

Sabes que íbamos despois? Que eu fun varias veces, cando era polo entroido. Vestidas de entroido, que nos chamábamoslle ir vestidas de entroido, e bos entroidos

eramos! E ibamos polos pueblos, aquí en Liñares tamén, pero acórdome que ibamos a Beariz, a Amiudal... todo por estes pueblos. E claro, ningún nos conecía.

C: Logo era o único momento no que saíades de Liñares a tocar?

Non, saír coas pandaretas non. Eu acordome que nos levou unha muchacha no coche, eu xa estaba casada, e ibamos a Beariz, a Amiudal, a Couso, a Penedo, a Baíste...

Ar: E alí que había, festa?

Non, non. Alí non había nada, nos de porta en porta pedindo. Pedire, que nos deran... Eu acórdome que fomos a Couso... pero que ibamos disfrazadas que non sabían que eramos. E dixo unha muller: non, non vos dou nada! E dixen eu: e non nos quere dar nada? O porquiño halle de enfermarse. –Ai! Rabia te parta! Espera, espera logo! E dounos un peso. E dixeron: ai que ben fixeche! Que daquela un peso xa era. Pero nada de pandeirada, e nos vestidas de entroido.

Ar: Pero os mozos si que iban as pandeiradas dos sitios?

Iban, e viñan doutros sitios aquí.

Ar: Viñan a pé?

Claro, non había coches nin había nada, a pé... e noites de inverno...

Ar: e viñan de domingo? De guapos?

Si, si.

Ar: E os zapatos viñan... polo monte?

Si, si, cheos de terra. Viñan polos camiños, daquela non había... limpábanos cunhas herbas e ala! E eramos todos iguais, como se podía.

E viñan de Rubillón, viñan de Beariz...

Ar: De onde era os máis guapos?

Había de todo. Se cadra había algún ghuapo en Beariz, en Córcores. En Córcores había un ghuapo pero era alto, moi alto, pero andaba cos pés así, e dicíamos: inda vai tropezar cos pés nun canastro.

Ar: e a xente moceaba nas pandeiradas?

Si, si, mira un de Córcores casouse así. E non sei se alguén máis de fora viu casar aquí.

Ar: E os rapaces de aquí non lles molestaban que viñeran os de fora?

Non, non. Porque eles tamén andaban por ahí. Tamén iban a Baíste, a Hedreira... non había problemas.

Al: e as pandeiretas onde as mercaban?

Pois na feira debía sere. Eu nunca me encargaba de ilas comprar, eu pagaba, coma min moitas... -Hai que comprar unha pandareta, canto se escota? Pois un peso ou... e había quen se encargaba de compralas, eu nunca.

C: E as latas de donde as sacaban?

Do pemento. Pero dábannolas porque aquí non se iba gharstar unha lata. Pero nos comercios, por exemplo en Beariz, no súper, daquela non había súper aínda, pero había tiendas que vendían o pemento e vendían... e cando se lle acababan xa nolas ghardaban.

C: Pero tiñan que pedila, porque se noutros sitios tamén tocaban a lata, en Beariz, aquí...?

Non, a lata, lata como en Liñares paréceme que non che tocaban. En Baíste xa non se tocaba, en Baíste sempre houbo pouca xente e eu non acordo de ver pandeiradas como en Liñares, que sempre foi un lugar grande. Eu non me acordo de decir: en Baíste había pandeirada, non me acordo. Liñares si, Penedo, Rubillón moito... iban mozos de Liñares a Baíste, a Rubillón, e casábanse... porque viñan moito de fora porque as pandeiradas de Liñares sempre foron famosas, e non porque tocamos millore pero eramos moitos.

E logo as que eran mozas xa ían, pero mesmo as que estaban casadas, que aínda eran ou eramos novas, pois ibamos tamén, pero non se beilaba. Eu acórdome de casada

que me decían que fora tocare, e ibamos tocalas casadas e as mozas beilaban. Porque despois de casada senon ías co teu home non ibas beilare...

C: E a ti se che tocou un home que non era de bailar!

Ar: Logo ti non bailabas?

Eu bailaba aínda que fora sola. Porque non prohibían de que fora nin... pero como o meu habíache máis, casábanse e acabouse o rolo. Pero eu iba, e coma min as outras, e ibamos e ala! As casadas, veña! A tocare! Porque como non tiñamos con quen beilar. Nos facíamoslle festa e elas beilaban.

Ar: E nunca vos xuntabades a axudarvos no campo?

Antes si, pero antes había outra cousa... había outra amistá, agora cada un vai ao seu, antes non. Logho as mozas que ibamos traballar ás fincas, todo o que vedes por aquí abaixo, antes eran todo fincas a millo como o meu aquí. Ibamos por este tempo botar a ferrá, e cando se botaba aquela semente que despois se lle daba ás vacas, por entre o millo sachar... Había unhas rondas... e despois se cadra xuntábanse dunha puza ou no cimo dunhas escaleiras.... E había unhas rondas.... Porque aquí en Liñares había moi boas voces, eu non, eu cantar nunca, eu do que poden aprender aprendino pero como o cantar foi cousa de Dios e non me deu a ghracia... eu non tiña que facer! Non puiden aprender!

Ar: Entón cando iades traballar xuntas cantabades?

E polo medio da ferrá, e polo medio do millo, había unhas rondas... aquilo era unha alegría.

Ar: E cantabades o mesmo ca nas pandeiradas?

As mesmas cancións... Aquí había moita xente e unha xente moi aleggre, por tódolos sitios había rondas, bueno, e aghora pois xa non hai xente, aghora como despois foron pa Méjico pois xa... non sei se cambiaron, se non aprenderon... Pero eu recordo eso, cando era moza e cando estaba casada ata que me fun... bueno! Había moita xente, moita mocidá, e moita broma, sempre foi moi aleggre. Por que se cadra en Baíste pois xa non che saben tocar a pandareta, eu que sei, moi diferente a Liñares. Aquí había

moita mocidá, moi unida, e por exemplo como cando era para mallar o millo, que viña a máquina, ahí viña a máquina e iba o lughar enteiro para ahí, que era...

Ar: E mallábades a man?

O principio, eu recordo de mallar a man. A min acórdame, que logho xa empezou a vir a máquina. Eu acórdome a mañá cedo estirar o centeo todo para que lle dera ben o sol e despois poñíase como unha porta vella ou así de madeira, e alí a mallare.

Ar: e mallaba todo o mundo?

Non, os homes non, solo as mulleres. Despois cando veu a máquina xa os homes botaban a mao tamén a máquina, porque había que darlle ao cousa pa riba. Pero cando era a mao os homes non. Os homes había que coidalos que había poucos!

ENTREVISTA XELA CONDE. 23/12/2021 – (VIDEOCONFERENCIA – VIGO)

Comezamos cunhas definicións básicos ou xerais, como cando ti das unha clase de canto a persoas non iniciadas, algo básico de como funciona o noso aparato fonador; respiración, apoio, funcionamento de cordas... que nos sirva de introdución.

O noso aparato fonador é moi complexo, pero vouno intentar explicalo de maneira moi resumida. Para empezar, decir que o cometido fundamental da nosa larinxe é que non morramos: que non nos entre nin líquidos, nin sólidos nos pulmóns. A maiores disto, dentro dela, temos uns pliegues vocais responsables da nosa fonación. Cando o aire que sae dos pulmóns pasa polas cordas vocais se produce unha vibración das mesmas, e a partir desa vibración se produce un son. Este son pode ter diferentes características, dependendo de moitas cousas, entre elas a lonxitude da corda, ou a masa cordal que teña en ese determinado momento. Eso vai a ter moita relación coa inclinación ou cos movementos de tres cartílagos fundamentais que temos na nosa larinxe: un é o cartílago tiroides, outro o cricoides e os outros, porque son dous, os aritenoides. Dependendo do movemento destes cartílagos, as cordas van a ser máis longas, por tanto van a ter menos masa cordal, ou máis achatadas, máis curtas, por tanto van a ter máis masa cordal. Canto menos masa cordal, máis rápido poderá vibrar estas cordas vocais, por tanto máis elevado poderá ser o ton fundamental. Elevado, me refiro a altitude de nota, non ao volume. En tanto en canto, se a masa cordal é máis grosa, a vibración poderá alcanzar menos velocidade, por tanto a voz non chegará ás notas máis agudas da nosa tesitura. Por outra banda, cando están máis achatadas a oclusión é maior, polo tanto podemos ter máis proxección; o son que emitamos vai a ser con máis volume e harmónicos. Sen embargo, cando as cordas vocais están máis estiradas, a oclusión non é tan perfecta, se produce máis saída de aire, por tanto o volume da voz, a proxección, vai ser inferior.

En canto a articulación das notas e a relación coa emisión das mesmas temos diferentes “ataques”: subglótico, abrupto, simultáneo ... Este forma de emisión ou articulación das notas van marcar o carácter, forza, intención, sonoridade etc do que que falemos ou cantemos. A masa cordal e a velocidade do aire tamén varía moito entre homes e mulleres.

Hai aspectos da nosa propia vida que tamén van influir no tipo de voz que teñamos e o seu emprego, por exemplo: o estado de ánimo, o estado de saúde, a

fisionomía propia da persoa, as tensión musculares (sobre todo en canto a musculatura externa e interna da larinxe), a postura, os hábitos alimentarios, o tempo de descanso de calidade que teñamos e un longo etc.

Decir tamén que a voz é un instrumento moi complicado porque non o vemos, por tanto moitas veces nos temos que valer das propias sensacións. Para min é fundamental saber a parte organolóxica do noso instrumento. E non é un coñecemento que se adquira de maneira habitual no seno familiar nin en contextos educativos habituais (salvo que vaias a clases de técnica vocal, foniatra, otorrino/a ...) Comezamos a falar e a cantar cando somos nenos ou nenas, no seno familiar e na escola. Como calquera outro animal cando como bebés aprendemos por imitación e non será ata moito máis tarde, coa evolución do noso cerebro e doutras moitas cousas, onde realmente fagamos un coñecemento máis consciente e selectivo. Pero de primeiras necesitamos aprender moi rapidamente; as nosas neuronas teñen que facer sinopsis a todo trapo porque necesitamos sobrevivir.

Co tema da fonación, tanto para falar como para cantar, tamén vamos a imitar nun primeiro momento non só os vocablos e os fonemas propios do idioma que falemos, senón tamén a maneira que teñen as persoas que nos rodean á hora de falar. Se ao noso redor temos persoas que falan tecnicamente ben: con todo coidado, unha oclusión adecuada, sen forzar, respirando e apoiando adecuadamente... o normal é que nós sigamos esa pauta. Se no noso entorno se fala soltando moito aire, sen apoiar, forzando ... é moi probable que o imitemos tamén. Se no contexto onde estamos habitualmente a xente fala nun tono moi elevado, no que respecta á altura de nota, vamos a tender a falar en ese tono elevado, e o contrario tamén.. Lóxica pura. Como adultos arrastramos esa aprendizaxe que se entremezcla coa forma de vida que teñamos.

Basicamente, a voz é algo que nós empregamos de maneira activa, cun inicio intuitivo, que co paso do tempo, se temos interés, imos facela demaneira máis consciente, a aprender sobre o noso aparato fonador; a súa organoloxía e aprender a traballar a nosa voz. Canto máis a traballemos máis coidado teremos no emprego da nosa larinxe e todo o que iso implica: respiración, apoio, articulación, resonadores etc

Entrando nalgo máis específico, enfocámonos na descrición do canto en Galicia. Antes das técnicas en si paréceme interesante reflexionar sobre o que falabas, a presenza na respiración, pero neste caso como algo natural ou aprendido, porque

dentro do que é a tradición non se aprende a cantar de xeito consciente ou reflexionando sobre o que estás a facer, senón que é algo natural.

No que corresponde ao que podería ser a técnica vocal exclusiva en Galicia... eu creo que non é exclusiva, quero decir, cando nós traballamos ou facemos unha reinterpretación ou estudiamos ou investigamos sobre canto tradicional, estamos enfocando un contexto bastante habitual, que é o medio rural. Contexto onde as familias son gandeiras, labregas, dependen da natureza, por tanto a súa vida en realidade está máis de porta para fora da casa que dentro da casa. Esta forma de vida non é exclusiva do noso territorio e penso que sí pode condicionar a maneira en que se fona.

Nacemos “de serie” empregando un tipo de respiración, a diafragmática (cando digo tipo de respiración falo dun dos tres tipos de respiración voluntaria que temos: a clavicular, a intercostal e a diafragmática). É a que nos da máis capacidade vital, a que nos aporta máis osíxeno aos nosos pulmón. É a que nos permite descansar pola noite, realmente descansar non só durmir.

A maioría de nós agora mesmo temos unha vida máis-menos sedentaria, na que nos pasamos x horas sentadas diante dun ordenador, ou sentadas directamente traballando nunha oficina ou o que sexa. Daquela non, e indico isto porque paréceme importante. Cando ti tes mobilidade do teu corpo, tes a túa musculatura ben definida e ,a parte, estás afeita a moverte diariamente facendo determinados traballos, a túa oxixenación vai ser diferente e a túa forma de respiración tamén.

Por outro lado, o tema de estar nun contexto ao aire libre, no que tes que comunicarte, ao millor a unha distancia onde tes vento, factores ambientais que poidan causar máis-menos ruído, vai a facer que ti teñas que por momentos elevar a voz, ou sexa, que necesites que a túa proxección da voz sexa o maior posible. Obviamente isto non o fas de maneira consciente, o podes convertir en algo consciente si de repente eres “súper friki” e intentas darlle voltas ao asunto. Pero cando estamos falando cós e coas informantes, estes e estas non reparan en como fan a súa respiración, nin o apoio, nin no cartílago que está inclinándose no seu aparato fonador. Fan o que fan de maneira natural, comunicarse da mellor forma e utilizando o mellor da súa fisionomía para que poida chegar unha información determinada, sexa falada ou sexa cantada.

Eso está claro, e non ocorre só en Galicia, quero decir, se nos detemos a ver un pouco outro tipo de culturas co mesmo contexto, o medio rural, e incluso culturas que a día de hoxe se denominan primitivas, pasa exactamente o mesmo. Van a empregar a mesma calidade de voz, practicamente. E a súa intención é basicamente comunicativa no caso da fala e musical (sen entrar en tecnicismos) práctica e lúdica no canto.

Se a maiores disto lle sumamos que na nosa tradición, no noso repertorio cantado, hai un porcentaxe moi amplo de cancións que van acompañadas dun instrumento de percusión, pois máis todavía, porque tes que “loitar” coa sonoridade dese instrumento de percusión: pandeireta, pandeiro, pandeira, lata de pimentón... a túa voz ten que soar derriba diso. O importante en realidade é a voz, o instrumento de percusión é o que vai a marcar as pautas do baile, e si que é importante, pero máis importante é a voz, tanto na súa parte máis melódica como na mensaxe que se transmite nas cancións.

Agora se te queres meter un pouco nas que consideras que son as técnicas que máis podemos apreciar nas e nos informantes cando interpretan melodías de canto tradicional.

Para min, a calidade de voz habitual, a técnica empregada é o belting. Porque é a que ten máis proxección. No belting o que ocorre é que o cartílago cricoides se inclina e por tanto fai que as nosas cordais se achaten, acaden máis masa cordal, haxa mellor oclusión e, por tanto, vai a saír menos aire, superficie de vibración, e por tanto vai haber máis proxección. Este tipo de calidade de voz e moi coñecida, emprégase moito en música pop, soul, en gospel, e na maioría das músicas tradicionais das diferentes culturas do mundo, entre elas as nadas no continente africano e das que derivan non poucos estilos musicais.

Logo hai matices, variantes que se dan a pesar de que Galicia ten un territorio bastante pequeno: por aillamentos, limitacións por determinadas razóns... algúns opinan que incluso por razóns xeográficas, por altitude, ou porque si é de litoral ou é de montaña... eu aí non me atrevo moito a meterme porque realmente intentei acadar libros que falaran sobre a influencia xeográfica no emprego vocal e aínda non atopei fontes, xa me gustaría dar con elas... Prefiro quedarme co sentido común e coas cousas que eu teño visto, escoitado, falado e lido.

A larinxe é móbil, o noso oso ioides a sube e a baixa. De maneira natural, cando facemos notas agudas a larinxe sube, e cando as facemos graves a larinxe baixa. Pero isto mesmo o podemos facer nós dunha maneira máis consciente, quero decir, eu podo estar falando e de repente baixar a larinxe e falar así (máis grave) e darlle un cariz máis serio a esta conversa, ou subila e falar coma se tivera 25 anos menos. Así que, a colocación en altura da nosa larinxe tamén vai a influir na sonoridade e nos resonadores onde reververe a voz, dándolle un caracter determinado. Pode ser que o faga de maneira intencionada ou simplemente por costume ou contexto.

Falácheme do belting e creo que, polo que teño escoitada falar noutras ocasións, a outra técnica da que poderíamos dar mención no canto tradicional é o twang.

Están relacionadas, para facer twang tes que facer belting. O que ocorre no twang é que a epiglotis se move de tal forma que fai como unha especie de megáfono, iso, e que imos subir a nosa sonoridade aos senos paranasais, fai que consigamos unha sonoridade moito máis metálica. Sucede máis nunhas zonas de Galicia que noutras, e voltamos á mesma pregunta, por que? Pois posiblemente por unha cuestión de imitación e de contexto.

ENTREVISTA A OLGUITA VÁZQUEZ. 20/01/2022 - LIÑARES

(Conversando sobre a estancia da entrevistada na emigración, no seu caso na cidade de Guadalajara, e non no destino máis habitual para as persoas da zona que era a capital, Cidade de México).

Ar.: Había Centro Gallego?

En Guadalajara non hai nada deso. O que hai é na Ciudad de Méjico, en Méjico Capital

Ar: E alí iades a facer festa.

E que eu alí non estaba, meu fillo. E que Guadalajara está como d'aquí a Madrid.

Ar.: e ti mentres estiveches alá non tocaches nada, nin bailaches nada?

Unha vez, fixeramos así unha festa, que tiñamos alá panderetas e lata e de todo, para facer festa. Porque daquela inda estaban as vellas e facían festa boa. Entonces fixeramos unha comida para andaluces, para tódolos que estabamos alí, e cada un facía o que sabía.

Entonces, alí tocamos, os de Abelenda, que é un pueblo d'aquí cerca... e as que estabamos de cada pueblo, non sabes? Todo gallegos... e comemos xuntos todos, todos, foi unha festa boa. Prestáranos un terreno grande que había alí, e alí fixemos de todo, e pasámolo...!

Ar.: E tuvestes que facer memoria?

Si, pero era fácil. Porque os vellos de antes... e os novos iamos atrás, e era coser e cantar. Entonces, xa che digo, así foi. Pero eu desde entonces perdín moito porque...

Ar.:Porque alí non había?

Non, claro que non. E as miñas fillas... algunhas aínda foron a clase, pero a elas nunca lles chamou, a miñas fillas nunca lle chamou. E aghora a máis nova chámalle, pero a outra aínda non lle chama hoxe. Teño unha nena de 25 anos, e tamén non lle chama a pandeirada, se cadra máis adiante...

(...)

Ar.: Con cantos anos volviche para aquí?

Tería... 50 e tantos ou 60... 50 e tantos. Agora... despois fun cando me nacía algún neto.

(...)

Ar.: E viñades moito aquí?

Da primeira vez que viñemos, estivemos cinco anos ou seis. Despois empezamos a facela casa, e despois xa viñemos algo máis seguido. Cada dous...

Ar.: Viñades para o verán?

Si. Víamos á xentiña, á xentiña vella... Despois viñémonos porque meus sogros... era algo xa mariores, e meus sogros querían que viñeramos e que nos quedáramos aquí. Entonces, cuidamos a meus sogros. E despois cuidamos a meus pais, eu e máis miña irmá.

(...)

Ar.: E ti bailabas ou tocabas?

De todo.

Ar.: Pero que máis che gustaba? Bailar máis?

Bailar tamén, pero eu... bueno tanto tocar como bailar. Pero agora temblanme máis as maus, e non me deixan... rompín un codo... hai veces que non me deixa...

(...)

Agora se se puidera facer festas e deso... O véspera da nosa festa faise unha comida arriba.

Ar.: Eso que é, no verán?

Si. E ven unha charanga, e bailamos e tocamos e facemos de todo. Comemos e bebemos... Témonos xuntados cerca de 200 personas.

(...)

Para ir a Méjico tiñan que chamalas personas, mandar como se fora unha carta de chamada... eu tamén tuven que ir así, mailo meu home. Entonces nos primeiro aínda fumos a Francia, mentras non chamaban por nos de Méjico, nove meses, e despois fumos para Méjico. E xa fumos directos a Guadalajara.

(...)

Nos fixeramos un Centro Galego alá. Pero eu pouco disfrutei, porque despois xa me vin... eso que era socia fundadora pero... non importa, ao virnos para aquí.

(...)

Ar.: Que fixestes no centro?

Ibamos comer alí, había salóns, homes, mulleres...

Ar.: E como fixestes? Comprastes un local, alquilates, ou como?

Era un terreno grande ás afueras da ciudad, e fixémoslo, construímolo. Había unha piscina... Fixemoslle unha casa a unhas personas para que viviran alí e cuidaran aquilo, senon métense nel.

Ar.: E había clases?

Non, alí nada máis para xuntarse, comer... e encargábanse uns de facer unha cousa e outros...

Ar.: E algunha gaita habería?

Eses eran da Abelanda... pero se os gaiteiros non queren, os outros anque tiñamos ghana de festa, non lle podemos decir...

(...)

Cada un facía a festa cando quería, xuntábase... Eu nunca vin máis ghaita que aquela vez que non sei porque, dixemos, temos que xuntarnos todos os que non seamos mejicanos.

Ar.: E levache a pandeireta d'aquí?

Si, si. E mandáballe para miña neta que tocara, inda debe ter dúas ou tres na casa.

Ar.: Pero aquela xa non a tes?

A miña? Non, non.

Ar.: Pois que pena, eso era unha reliquia.

Era, era, era das d'antes.

Al.: Aquí non había gaiteros?

De gaita non.

(...)

Al.: E agora que pasou o Nadal, aquí polas festas cantaban algo?

Non, por Reis. Nos Reis ibamos cantar ás casas, pero eso hai moito.

Ar.: pedir o aguinaldo?

Si, que nos deran algo, dábannos millo.

Ar.: Eso que día, o 6, o propio de Reis?

Si. E despois vendíamolo.

Ar.: Quen, a juventúd toda?

Si, pero eso xa foi fai...

Ar.: E cantábades ou bailabades algo tamén?

Porque despois había festa nas casas. Inda as había nas casas, que non era naquela casa de arriba.

Ar.: Eso de noite ou de día?

De noite, si.

C.: E ahí si que tocaban pandeireta e bailaban.

Si, de todo, a lata e de todo. Porque estaban as señoras maiores que sabían tocala lata dúas ou tres, bueno...!

C.: Pero cando ían polas casas cantaban cancións de Reis ou as de sempre?

“Pedímosch’os Reis

Canela de cabra,

Pedímosch’os Reis

Non nos deches nada.”

Porque había xente que non che daba nada, e tiña dereito!

Ar.: E ti tamén tiñas dereito a queixarte tamén.

Si, a nos non nos gustaba pero!

C.: E no entroido tamén facían algo?

No entroido, claro. E despois, non macorda se era o día de... porque despois había a cuaresma.

C.: que ahí que pasaba, que non había festa.

Claro. Pero non sei cantas semanas son...

C.: Entón aproveitaban.

Despois do entroido festas e despois de pasado o entroido, de ahí pa diante xa non había.

C.: Ata o verán?

Non, ata despois, ata o inverno que ven. No vrao había festas aquí por fora.

C.: E no verán, que era cando máis se traballaba no campo, por fora, tamén se cantaba?

Si, pero eso non importa.

C.: Non era con pandeireta pero tamén cantaban non?

Si, pero as festas non se podían deixar. Ao empezare... había que seguir. Porque tamén había que seguir, cada unha que lle tocara.

Aquí neste pueblo sempre se respetou as leis que tiñamos, poñíamolas nos.

Ar.: Que era que? Que cada unha facía a festa no seu lugar?

No, mañá, ou pro próximo jueves, ou viernes creo que se facían, ao próximo viernes xa sabía a que seguía para lle tocar... decíamos “por a casa pra festa”. E despois como algunha xente non tiña casa para festa, por eso ordenamos de facer aquilo, fíxoo o pueblo! Fíxéronse moitas cousas por un donante...

Ar.: Como se decidía quen poñía a casa? Había un orden?

Si, si. Tamén había unha cousa... antes según de ibas casando tíñala festa do pueblo. Eu caseime un ano antes ca fulano, teño que tela festa antes ca fulano.

Ar.: e ahí xa quedaba pa sempre?

Si, meus sogros casáronse eles máis outros señores, pero a mamá casouse sola, a máis meu pai, os dous. Pero había xente que se casaban dúas, porque antes había que ire a casarse a Couso, en Baíste non casaban e en Liñares menos. Eu caseime en Liñares, na capilla, e outros tamén, pero antigüamente casábanse alá.

Ar.: E polos mayos non facíades nada?

Non, non.

C.: E había cancións para as bodas?

Eu esas bodas que facían de xente mayor... porque despois había q'ir... os que iban de luna de miel e senon quedaban aquí. O casamento sería como as dúas ou as tres en Couso, e despois víñase camiñando. E despois había unhas ghalletas, unhas copas, un algo... na casa dos novios, da novia más ben. E eu acórdome que se casaron unhas miñas primas que eran sete irmás, e eu son de canda a máis nova. Acórdome que casaran algunha delas, despois iban de luna de miel, que había unha línea de autobús, de Rivadabia-Orense, e iban no coche de línea de luna de miel.

Al.: E cantaban algo nas bodas? Coas pandeiretas?

Cantábamos, pero pandereta non, eran máis cantares.

Ar.: Pero especiais para as bodas?

No, cantares...non eran especiais.

(...)

Ar.: E o Santo Domingo? Fuche moito?

O víspera do Santo Domingo.

Ar.: E iban os de Liñares e tocaban os de Liñares, iba xente de...

Oh! E xuntabámonos todos, que romería tan famosa! Famosa e bonita.

Ar.: Alí bailaba todo o mundo.

Si, si. E os de Xirazga tamén son festeiros. Os doutros pueblos secadra non pero os de Xirazga...

C.: Pero esas festas así grandes nos pueblos foi despois de que volverades? De antes non se salía de Liñares, faciades a festa aquí...

Non, claro... foi dalgún ano que viñeramos, e estabamos aquí, e o cura que temos era moito de nos xuntar e de facere... nos, gravou, veu Castro Floxo aquí. E gravamos e fíxonos dous libros, e regalounolo, Castro Floxo. E eu creo que tamén foi a Xirzaga porque tamén están as cancións dos de Xirazga.

Ar.: E non faciades concursos de baile?

No, aquí bailábase moi ben.

Ar.: Pero había quen bailaba mellor, quen bailaba mellor aquí?

Non os coñeces, xa morreron. O home de Aurentina bailaba moi ben tamén, o meu home tamén baila ben, bailaba! Aghora xa non baila pero inda está aquí.

Aquí había xente que bailaba moi ben, moi ben... Nos foramos tres, ou catro veces... ou non sei se serían cinco ao luar.

Ar.: Entón cando iades as festas non había un pouco de rivalidá?

No, o pueblo de Liñares non é nada envidioso, levamos o que temos e conformámonos todo. Somos un... eramos, agora cada quen, anda por onde pode...

ENTREVISTA A ORESTINA JUSTO. 20/01/2022 - LIÑARES

(conversando sobre a constución da casa onde reside)

Ahí abaixo estaban las piedras, que había canteros.

C.: Logo había canteiros aquí en Liñares?

Si, había aquí. No unos canteros así especialistas, pero cortaban las piedras... echaban cartuchos, dinamita, para hacerle un hueco para que fueran explotando algo, y luego ellos las cortaban. Porque había canteras ahí.

Porque claro, daquela o que había, ni había camión nin había anada... íbamos con las vacas, el pueblo, ayudábamos a uno, ayudábamos a otro...

Ar.: Entre todos.

Si, si. El pueblo todo ayudaba, decía, eu tamén vou coa miña xogada..

(...)

Ar.: Ti casache en Liñares?

Si.

Ar.: E que se facía antes nas bodas? Facíase festa?

Si, cas pandeiretas, pandeireta e lata.

Ar.: Pero non se facía nada especial? Cantábase o de sempre?

Si, si. Todo o mundo cantaba o que sabía, o que se sabía, e despois cunhas copitas, unhas galletas...

(...)

Antes también cantabamos mejor, éramos jóvenes, ahora... va uno mayor. Pero estando todas, as que están fora e todo, aínda algo...

Ar.: Ti eras máis de cantar ou de bailar?

Eu era de todo, como estaba aquí, a min gustábame todo, cantar, bailar e tocare. A pandereta, a lata... era muy difícil. Tocábaa ahí unha señora que sabía tocala ben, a Leonía. Aquela tocábaa como quería, e sin traballo, que bárbara!

Eran bastantes hermanas... y dos hombres, y todas cantaban, la mamá de Carmen también, María, también tocaba algo, pero no como la señora Leonía. Y María, la otra hermana Julia, pero no como la señora Leonía.

Y tiene un nieto, varios, pero uno que tocábaa coma ela. Un nieto que tocaba la lata como ella, ahora... está en Méjico, hace tiempo que no viene. Pero era una marabilla, aprendeu dela.

(...)

Ar.: Quen era o que mellor bailaba? Ou a que melor bailaba?

Bailaban ben... bailare...Erundita bailaba moi ben, moi ben... morena e delghadita... era una marabilla, parecía que lo hacía sin trabajo, de las mujeres era la que mejor bailaba.

Y de hombres índa había, era Ricardo, el marido de Irene; estaba Vázquez, en paz descanse, y Pepe... unos cuantos. Y el marido de la señora Leonía.

Fuimos una vez a Cerdeira a tocar e a bailare, y nos llevaron...

(...)

Antes toda la gente estaba por aquí arriba, las casas de abajo, de la carretra, esas se hicieron después. Pero antes todo el mundo estaba por aquí.

(...)

Aghora xa veñen as outras tamén...

Ar.: e nos tamén viremos.

Pois si, esperemos que veñades. Algún día facemos ahí unha pandeirada, ahora ao noso xeito pero... ao que sabemos.

Ar.: E despois teremos que vir para a festa tamén.

Pois ojalá que se puidera facer a festa tamén, porque esta festa era muy bonita. Todo... porque o 15 de agosto hai muita xente e todo pero... esta é como unha romería. Esta festa estaba muy bonita.. a ver...

(...)

Ar.: E aquí fíxose baile? Non poñíades a casa para o baile?

Antes si, cando eramos novas, si. Puñámola!

Ar.: E a ti tocaríache tamén?

Claro, eu tamén nesta casa. E inda vivían mis padres, pero tuvémola aquí. Antes si, se poñía cada unha casa. Y quien no la tenía prestábaselle. Había casas por ahí que tenían un salón bueno, e decían: téndea aquí.

ENTREVISTA A SIRA PAZ GUERRA. 20/01/2022 - LIÑARES

Teño algunhas cousas que preguntarche. Primeiro quería saber, a parte do que se cantaba na pandeirada, tamén se cantaban outras cousas, por exemplo cando se ía traballar ao campo cantábase.

Si, cando íbamos... traballar as veighas, ao millor xuntabámonos, xuntábanse nun sitio todas, e traballábase todo o día, había moita mocidá... unha viña daquela veigha, outra doutra... e xuntábanse aquí nun sitio a cantar. Pero cantaban as cancións que se cantan coa pandereta.

Solo que sen pandereta porque non se tiñan.

Claro. E a parte deso, hai cancións como coplas, que se cantan sin tocare, que non lle can á pandereta nin a lata.

E esas cales son? Ou cando se cantaban?

A veces pola carretera, a mocidá d'antes. Había festas de pandereta hasta a semana santa.

Ata a coresma, non?

Ahá. Pero ao chegar a coresma non deixaban. Enton que facíamos? Pois pola carretera, e dun cabo do pueblo ao outro e cantando. Entón cantábase eso que che digo eu, por exemplo... "Ahí vienen los seghadores..." esa creo que non cae ca pandereta.

Esa fala da sega?

Si. "en busca de sus amores, después de regar y segar la hierba". Eso xa non caía coa pandereta. E coplas... (...) Pero había moitas cantigas, non cantigas, cantares! Que cantaban que non se contaban coa pandereta porque non iban coa pandereta. E non me acordan agora, tantos que hai...

E cantábanse polo camiño...?

Si, pola carretra ou que nos xuntabamos o día do maghosto por exemplo. Porque daquela había moita mocidá, mozos e mozas, había moito. E había unha unión aquí neste pueblo, sempre houbo moita unión. Había unha unión que cantabamos as mozas, e os mozos axudaban, cantaban... este pueblo sempre foi moi adevertido.

Cres que agora macorda...? Pero hame de acordare, e despois apúntochas e o día que veñades...

Gustáballe moito a Sara unha copla, porque dicía de Isabel Fernández, e súa nai era Isabel Fernández...

E despois tamén había desas cancións que contaban historias, romances e así? Que aínda nos cantastes algunha alí arriba.

Si, as coplas.

Entón as que contan historias son as coplas?

Exactamente, que esas xa non van coa pandereta.

Eran máis para entreterse?

Exactamente, cantar cantares sen tocare. Pero agora mesmo non... pero había moitas. A de Helena caía no vals, a dos namorados que se querían tamén no vals... Merceditas tenía un novio, esa non era coa pandereta, esa xa era cantada fóra da lata. “Merceditas tenía un novio, Manolito se llamaba”, esa se queres apúntochas.

Cando te acordas!

E non sei a dos seghadores...esa creo que aínda caía coa jota, creo que sí.

Podíase cantar tamén logo.

Creo que sí. E había un montón de que se cantan sin pandereta.

E eses tamén se botaban nas festas ou solo... cando se facían festa as de bailar?

De todo. Un montón de cancións e de modos de cantare, bueno, bueno. Por exemplo pa jota eu que sei as que hai, tocando a jota, tocando a pandereta e a lata, as que hai... Non sei se a oíches enriba: “dicen que no voy, si no voy que no vaya”. Que acórdome que estabamos tocando enriba e dixo Anghelita: Unha vez cantastes unha muíñeira, que que bonita era! Falaba dunha fonte. –E que será logo? E eu como teño tanta memoria: Ai si! Dicen que no voy...

Pero hai moitas, moitas que se cantaban na jota, na muiñeira, o vals... que lle can, moitas. Non é solo o ailelele, hai muchísimas. Logho outras que non lle caían á jota, e cantábanse.

Pero aghora claro... aghora non m'acordan, que ao millor mañá.

E despois por exemplo había cancións que se cantaban aos nenos, cancións de cuna...? Había algo?

Había unha... (...) “Este nene lindo, se quiere dormir, el picaro sueño, no quiere venir”. “Duérmete mi niño, duérmete ya, duérmete en la cuna, Dios te cuidará”. E máis...

E despois, noutros sitios antes de facela festa facían unha chamada á festa e cantaban. Dicían que subían ao altos dos montes para cantar e avisar de que había festa.

No, aquí nunca se fixo.

Aquí xa se sabía que había festa, non facía falta avisar.

No, aquí sábado, domingos e festivos. E logo cando viña a coresma, antes de que viñera a coresma o lunes, o martes, o miércoles, o xueves, o viernes, o sábado, e o sábado había á tarde a á noite, e o domingo había á tarde e á noite.

Había que aproveitar.

Aproveitar. Sí, pero no, no... aquí xa se sabía, dun ano para outro.

Pero agora non...

Agora no verán aínda fixemos unhas pequenas festas...

Agora o COVID vaise ire, está no último... e despois ao que se vaia o COVID xa se vai máis para riba, xa se pode xuntar máis xente... é outra cousa.

(...)

Tamén che quería preguntar... porque tédesnos dito que cando se bailaba jota ou muiñeira, o que baila ten que estar pendiente das que cantan e tocan? Para saber cando sacan o punto...? Como é?

No, no. As que tocaban, tocaban por exemplo tres, antigüamente, a lata no medio e dúas pandereta ao lado. Elas tocaban e cantaban a cántiga que lle viña ben, o que sacaba diante, o que iba diante dos mozos, sacaba o punto que quería non tiña que esperar nin facer caso do que tocaban.

E non tiñan que esperar por exemplo a que empezaran a cantar para sacar o punto?

No, no, tiñan que esperar a cantar para salir ao ruado. Ao millor estabamos os mozos nun lado, as mozas estabamos noutro, nesas casas... Que entonces era nas casas, entonces cando empezaban a tocar e xa saían os mozos e ahí non te chamaban, ahí saías ti ao que che cadrara, como saíamos todas... o que che cadraba, o que che tocara e xa estaba... Aghora cando era, por exemplo, que había festa enriba no Outeiriño, que era de ghaiteiros ou de música, ahí xa te chamaban, xa ti estabas, estabamos todas nun coro e xa viña o mozo e chamábate, ou chamaba a outra, así... Pero nas festas estas non, saías ti, con quen che parecía ou como cadraba.

A min acórdame que, despois, por exemplo cando era o vals, os que iban bailar ao millor, foran catro, cinco mozos e cinco mozas, despois os que non iban bailare podían ir chamala moza, outra que quedaba sen bailare. Íbaa chamare e seguían bailando o vals, eso sí o facían. Pero cando empezaba pandeirada, os mozos saían na roda e non tiñan que esperar nada, nin quenes cantaban, nada...

A min acórdame cunha vez, veume chamar o mozo a beilar, e botáranme unha cántiga: “Baila bien el bailador, y también la bailadora”, pero era o vals “Baila bien el bailador, y también la bailadora, si la vista no me engaña, baila el novio con la novia”. Porque ese mozo quería casar comigo e coma nestes pueblos sábese todo, non como nas capitales... e claro, non foi, non se casou.

E facíase moito eso de que as que cantaban botaran cántigas meténdose coa xente que bailaba?

Si. Coma esa xa é unha, pero despois “O demo cando era demo, daba voltas ao revés, rabea demo rabea, que pra eso demo es”. Eso por exemplo, o mozo que iba beilar, en vez de dar a volta así, daba a volta así.

E “Moito baila, moito baila, ese da chaqueta longa, inda beilaba mellor, se a tuvera redonda”. Bueno sí, esas acórdome que lles botaban esas cántighas ao que bailaban, porque facía ao rovés ou porque... por calquera cousa que non fora cos outros.

E despois bailaban moitas parexas xuntas? Cando se pon a xente a bailar a jota e a muiñeira, cando están na roda?

Ui! Por exemplo seis, máis ben, seis mozos e seis mozas, porque a festa iba a rolda, tocábame a min e puña a casa, tocáballe a outra e tiña que pola casa. A que non tiña casa, que non lle valía casa, iba buscala emprestada. Entonces xa se procuraba que o local era ghrande.

Non eran como esta cociña, nin a sala... xa eran salas ghrandes, porque antes era o que había... antes non había baños, tíñala cociña de lareira, nin destas, tíñala cociña de lareira, como esta ou máis pequena, e despois unha habitación ou dúas, pero non había baño, nin.. pero a sala ghrande, por si morría alguén, tíñase na casa... ou que lle tocaba a festa, pois tiña moita xente comendo. Bueno, normalmente o salón era ghrande, entón claro a mocidá daquela, aquí había moita, moita! Entón si, había moita xente, mozas, máis vellas, mozas máis novas, mozos igual... moita, moita, había moita xente.

E tíñámola, hoxe tócame a min, mañá tócalle a aquela e o domingo tócalle a aquela, era tódolos domingos. Pero despois cando viña a coresma, uh! Toda a semana. Á tarde e á noite, había que aproveitar.

Despois había o San Benito.

E cando era?

O 21 de marzo.

E ahí xa había festa?

Había festa, a min acórdame.

Festa de pandeirada?

No, no. Viña o ghaiteiriño, viña o ghaiteiro como agora por exemplo vos. E xa nos viña o ghaiteiro, e aquilo tiñan que sacar un permiso porque aínda era na coresma, e aquilo sabía a gloria. Na coresma e aquel... xa era cara o final pero...

(...)

Cando se acababa a coresma había festa en Córcores, ese lugar que hai ahí, e cando xa había esa Pascua, que lle decíamos a Pascua a esa festa, ahí xa se acabara... o domingo, o sábado e o domingo inda coresma, e despois no luns era luns de Pascua, e xa se...

E a partir de ahí volvía haber festa.

Aquí no pueblo si, todo o ano.

E facíase igual San Juan ou outra festa? Os maios...

No, nunca se fixeron aquí. Cando era polo Carnaval que había esas Corridas que lle decíamos aquí, as Corridas dos cabalos.

E que se facía cos cabalos?

Os cabalos moi adornados. Acórdame que meu pai foi unha vez nesa... e buscou, colleu un daquí de Muradás ou por ahí era, que tiña un cabalo bonito, ggrande, bonito, moi bonito, pero estaba sen capare. Entón meu pai pediullo a este señor se lle deixaba o cabalo para ir a Corrida. Decoraban os cabalos cunhas coronas de flores, cintas, cintas de tódolos cores, e os homes levaban unhas banderas por aquí de España. Era muy bonito.

E facían algo? Cantaban, había baile...?

Non, a xente todo arredor ahí no Outeiriño, no campo da festa, aínda non tiña cemento a plaza. Entonces, pero había se cadra sete ou oito homes cos cabalos e iban ensaiare alá indo pa Amiudal, nunha carballeira que hai unhas curvas, alá indo pa Amiudal. E iban ensaiar alí para que ninguén soubera nada, non se sabía nada.

E que ensaiaban?

Pois os homes que iban co cabalo, os que decían o verso.

Cantaban ou que facían?

Cunha espada, e a cabalo do cabalo, e o cabalo todo adornado... e eles coas cintas por aquí... e decían como por exemplo a unha que era de Taboazas, e esto díxoo meu pai. Este... “Un día pola mañá...” pero dicíancho cunha ghracia: “Un día pola mañá, por certo que iba bo frío, inviteina a comer papas, deixoume o pote vacío”. Pero dicíancho cunha ghracia, así alto, e a xente toda...

E meu pai era ferreiro, e estas dúas, eran dúas irmáns que eran daquí de Taboazas, un puebliño. Baíste un, Rubillón outro, Taboazas outro, Penedo outro, bueno, así. Eran de Taboazas, entonces viñan ferrar o cabalo onda meu pai, meu pai era ferreiro. Entonces eu máis miña irmá, inda meu pai non se casara da segunda vez, e estabamos as dúas. Entonces meu pai como sempre tiña aprendices aquí do lughar, daquí do lughar polo menos aprenderon tres ou catro con il. Este, ferrábanlle o cabalo, pero o aprendiz agharraballe na pata pero meu pai era o que limpaba o casco e... Entonces mandaba ir pa riba a que viña co cabalo que era de Taboazas, dille: Mira sube pa riba. Nos eramos rapazas. Este: Sube pa riba que teñen o lume encendido, vaite quentar. Entonces un día subeu e díxonos ela, eu e máis miaá irmá, miña irmá é, era, catro anos máis vella ca min, pero eramos rapazas, rapazas, eu que tería? Cinco ou seis anos. Entonces dixo: E non teredes por ahí un pouquiño de leite? E díxolle miña irmá: non, non temos leite, que nos non temos vacas. –E logho vosas tías non vos dan un pouco de leite. –Dánnolo canto ten, pero aghora non ten, e non temos leite. E despois cando se foi co cabalo ferrado miña irmá contoullo a meu pai, dixo: A de Taboazas díxonos se tiñamos leite e que... E meu pai que era, bueno, era meu pai e dirás ti, e por que seu pai? Pero era un home respetado, un home correcto pero recio, e dixo el: Se mo dixeras cando estaba aquí, botábaa do balcón para baixo, mandoa para aquí para que se quentara e pídevos leite.

Daquelas papas, papas e leite pedíase a calquera. Entonces tamén lla levaron “Un día pola mañá, por certo que iba bo frío, inviteina a comer papas, deixoume o pote vacío”. Pero bueno, eso porque me acorda a min, meu pai como era ferreiro e miña tía, onde me eu criei, máis coa abuela. Este, era muy curiosa, e máis alá unha veciña, a veciña tiña a ghamalleira.

Que é?

A ghamalleira onde se colgaba o pote, dobraba aquilo e pousabas alí o pote. Pero a veciña parece que a ghamalleira tiña pouco dobrado, porque tería medo que secadra inda lle caera o pote, porque tiña pouco dobrado. Entonces miña tía, que era irmá de meu pai, e díxolle ela: Sabes que imos facere? Imos poñer unha boa cantidade de leña e imos baixar a ghamalleira ata que se poña rubia, e despois cun martillo e mesmo no chao, petámoslle ata estar máis dobrado. E claro, como era a irmá de meu pai e meu pai era ferreiro, leváronllas.

Bueno, este que che digo eu do cabalo, era alto, bonito, unha cola... Pero o cabalo era inteiro, non estaba capado. Entonces cando chegaron alá no curceiro, que sabes que temos o cruceiro alá arriba, pois alí xuntábanse todos, tódolos homes antes de entrar no campo da festa, xuntábanse todos alí. O cabalo ese ao velos outros cabalos e el ao ser inteiro... buuuf! Meu pai non foi capaz de sujetalo, e dixo: Ídeme á corte de Vázquez, que xa morreu el e a muller, pero era aquí na entrada.

E os que viñan vela Corrida, o que traía o cabalo metíao naquela corte, entonces díxolle meu pai: Váiteme a corte de Manuel Vázquez, e traeme o cabalo, o que topes así teña dúas cuartas, trame o que topes. Porque escollerao tan bonito e tan bo, e saíulle...

Uui! Aquello era bonitísimo.

Pero iso hai moitos anos que non se fai? Porque aínda non escoitáramos nada deso?

Pois acordar acórdanse todas. Eu inda macordo dalghúns versos, pero claro, moitos anos.

E deixouse de facer cando era pequena? Ou era moza e aínda se facía?

No, no, eu xa estaba casada e inda fomos a Amiudal, que é ahí pola carretra, inda fomos a Amiudal ver unha Corrida destas.

Tamén se facía noutros sitios?

Facía, aquí en Magros ahí non facían Corrida de cabalos coma aquí, ahí facían, dicíanlle un Entremés. Ahí falaban eles e acórdame dun, que tería eu 19 ou 20 anos, este, decíalle: “Te veo venir de lejos”, pero claro esto viña xa de antes. “Te veo venir de lejos, ya comprendo la manada, tu lo que quieres decirme, es que estás enamorada”.

Pero claro, esto quedoume na cabeza pero xa viña de todo o rolo, un facía de pai... e cantáballe coma se fora a unha filla del, bueno, bueno... Pero ese era Entremés pero tamén era moi divertido, porque decían: “deixou as braghas colgadas no salgheiro...”. Metíanse moito coa xente.

Pero esto dos cabalos éache moi bonito. Os cabalos con todo o fronte adornado, e por arriba uns caraveles, unhas cintas... era precioso.

Con cintas e con flores se adornaban?

Si, cintas de varios colores. E os homes cas cintas por aquí, unhas cintas anchas, tres ou catro, levábanos por aquí.

E despois iban de branco, ou de negro, ou do que lle cadrara?

No, do que lle cadrara, cada un co traxe que tiña levábano. E un que tamenhe inda era mozo, e non sei que verso lle botou meu pai e díxolle el, contesotulle: “Pois non me chames rapaz, xa son un bo cachote, pola parte de meu pai, xa che herdei algo de dote”. Meu pai non sei que verso lle tocou, que tratouno de rapaz, e el era noviño, pero díxolle así: “Pois non me chames rapaz, xa son un bo cachote, pola parte de meu pai, xa che herdei algo de dote”.

E eso inventábano no momento?

Eso era onda Amiudal, o que ensaiaban. O que armaba todo era un de Amiudal que era, que a familia tíña aquí, e é da familia de Aurentina, de Elena, de todas esas... e tiña unha memoria, e tiña ghracia ou simpatía para eso. Eso inventábao el, decíanlle mira, meu díxolle: Miña irmá maila que é veciña, chamábase Dorinda, e baixaron a ghamalleira e fixeron esto e fixeron o outro, e como meu pai era ferreiro e a irmá fixeron eso de doblala a ghamalleira, pois claro, lováronllo. Por calquera cousa lovábano.

E logo o pai de Erundina, o pai de Preciosa, de Manuel Cerdeira... Ese home era moi divertido e sempre tiña chistes, entonces eses chistes collíanos para inventare, puuf! Entonces un día, este, lováronlle os versos de que el levaba o fío de cosere, co carrete, lovábao enghanchado, que non era, que secadra levouno deica alí a fora, pero non ata a taberna. Pois que cheghou con el á taberna e a muller na casa: pero que raio anda aquí?

Chamade polo home! E era o carrete dentro do queixón: trocola, trocola, trocola... que levaba o fío arrastro deica a taberna. Deica a taberna non cheghou pero...

Aquelo éache!

E despois diso facíase festa? Facían a Corrida..?

Non, non, nada. Eso era á tarde, polo Carnaval, era á tarde e nada, despois os bomes retiraban os cabalos para as súas casas e a xente víñase pra casa. Era toda a tarde! Entraban uns e saían outros, e iban dala volta ao cruceiro e volvían os mesmos, e outro rollo...

Eran todos de Liñares?

Todos, todos d'aquí. E este que era, chamábase Alfredo, tiña as irmás aquí en Liñares, vivía en Amiudal, e entonces xuntábanse ahí nesa carballeira, que non había tránsito como agora, nin coches, nin... e ahí era onde el lle ordenaba todo, decíalle: mira, por exemplo, mira estas mulleres pasou así, e pediulle leite ás miñas fillas, entonces el inventaba, pero inventábache ben inventado. Era precioso, e como claro aquela non había televisión, nin había radio, esto parecíanos...

O San Benito, que era o 21 de marzo, antes a xente eramos moi... eu moi católica nunca fun, pero a xente era moi... non era como agora, non había a libertá que hai agora. Porque non falasemos, porque non dixésemos...

Entonces o meu tío, irmau de meu pai, foi ela máis miña prima, a filla; foron cortar ahí un carballo a unha finca alá para riba. Entonces cortaron o carballo, pero o carballo en vez de caír pra o chau quedouse, quedouse quieto, quedou de pé, cortado pero quedou erguido. Entonces o meu tío... o carballo estaba cunha diferenca do muro, entonces meu tío foi por tras e quixo empurralo para baixo, pero o carballo foiselle e pillouno contra o muro.

Daquela non había coches, e había outro que xa tiña cartos, xa viñera de Méjico, e tiña unha furgoneta, entonces lovárono para Santiago na firgoneta, que iba máis morto ca vivo. Estuvo en Santiago moito tempo, e aquela cousa dos pueblos, como miña prima, que eramos da mesma edá, que ela ata que viñese seu pai de Santiago non podía ir á festa. E eu como era sobriña e por non deixar a miña prima tamén así sola... en total

que íbamos onda aquelas vellas, que decíamoslle as vellas do Coto, xente vella, pero íamos pa alí, sempre había un conto... mulleres.

Acórdome que tiña fora da casa unha horta grande con moitas pereiras, e tiña un muro para sentar alí. As vellas contaban o conto pero eu mais miña prima saímos pa finca, sentámonos no muro, o ghaiteiro tocando alí a poucos metros de nos, tiñamos nos boa gana... Ai Dios mío!

(...)

Este pueblo foi moi grnade, moi unido, moi festeiro. E había unha moza moito máis vella ca min, que eu era unha rapaza e ela xa era moza. Era ghuapa, era alta, bastante guapa de cara, tocaba moi ben, cantaba moi ben... o que tiña era que tiña algo de chepa.

(...)

En total que esta tiña un primo, primo carnal aquí no mesmo pueblo, era ghuapísimo, alto e ghuapo, Manuel Xusto... bueno! Era guapísimo! El tiña mozas ahí por Rubillón xa ricas e ghuapas, por todos eses pueblos. Pero ela encaprichouse no primo, e si, foron mozos. Pois ele deixábaa, ela tiña un loito coma se lle morrera alguén da familia, válgame Dios! E volvía outra vez cu ela. E acórdome que lle cantaba, pero cantáballe tanto indireto, cantoulle unha cántiga: “Manuel pola pasión, de Cristo cando naceu, dime que si ou que non, pola nai que te pareu”, porque el tíña... nin se desenleaba dela nin se casaba.

Logo despois viñeron dous irmaus de Méjico, un, o máis novo, quixo ser mozo de Julia, era tía de Angelita. En total que quixo ser mozo dela, pero ela non quería ninguién máis co primo. De ahí de Beariz, que xa che era un mozo máis... xa tiñan máis ca nos, xa eran o mellor medio estudiados, pero ela tiña... En total que tamén cantáballe, este chamábase Serafín buscou outra moza aquí no pueblo e casouse cu ela, entonces Julia cantáballe: “Non se me da que te laves, na auga que me eu lavei, non se me da que ti tomes, amores que eu olvidei”.

Ela bebía os aires por este.. e logo cantáballe: “Pasar el río no puedo, pasar el río no puedo, pásame Manuel del alma, en tu caballo lighero”. Ela estaba ceghuiña, ceghuiña por el.

E ao final casaron?

Casáronse, si.

(...)

E por eso che digo, que aquí era unha festa, neste pueblo moita xente, xente moi divertida. Este pueblo de Liñares sempre che foi moi grande, moi grande, si...

(...)

Pero xa che digo, había unhas festas de pandeirada, ai Dios mío! Tiñas que estar da mañá ata a noite.

Claro, e eso acabouse cando a xente marchou para fóra?

Non, non se acabou, que va! Seguíase facendo, que eramos menos? Menos!

E despois cando empezou a volver a xente, ahí si que outra vez...pero non era nas casas?

Si, si.

(...)

(conversando sobre á primeira viaxe de volta a Liñares, 15 anos despois de marchar á Costa Brava).

Eu seguín tocando pero xa non nas casas, nas casas xa non había.

Era alí arriba?

Si, na casa esa, ou se estaba bo tempo fóra no campo da festa.

E ahí xa non se respetaba o da coresme e eso?

Respetábase porque o cura era moi... Dios me libre! Decíanos, antes cando era eu rapaza, que non se podía facelo risco para facela ruleta.

(...)

Eso segheu, na casa esa e despois as veces viña o ghaiteiro.

Polo verán ou polo inverno?

Xa digamos na primavera.

Cando era festa...?

Cando era unha festa ou cando era se cadra un domingo algo especial, por exemplo... bueno, un domingo que era especial.

E de donde viña? De fora?

Si, aquí non era.

E pagábaselle ao gaitero?

Si, si, pagaba. Pero tocaba... despois inda eu estaba solteira, viñeronche uns serradores, serraban a madeira, eles cortábana por ahí abaixo polas carballeiras, e logo puñan como un caballeta, puñan un o pau naquel caballete e despois serrón, un darriba e un dabaixo, así serraban a madeira.

Eran tres, cantaban!

Mentras serraban?

Non, non, despois. E tiñan unha ghaita e canda había festas de noite nas casas, a min acórdame esta casiña aquí do lado, que eran días irmás e nunca se casaron tamén, tiveron a festa. Tiñan esas tres muchachos con esa ghaita que facían cantare, parecía que a facían falare, cantaban! E claro, cando cheghaban parabamos coa pandereta e eles coa ghaita.

E a eses pagábaselles?

Non, porque eles viñan porque querían.

Pero non eran de Liñares?

Non, eran desconocidos, Dios sabe donde eran. Pero eran tres muchachos que cantaban, e tocaban aquela ghaita, que dígoche que parece que falaba. E viñan, cheghaban a festa os tres, porque estaban por aquí, dábanlles patacas e dñabanlles chourizos e eles prendían o lume polo monte abaixo e asaban os chourizos e cocían as

patacas nun caldeiro. Daquela que non había... esta xentiña que andaba así non andaba ben atendida.

Ai esas festas! Aquí Liñares sempre foi...

E bailando a jota, cando estaban na roda, estíbese xa para bailar. Entonces que se bailaba, sacábase un punto primeiro?

Mira, saían os mozos primeiro e logo salíamolas mozas, as mesmas, seis ou sete... Eles pos aquí e nos por aquí, o que iba diante era o que sacaba o punto.

E cando sacaba o punto?

Cando quería el, empezabn a tocar, tan pronto saían na roda xa empezaba o primeiro que iba diante, xa decían que vaia diante este ou que vaia diante Julio, porque xa sabían que sabía bailar e que sabía puntos, outros secadra non sabían. Empezaban a tocara as panderetas e xa el empezaba co punto, empezaba co aquilo, daba unha volta e empezaba coutro.

E un que era para alí, e para aquí, e pra alí, e para alí...

E eso que era, un punto?

Era punto tamén, si. Eu que sei os puntos que había!

E por exemplo, que se facía cando tocaban coas panderetas e cas latas os saltos? Ahí que se facía no baile, algo especial?

Non, cada cántiga que se botaba, ao final os salto á lata pero que sea bailando seguía bailando, non había cambio nin... el sacaba o punto cando quería, e cinco minutos ou dez, ou cando quería cambeama e ala! O que iba diante, por eso as veces decían que vaia este... porque sabía, os outros secadra iban atrás facendo o que facía el, pero non sabían sacalo.

(preguntando por letras incompletas das transcricións)

“alteaia, alteaia,

menos do altar maior-e,

alteaia, alteaia

canto máis alto mellor-e”

E eso que significa?

Alteaia e cando iba moi apagada, que se cadra iba moi baixiño, entonces cantaban así. Alteaia, alteaia pero menos do altar maior, porque o altar maior xa...

(...)

“Baila e trepa no duro,

baila e trepa no duro,

anque rómpalo zapato

aínda queda o piso duro”.

E eso que quere decir?

Pois porque eso había mozos que.. buuf! E as casas non son como agora de... bueno a miña de dentro aínda é de madeira, pero antes eran todas. Non eran como agora, entonces claro habíaos que uu! Que pinchaban e sacaban o punto e... entonces botábanlles esa.

Para meterse con eles?

Claro!